Primaria

# 4º NIVEL

## Programación didáctica


***Rosa María Cajade Rodríguez***
***María del Carmen Casal Tato***
***María Tareixa Díaz Martínez***
***Remedios Pedrosa Fernández***
***David Ramos Castellanos***
*(Substituto de Shadia Adulkadir Rodríguez)*
***Pamela Reguera López***


- *4º Nivel de Primaria* -

# ÍNDICE


1 INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
2 OBXECTIVOS DE ETAPA
3 RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, ADEMAIS DAS COMPETENCIAS CLAVE
4 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
5 METODOLOXÍA
5.1 METODOLOXÍA XERAL
5.2 METODOLOXÍA ESPECÍFICA A SEGUIR NAS MODALIDADES NON PRESENCIAL e SEMIPRESENCIAL.
5.3 ORGANIZACIÓN DE AGRUPAMENTOS, TEMPOS E ESPAZOS
5.4 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
6 ELEMENTOS TRANSVERSAIS
7 AVALIACIÓN
7.1 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
7.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
7.3 DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL
7.4 O SISTEMA DE RÚBRICAS
7.5 PROCEDEMENTOS E INDICADORES PARA AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN
8 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
9 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR, AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC, AOS HÁBITOS SAUDABLES, A EDUCACIÓN EN VALORES, AO PLAN DE CONVIVENCIA E ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS.
10 ACTIVIDADES DE REFORZO/RECUPERACIÓN
11 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
12 MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA
13 TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

# 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación é deseñada para alumnos e alumnas de 4º nivel de Educación Primaria.

A situación sanitaria polo Covid segue marcando o noso proceso este curso 2021-2022.

Trátase de un grupo de 24 nen@s. Un grupo formado por alumnado con distintos ritmos e estilos de aprendizaxe. Este é o motivo polo que deseñamos unha programación aberta e flexible para que se adapte a cada un dos alumnos e alumnas e a súa situación, así como aos diferentes estilos de aprendizaxe condicionados pola situación sanitaria.

Dacordo ás ***Instrucións do 31 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Educación , Formación Profesional e Innovación Educativa,*** contemplamos os posibles escenarios en funcion da situacion sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial, onde se porá en marcha o funcionamento da aula virtual para poder traballar nestes posibles escenarios e facer un axeitado seguimento e avaliación do nosos alumnado. Realizaremos no mes de setembro unha avaliación diagnóstica inicial para realizar unha programación axeitada partindo da nova realidade que imos a atopar, ademais de revisar os informes individualizados feitos en xuño. Eu como titora teño a sorte de poder continuar co mesmo grupo , polo que o punto de partida é o desexable e envexable, coñezo a miña realidade dunha maneira moi directa e intensa.

Os/as alumnos/as aprenden a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que permita de forma inconsciente e natural a adquisición de contidos e competencias, e que encerran o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento non só como unha materia máis senón como o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable, promóvese a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara ás normas e os valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa de Educación Primaria.

Debemos conseguir que o alumnado adquira todas as competencias marcadas pola LOMLOE facendo especial fincapé nas Competencias Sociais e Cívicas e Aprender a Aprender. Por outra parte, incorporar tamén o conxunto de Elementos Transversais neste proceso de aprendizaxe para a convivencia. Tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos, o rexeitamento a calquera tipo de violencia, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física, a dieta equilibrada e toda aprendizaxe dirixida ao desenvolvemento dunha vida respectuosa, responsable e plena.

Nun mundo cada vez máis globalizado, o dominio no uso das novas tecnoloxías faise necesario, en todos os aspectos pero sobre todo no aspecto comunicativo e na procura de información.

O profesorado deberá crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe atendendo á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno/a e a procura do desenvolvemento do talento particular de cada un/ha deles/as ademáis de traballar as emocións dende o momento cero, tendo en conta a situación COVID que nos está tocando vivir. Tamén deberá preparar e organizar o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo, coordinar accións impulsando actitudes positivas cara ao idioma e a cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese d@ alumn@ cara ao novo e a creatividade, intervindo de forma activa e reflexiva, e tratando os errores como signos de progreso. Pola súa parte, o alumnado deberá participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo o centro e a razón de ser da educación.

Mencionar que toda a programación ideada para un curso escolar verase condicionada á normativa do **Plan de adaptación a situación COVID elaborado polo centro** e que marca toda unha serie de normas que temos que seguir mentres nos vexamos nesta situación de crise sanitaria pola pandemia, que segue sendo o mesmo do curso anterior.

## 1.1. AS COMPETENCIAS CLAVE INTEGRADAS

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán/na competente, que sexa consciente do que fai e o que di de forma creativa e autónoma.

Dende todas as áreas, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interatúan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, ten que ser capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Destaca o carácter combinado da aprendizaxe por competencias: @ alumn@, mediante o que sabe, debe demostrar que o sabe aplicar, pero ademais que sabe ser e estar. Desta forma vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral d@ alumn@. Polo tanto, a institución escolar non so prepara aos/ás nenos/as no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán/dá, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto aos/ás demais, responsabilidade e cooperación.

## 1.2. CONTEXTUALIZACIÓN

Esta escola está situada en Arzúa, A Coruña. O colexio está equipado con 13 aulas, das cales 5 son de Infantil e as restantes de Educación Primaria. Conta con servizo de comedor e transporte.

Este centro educativo conta tamén cunha Biblioteca, unha aula de PT, dúas aulas de AL, dúas aulas de inglés, unha de música, unha de relixión católica, unha aula de informática con 11 ordenadores conectados a Internet, un ximnasio, dous patios, unha sala de mestres…

As súas **instalacións** están compostas por varios edificios nos que se sitúan as aulas, a sala de mestres, a Biblioteca, a aula de audiovisuais, a secretaría e dirección, un ximnasio, o comedor, a aula de informática... pistas deportivas e unha zona de xogos para Educación Infantil.

En canto ao profesorado se refire, ademais dos/as titores/as, contamos con especialistas de **Inglés, Francés, Música, Relixión e de Educación física**. Asimesmo, para a atención ao Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo contamos co persoal especializado: unha **orientadora**, unha **especialista en Audición e Linguaxe,** unha **especialista en Pedagoxía Terapéutica e unha con perfil de pedagoxía Terapéutica e audición e Linguaxe,** compartida co CPI Armando Cotarelo Valledor de Boimorto .

A principal actividade económica das **familias** está vencellada ao sector primario e ao terciario, atopándose nun nivel sociocultural medio. É de destacable relevancia o papel das mesmas, xa que participan de xeito activo nas actividades que se realizan no centro.

A lingua vehicular do centro será o galego, xa que esta é a lingua materna da maioría dos nenos e nenas e das súas familias. Vai en aumento o número de alumnado que emprega o castelán como língua preferente. O reparto de horas en Castelán e Galego farase seguindo a porcentaxe marcada no Proxecto Lingüístico do centro.

## PRINCIPIOS XERAIS

A **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

A **Lei organica 3/2020**, do 3 de maio, modificou a Lei organica 2/2006, do 3 de maio, de educacion, coa finalidade de desenvolver medidas encamiñadas cara a un sistema educativo de calidade que garanta a equidade, a igualdade de oportunidades, a atencion a diversidade e que posibilite que cada alumno e cada alumna desenvolva ao maximo as súas potencialidades

O **currículo** na Comunidade Autonoma de Galicia para as diferentes etapas educativas esta establecido no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educacion infantil na Comunidade Autonoma de Galicia, o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educacion primaria na Comunidade Autonoma de Galicia e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educacion secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autonoma de Galicia.

O **artigo 16** do **Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que seestablece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, defínese **NEAE** como: “alumnos/as que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais; por dificultades específicas de aprendizaxe, Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais; por incorporarse tarde ao sistema educativo; por condicións persoais ou de historia escolar”.

A **Orde** do 6 de Outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo, establecéndose as seguintes: **Reforzo Educativo ou Adaptación Curricular Individualizada (A.C.I.)**, nos casos que fosen necesarios.

A **Orde** do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a **avaliación e a promoción do alumnado** que cursa educación primaria na Comunidade autónoma de Galicia.

Segundo o **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a **atención á diversidade** do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, como docentes debemos ser capaces de identificar con moita brevidade estes casos.

Na **Resolución** do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educacion e Formacion Profesional pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación Infantil , educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelatono curso académico 2021/22.

Na **Resolución** de 10 de septiembre de 2021 por la que se dictan instrucciones para la adopción de medidas organizativas en los centros educativos a consecuencia de la pandemia de la COVID-19

O **Plan de Adaptacion á situación COVID 19** nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022, establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2021/2022, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no maximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

O **Plan de continxencia** elaborado para o curso 2021/22.

Teremos en conta as **propostas de mellora** mencionadas na **Memoria final do curso pasado**, un dos obxectivos a acadar en colaboración co equipo directivo do centro:

*“Neste curso volveuse a pór de manifesto a urxencia na mellora dos recursos TICS (ordenadores, tablets e wifi) neste nivel para poder traballar dunha maneira efectiva tanto a nivel alumnado como profesorado. Seguiremos traballando e mellorando na liña de traballo levada ata agora, innovación, motivación, traballo colaborativo e cooperativo; fomentando valores (respecto, responsabilidade, empatía…) e habilidades sociais para obter unha convivencia de éxito; ampliando o emprego do galego a moitos ámbitos da nosa vida; fomentando o hábito da lectura como instrumento de coñecemento, desfrute e relaxación e, ademais, seguir traballando e mellorando na comunicación e participación familia-escola”.*

## 2. OBXECTIVOS DA ETAPA

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade.
e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e, se a houber, a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.
f ) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.
i ) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
l ) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos de comportamento que favorezan o seu coidado.
ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

## 3. RELACIÓN DOS OBXECTIVOS DE AREA, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, ADEMAIS DAS COMPETENCIAS CLAVE

Os ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES dos correspondentes ao 4º nivel:

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR | | | | |
| ▪ a<br>▪ e | ▪ B1.1. Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e elaboración dun resumo. | ▪ B1.1. Comprender o sentido global de textos orais informativos dos medios de comunicación audiovisuais emitidos con claridade, de xeito directo e estilo sinxelo. | ▪ LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto xornalístico oral informativo dos medios de comunicación audiovisual, emitido de xeito claro, directo e sinxelo. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.1.2. Elabora un breve resumo dun texto oral. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B1.2. Uso guiado de documentos audiovisuais para obter e relacionar informacións relevantes para aprender. | ▪ B1.2. Utilizar de xeito guiado documentos audiovisuais valorándoos como instrumento de aprendizaxe. | ▪ LGB1.2.1. Accede de xeito guiado a documentos, audiovisuais e dixitais para obter a información necesaria para realizar traballos ou completar información. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.3. Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase ou debates). | ▪ B1.3. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico. | ▪ LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSEIEE |
| | | | ▪ LGB1.3.2. Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias, utilizando o dicionario se é preciso. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo, así como nos debates. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e | ▪ B1.4. Actitude de escoita adecuada e respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas. | ▪ B1.4. Manter unha actitude de escoita activa, deixando falar os demais, sen anticiparse ao que van dicir e respectando as súas opinións. | ▪ LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos adecuados). | ▪ B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. | ▪ LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ LGB1.5.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB1.5.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación e volume. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB1.5.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.6. Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e uso de nexos básicos. | ▪ B1.6. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, usando nexos básicos adecuados e presentando estratexias elementais para facer comprender a mensaxe. | ▪ LGB1.6.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, na secuencia de ideas ou feitos utilizando un vocabulario adecuado á súa idade. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.6.2. Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.6.3. Amosa un discurso oral claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B1.7. Produción de textos orais propios dos medios de comunicación social mediante simulación para ofrecer e compartir información e opinión. | ▪ B1.7. Elaborar textos sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación. | ▪ LGB1.7.1. Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B1.8. Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais. | ▪ B1.8. Reforzar a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais, coa utilización de elementos propios da linguaxe xestual. | ▪ LGB1.8.1. Utiliza a expresividade corporal para reforzar o sentido das súas producións orais. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.9. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida. | ▪ B1.9. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo. | ▪ LGB1.9.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ e | ▪ B1.10. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas. | ▪ B1.10. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas. | ▪ LGB1.10.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.11. Uso, dunha forma xeral, dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. | ▪ B1.11. Usar, dunha forma xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. | ▪ LGB1.11.1. Usa, dunha forma xeral, unha linguaxe non sexista. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.11.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.12. Recoñecemento das variedades lingüísticas de carácter xeográfico en textos orais, sinalando as diferenzas fonéticas e morfolóxicas e léxicas máis evidentes. | ▪ B1.12. Identificar variedades lingüísticas de carácter xeográfico en textos orais, sinalando as diferenzas fonéticas, morfolóxicas e léxicas máis evidentes. | ▪ LGB1.12.1. Identifica diferenzas fonéticas e morfolóxicas moi evidentes en textos orais caracterizados pola súa orixe xeográfica. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB1.12.2. Valora por igual as distintas variedades xeográficas da lingua galega e o estándar como variante unificadora. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.13. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais e públicos (sanidade, educación, medios de comunicación, comercios...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | ▪ B1.13. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral. | ▪ LGB1.13.1. Identifica o uso oral da lingua galega con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación, todo tipo de comercios. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB1.13.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER | | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ l<br>▪ j<br>▪ o | ▪ B2.1. Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte e regras de xogos.<br>▪ B2.2. Comprensión de información xeral en textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas web infantís) con especial incidencia na | ▪ B2.1. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (web infantís, libros, carteis). | ▪ LGB2.1.1. Comprende a información relevante en textos propios de situacións cotiás e dos medios de comunicación social nos que esta se amose de forma evidente. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade. | ▪ CCL |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas.<br>▪ B2.3. Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos descricións, instrucións e explicacións). | | ▪ LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LGB2.1.4. Interpreta, personificacións, hipérboles e ironías evidentes, en textos de dificultade adecuada á súa idade. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LGB2.1.5. Identifica a estrutura xeral dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión (repeticións, sinónimos, anáforas pronominais sinxelas). | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.1.6. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LGB2.1.7. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B2.4. Interpretación de esquemas, gráficos e ilustracións relacionadas co contido principal do texto que acompañan. | ▪ B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións en textos. | ▪ LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que acompañan. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCT |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B2.5. Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto sinxelo. | ▪ B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e esquematizar e resumir o seu contido. | ▪ LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B2.6. Introdución ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...). | ▪ B2.4. Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura. | ▪ LGB2.4.1. Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión, cando é preciso. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e das bibliotecas para obter informacións relevantes para realizar as súas tarefas. | ▪ B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para obter información necesaria para a realización das súas tarefas. | ▪ LGB2.5.1. Utiliza, de forma guiada, as tecnoloxías da información para obter información. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB2.5.2. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B2.8. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de textos en galego adaptados aos seus intereses.<br>▪ B2.9. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios. | ▪ B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos en galego adaptados aos seus intereses. | ▪ LGB2.6.1. Descodifica sen dificultade as palabras. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB2.6.2. Le textos en voz alta, sen dificultade e coa velocidade adecuada. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.6.3. Le textos, adaptados á súa idade e aos seus intereses, en silencio e sen dificultade. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.6.4. Fai lecturas dramatizadas de textos. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B2.10. Coñecemento do funcionamento da biblioteca da aula e do centro, así como as virtuais e participación en actividades literarias. | ▪ B2.7. Coñecer o funcionamento da bibliotecas de aula, centro, así como as virtuais, colaborando no seu coidado e mellora, e participar en actividades literarias. | ▪ LGB2.7.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB2.7.2. Identifica o funcionamento da biblioteca de aula, de centro, así como as virtuais e colabora no seu coidado e mellora. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB2.7.3. Participa en actividades literarias do centro. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B2.11. Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal. | ▪ B2.8. Ter interese por ter unha biblioteca propia. | ▪ LGB2.8.1. Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B2.12. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias. | ▪ B2.9. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. | ▪ LGB2.9.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B2.13. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais. | ▪ B2.10. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. | ▪ LGB2.10.1. Amosa certa autonomía lectora e capacidade de seleccionar textos do seu interese. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.10.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B3.1. Uso, de maneira xeral, das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor. | ▪ B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. | ▪ LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación). | ▪ CCL |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB3.1.5. Escribe textos propios seguindo o proceso de planificación, redacción, revisión e elabora borradores. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LGB3.1.6. Usa o dicionario durante a elaboración de textos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B3.2. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia básica, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións) de acordo coas características propias destes xéneros.<br>▪ B3.3. Composición de textos de información e de opinión moi sinxelos, característicos dos medios de comunicación social, sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, en situacións reais ou simuladas. | ▪ B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación. | ▪ LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia,avisos, instrucións… | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ LGB3.2.2. Redacta textos sinxelos xornalísticos (noticias) e publicitarios (anuncios e carteis). | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos) seguindo un guión establecido. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ LGB3.2.4. Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB3.2.5. Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.4. Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descricións, explicacións). | ▪ B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información. | ▪ LGB3.3.1. Elabora por escrito textos moi sinxelos do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descricións, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ j<br>▪ o | ▪ B3.5. Creación de textos sinxelos utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. | ▪ B3.4. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal. | ▪ LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B3.6. Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos. | ▪ B3.5. Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. | ▪ LGB3.5.1. Usa, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B3.7. Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións,subliñados, gráficos, tipografía) e ilustrar o seu contido. | ▪ B3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos. | ▪ LGB3.6.1. Usa recursos sinxelos gráficos e paratextuais (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) para facilitar a comprensión dos textos e ilustrar o seu contido. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B3.8. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.<br>▪ B3.9. Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos. | ▪ B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación. | ▪ LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, interliñado... en calquera soporte. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e como medio de obtención e coñecemento. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA | | | | |
| ▪ e | ▪ B4.1. Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente e futuro). | ▪ B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | ▪ LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes enunciados, palabras e sílabas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB4.1.2. Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ LGB4.1.4. Identifica nun texto substantivos, adxectivos determinantes e cuantificadores. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB4.1.5. Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B4.2. Aplicación xeral das normas ortográficas, apreciando o seu valor social. | ▪ B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | ▪ LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB4.2.3. Valora a importancia do dominio da ortografía para asegurar unha correcta comunicación escrita entre as persoas falantes dunha mesma lingua e para garantir unha adecuada interpretación dos textos escritos. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ e | ▪ B4.3. Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos | ▪ B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como construír correctamente as oracións desde o punto de vista sintáctico, nas producións orais e escritas. | ▪ LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB4.3.2. Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións. | ▪ CCL |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.<br>▪ B4.4. Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.<br>▪ B4.5. Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita. | | ▪ LGB4.3.3. Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ e | ▪ B4.6. Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa, oposición, contradición...), en relación coa composición de textos. | ▪ B4.4. Recoñecer e empregar os conectores básicos. | ▪ LGB4.4.1. Usa diversos conectores básicos entre oracións: adición, causa, oposición, contradición... | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ e | ▪ B4.7. Identificación intuitiva do verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, así como dalgúns papeis semánticos do suxeito. | ▪ B4.5. Identificar intuitivamente o suxeito e o predicado, así como o papel semántico do suxeito, para mellorar a comprensión e a produción de textos. | ▪ LGB4.5.1. Identifica intuitivamente, en oracións sinxelas, o papel semántico do suxeito. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB4.5.2. Sinala intuitivamente o verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, en oracións. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B4.8. Uso do dicionario, en papel ou dixital, con certa autonomía. | ▪ B4.6. Usar o dicionario en papel ou dixital, con certa autonomía. | ▪ LGB4.6.1. Usa, con certa autonomía, o dicionario en papel ou dixital. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| | ▪ B4.9. Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos de antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, en | ▪ B4.7. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas de | ▪ LGB4.7.1. Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | relación coa compresión e coa produción de textos. | uso habitual, para comprender e producir textos. | ▪ LGB4.7.2. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, palabras polisémicas de uso habitual. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B4.10. Valoración da lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. | ▪ B4.8. Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. | ▪ LGB4.8.1. Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B4.11. Comparación entre aspectos das linguas que coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interferencias. | ▪ B4.9. Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado. para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega. | ▪ LGB4.9.1. Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB4.9.2. Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas elementais sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e léxicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA | | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B5.1. Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, | ▪ B5.1. Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega, así como da literatura galega en xeral. | ▪ LGB5.1.1. Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ o | cancións, ditos), así como da literatura galega en xeral.<br>▪ B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | | ▪ LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B5.3. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses.<br>▪ B5.4. Lectura guiada e expresiva de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións breves de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes. | ▪ B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes. | ▪ LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual e en diferentes soportes. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B5.5. Lectura guiada de poemas, de relatos e de obras teatrais sinxelas recoñecendo as características dalgúns modelos. | ▪ B5.3. Identificar o xénero literario ao que pertence uns textos dados. | ▪ LGB5.3.1. Identifica o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B5.6. Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos. | ▪ B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos sinxelos. | ▪ LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |

| ÁREA | LINGUA GALEGA E LITERATURA | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B5.7. Dramatización e lectura dramatizada de situacións de textos literarios adaptados á súa idade. | ▪ B5.5. Participar activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios adaptados á súa idade. | ▪ LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios adaptados á súa idade. | ▪ CCL |
| ▪ A<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal. | ▪ B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal. | ▪ LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| B | B2.2. A comunicación receptiva. A escoita activa. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar. | B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía. | VSCB2.2.1. Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala. | CSC<br>CCL |
| | | | VSCB2.2.2. Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir. | CCL<br>CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB2.2.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas. | CAA<br>CSIEE<br>CSC<br>CCL |
| c<br>m<br>e | B2.3. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación e recoñecemento de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación. | B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade. | VSCB2.3.1. Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación e facilitar o achegamento co seu interlocutor nas conversas. | CCL<br>CSC |
| | | | VSCB2.3.2. Amosa interese polos seus interlocutores. | CCL<br>CSC |
| e<br>m | B2.4. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas. | B2.4. Empregar a aserción. | VSCB2.4.1. Expresa abertamente as propias ideas e opinións. | CCL<br>CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB2.4.2. Emprega a linguaxe positiva. | CCL<br>CSC |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| m | B2.5. O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. | B2.5. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento. | VSCB2.5.1. Relaciona diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns. | CCL<br>CSC<br>CAA |
| c<br>m | B2.6.A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo. | B2.6. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais. | VSCB2.6.1. Emprega diferentes habilidades sociais. | CSC |
| | | | VSCB2.6.2. Participa activamente en actividades grupais e reflexiona sobre a súa contribución á cohesión dos grupos sociais aos que pertence. | CSC<br>CSIEE |
| a<br>o | B2.7. O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.<br>B2.8 A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio. | B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas. | VSCB2.7.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais. | CSC |
| | | | VSCB2.7.2. Recoñece, identifica e expresa as calidades doutras persoas. | CSC |
| c<br>m | | B2.8. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas. | VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo. | CSC<br>CSIEE |
| | B2.9 As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo. | | VSCB2.8.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua. | CSC<br>CSIEE |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS | | | | |
| b<br>m | B3.1. Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión destes. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos. | B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos. | VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula. | CSC<br>CSIEE |
| b | B3.2. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación igualitaria. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos.<br>B3.3. Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa. | B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. | VSCB3.2.1. Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. | CAA<br>CSIEE<br>CSC |
| | | | VSCB3.2.2. Emprega axeitadamente estratexias de axuda entre iguais. | CAA<br>CSIEE<br>CSC |
| | | | VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo. | CSC |
| | | | VSCB3.2.4. Emprega destrezas de interdependencia positiva. | CSC<br>CSIEE<br>CAA |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| a | B3.4.Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. | B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais. | VSCB3.3.1. Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social | CCL<br>CSC |
| | | | VSCB3.3.2. Participa na elaboración das normas da aula. | CCL<br>CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB3.3.3. Respecta as normas do centro escolar. | CSC |
| c<br>m | B3.5. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade. | B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. | VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo, con axuda dunha persoa adulta. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB3.4.2. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais. | CCL<br>CSC |
| | | | VSCB3.4.3. Analiza as emocións, sentimentos e posibles pensamentos das partes en conflito. | CSC<br>CSIEE |
| a | B3.6. Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na | B3.5. Comprender a importancia dos dereitos da infancia, valorando as condutas que os protexen. | VSCB3.5.1. Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia. | CSC<br>CCL |
| | | | VSCB3.5.2. Xustifica a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda. | CSC |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Constitución española. | | VSCB3.5.3. Razoa as consecuencias da explotación infantil e a trata de nenos e nenas. | CSC<br>CSIEE |
| a<br>d | B3.7. Os valores cívicos e o exercicio dos dereitos e deberes nas situacións de convivencia no contorno inmediato entre iguais.<br>B3.8. Dereitos dos nenos e das nenas. Relacións entre dereitos e deberes. Recoñecemento do seu carácter universal para todos os homes e as mulleres, sen discriminación.<br>B3.9. Realización e interpretación de gráficos sinxelos. | B3.6. Comprender a correlación entre dereitos e deberes, valorando situacións reais en relación aos dereitos da infancia e respectando a igualdade de dereitos de nenos e nenas no contexto social. | VSCB3.6.1. Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes. | CSC<br>CCL |
| | | | VSCB3.6.2. Razoa a valoración de situacións reais expostas en internet, en relación aos dereitos da infancia. | CSC<br>CD<br>CCL |
| | | | VSCB3.6.3. Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo. | CSC<br>CCEC<br>CCL<br>CD<br>CMCT<br>CSIEE |
| D<br>M | B3.10. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de | B3.7. Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia, | VSCB3.7.1. Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia. | CSC<br>CCL |

| ÁREA | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social. | argumentando en base a procesos de reflexión, síntese e estruturación. | VSCB3.7.2. Realiza traballos de libre creación investigando casos de falta de corresponsabilidade no coidado da familia presentados nos medios de comunicación. | CSC<br>CD<br>CCL<br>CCEC<br>CSIEE |
| H<br>O | B3.11. A repercusión social, no presente e no futuro, de accións individuais e colectivas. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas de coidado do medio e promoción de formas de vida saudables. | B3.8. Realiza un uso responsable dos bens da natureza, comprendendo e interpretando sucesos, analizando causas e predicindo consecuencias. | VSCB3.8.1. Amosa interese pola natureza que o rodea e séntese parte integrante dela. | CSC |
| | | | VSCB3.8.2. Razoa os motivos da conservación dos bens naturais. | CSC<br>CCL |
| | | | VSCB3.8.3. Propón iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos. | CSC<br>CSIEE |
| N | B3.12. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico. | B3.9. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico. | VSCB3.9.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria. | CSC<br>CSIEE |
| | | | VSCB3.9.2. Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías. | CSC<br>CD<br>CAA |
| | B3.13. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos. | | VSCB3.9.3. Expón as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico. | CSC<br>CCL<br>CMCT<br>CD |

A educación como portadora de valores contribúe ao desenvolvemento integral da persoa e á potenciación de actitudes democráticas, tolerantes e solidarias,
Dependendo como se vaia desenvolvendo esta situación sanitaria iremos modificando esta programación, podendo chegar a incidir sobre todo no mais esencial do curso, aqueles contidos e competencias imprescindibles para acadar os mínimos esixibles. Todo o Plan de adaptación á situación COVID vai incidir nos tempos adicados ao .traballo escolar polo que é urxente incidir, sobre todo, no máis esencial

# EDUCACIÓN MUSICAL

## 1. ÍNDICE


1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
2. ENSINANZAS TRANSVERSAIS
3. BLOQUES DE CONTIDOS.
4. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
    4.1 SEGUNDO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
5. METODOLOXÍA
6. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
11. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE
12. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN


## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave do currículo da Educación Primaria son as seguintes:

–Comunicación lingüística (CCL).
–Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
–Competencia dixital (CD).
–Aprender a aprender (CAA).
–Competencias sociais e cívicas (CSC).
–Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
–Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

**Referidas á competencia en comunicación lingüística:**

1. Aprender un repertorio de cancións (orais e escritas) en lingua galega.
2. Aprender vocabulario e expresións locais en galego.
3. Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación

**Referidas á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:**

1. Traballar a preescritura musical (concepto de liña e espazo).
2. Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática dos musicogramas e a súa relación coa lonxitude da melodía.
3. Traballar as figuras xeométricas nas fichas do alumno.
4. Traballar as figuras xeométricas coas coreografías que acompañan ás cancións e danzas.

**Referidas á competencia dixital:**

1. Presentar os aparatos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasete, cd, reprodutores mp3, mp4 …
2. Utilizar métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos …
3. Empregar distintas fontes para a procura de información.
4. Aplicar criterios éticos no uso das novas tecnoloxías.
5. Empregar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.

**Referidas ás competencias sociais e cívicas:**

1. Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.
2. Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
3. Ter respecto e actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
4. Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros sen discriminar a ninguén.
5. Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, fomentando a súa conservación.
6. Participar nas actividades vocais, instrumentais e coreográficas de grupo con interese e sen inhibición.

**Referidas á conciencia e expresións culturais:**

1. Percibir e comprender o mundo que os rodea cando escoitan sons da súa contorna, gozando da mesma e valorándoa.
2. Ter curiosidade cara as fontes sonoras dos instrumentos que manexan na escola e os que soan nas audicións de música culta.
3. Valorar as cancións populares como expresión cultural dos pobos, enriquecendo a súa bagaxe cultural.
4. Valorar manifestacións culturais do folclore galego e doutras culturas.
5. Representar sons mediante expresión plástica.
6. Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
7. Escoitar, diferenciar e valorar os sons do medio no que viven.
8. Coñecer os instrumentos fixándose no material do corpo vibrante e na súa procedencia.
9. Expresar sentimentos e emocións dos códigos artísticos.

**Referidas á competencia para aprender a aprender:**

1. Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
2. Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e logros acadados por medio da autoavaliación.
3. Ter iniciativa persoal na elaboración de fichas creativas.
4. Ter curiosidade e interese na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.
5. Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descricións dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.
6. Xerar estratexias para aprender en distintos contextos.

**Referidas ao sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**

1. Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
2. Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións e as coreografías.
3. Fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, grazas ás gabanzas e ánimos do profesorado.
4. Priorizar os obxectivos colectivos sobre os intereses persoais.

5. Superar as dificultades a través da constancia e do traballo diario.
6. Coordinar as tarefas e tempos do grupo na realización de traballos.
7. Transmitir entusiasmo para acadar obxectivos.

## 3. ENSINANZAS TRANSVERSAIS

- Empregar o corpo e o movemento como bases dun modo de comunicación entre distintas culturas.
- Valorar o patrimonio cultural galego.
- Apreciar a eficacia persoal nas actividades en grupo.
- Valorar e coidar os instrumentos empregados na clase.

Por tratarse esta dunha materia na que a maioría das actividades se desenvolven de xeito grupal, poremos especial atención nos seguintes:

- Fomentarase a ***calidade, equidade e inclusión*** educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade.
- Promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a ***igualdade efectiva entre homes e mulleres*** e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia
- Evitaranse os comportamentos, ***estereotipos e contidos sexistas***, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Valorar o patrimonio cultural galego.
- Apreciar a eficacia persoal nas actividades en grupo.
- Valorar e coidar os instrumentos empregados na clase.

## 4.BLOQUES DE CONTIDOS

- **Bloque 1. A escoita**. Procúrase que o alumnado tome conciencia dos sons que proceden do seu ámbito, así como das posibilidades sonoras dos materiais e dos obxectos do seu contexto. Faise fincapé na audición activa de manifestacións musicais de distintas orixes e no respecto no proceso da audición.
- **Bloque 2. A interpretación musical**. O alumnado é protagonista absoluto neste bloque, cuxo obxectivo é a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con finalidades distintas. Centrámonos tamén en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas e a avaliación con intención de mellorar.

- **Bloque 3. A música, o movemento e a danza**. Este derradeiro bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

## 5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

### 5.1 CUARTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA<br>(EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| • **BLOQUE 1. ESCOITA** | | | | |
| • J<br>• d<br>• o | • B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.<br>• B1.2. Asistencia a representacións musicais e comentario posterior.<br>• B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.<br>• B1.4. Audición e análise de obras musicais de distintas características e procedencias.<br>• B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e | • B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas. | • EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. | • CCL<br>• CCEC |
| | | | • EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. | • CCL<br>• CCEC |
| | | | • EMB1.1.3. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | • CSC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións. | | • EMB1.1.4. Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia. | • CCEC<br>• CAA |
| • J | • B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.<br>• B1.7. Acento e pulso. | • B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. | • EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. | • CCL<br>• CCEC |
| • J | • B1.8. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).<br>• B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e instrumentais (dúo, trío, cuarteto, orquestra e banda).<br>• B1.10. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4. | • B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. | • EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais. | • CAA<br>• CCEC |
| | | | • EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. | • CCL<br>• CCEC |
| | | | • EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados. | • CCEC<br>• CMCCT |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| • J<br>• d<br>• o | • B1.11. Instrumentos: clasificación tradicional (vento, vento-madeira, vento-metal, corda percutida, friccionada e punteada, e percusión determinada e indeterminada).<br>• B1.12. Instrumentos da orquestra: achegamento á súa colocación.<br>• B1.13. Instrumentos da cultura galega e doutras culturas. | • B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas. | • EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. | • CAA<br>• CCEC |
| | | | • EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión. | • CAA<br>• CCEC |
| | | | • EMB1.4.3. Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas. | • CCEC<br>• CAA<br>• CSIEE<br>• CD |
| • J<br>• i | • B1.14. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.<br>• B1.15. Uso de aplicacións informáticas educativas sinxelas para a análise e a produción musical. | • B1.5. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical, así como rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produción musical. | • EMB1.5.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. | • CAA<br>• CCEC |
| | | | • EMB1.5.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura. | • CAA<br>• CCEC |
| | | | • EMB1.5.3. Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos | • CAA<br>• CCEC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | característicos da música escoitada. | |
| | | | • EMB1.5.4. Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical. | • CCEC<br>• CD |
| • **BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL** | | | | |
| • J<br>• b | • B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de do sen alteracións.<br>• B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.<br>• B2.3. Rexistro gravado da interpretación feita e posterior análise e comentario.<br>• B2.4. Coordinación e sincronización individual e colectiva na interpretación: simultaneidade, sucesión e alternancia.<br>• B2.5. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea e os seus silencios en compases binarios e ternarios. | • B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. | • EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | • CCEC<br>• CAA |
| | | | • EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | • CCEC<br>• CAA |
| | | | • EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. | • CCEC<br>• CAA<br>• CSC |
| | | | • EMB2.1.4. Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese por mellorar. | • CAA<br>• CSC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA<br>(EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | • B2.6. Ditados melódico-rítmicos sinxelos. | | | |
| • J<br>• B | • B2.7. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.<br>• B2.8. Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas. | • B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio, individual ou grupal. | • EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e manexados. | • CAA<br>• CCEC |
| | | | • EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. | • CSC |
| • J<br>• D | • B2.9. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.<br>• B2.10. Sonorización de imaxes, vídeos ou representacións dramáticas usando distintos materiais instrumentos e dispositivos electrónicos.<br>• B2.11. Invención e construción dun instrumento. | • B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | • EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. | • CD<br>• CAA<br>• CSIEE |
| | | | • EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. | • CCEC<br>• CAA<br>• CSIEE |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | CUARTO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| **BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA** | | | | |
| • J | • B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.<br>• B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela. | • B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza. | • EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social. | • CCEC |
| | | | • EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. | • CCEC<br>• CAA<br>• CMCCT |
| • J<br>• b<br>• o | • B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.<br>• B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas. | • B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas. | • EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | • CCEC<br>• CAA |
| | | | • EMB3.2.2. Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. | • CAA<br>• CCL<br>• CCEC |
| | | | • EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. | • CCEC<br>• CSC |

**TEMPORALIZACIÓN**: os tres bloques de contidos trabállanse conxuntamente ao longo do curso escolar.

## CRITERIOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

| |
|---|
| Expresa as súas apreciacións persoais sobre ofeito artístico musical. |
| Coñece,entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia. |
| Distingue e clasifica tiposde vocese instrumentos,e agrupacións instrumentais ou vocais. |
| Clasifica e completa os compases traballados. |
| Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. |
| Clasifica os instrumentos por familias:vento,corda e percusión. |
| Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura. |
| Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. |
| Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. |
| Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos,con e sen acompañamento. |
| Amosa respecto eresponsabilidade no traballoindividual e colectivo. |
| Identifica e utiliza ocorpo como instrumento para aexpresión de sentimentoseemociónse como forma deinteracción social. |
| Inventa e reproducepequenascoreografíasque corresponden coa forma internadunha obra musicalde formasinxela binaria,ternaria e rondó. |
| Recoñece danzasdediferenteslugarese culturas,evalora a súa achegaaopatrimonio artístico e cultural. |
| Reproduce egozainterpretandodanzastradicionaisgalegasedoutrasculturas. |

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

| | PROCEDEMENTOS |
|---|---|

| | Escritos | Orais | Observación directa e sistemática |
|---|---|---|---|
| INSTRUMENTOS | .Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.<br><br>. Actividades de avaliación (fichas fotocopiables, probas escritas individuais…)<br><br>.Traballos de grupo na interpretación de pezas instrumentais. | **.Preguntas individuais e en grupo.**<br><br>**.Intervencións na clase.**<br><br>**.Probas orais individuais**<br><br>**.Postas en común.** | **.Rexistros de incidencias**<br><br>**.Ficha de rexistro individual do traballo na aula, participación, achega de material, etc.**<br><br>**.Rexistro dos resultados das probas escritas e orais.** |

## AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE

A observación directa e sistemática convértese nun elemento de primeira orde, permitíndonos realizar un seguimento continuo do proceso educativo, valorando e axustando a intervención en función dos datos obtidos, da reflexión persoal e o contraste de experiencias. Igualmente as entrevistas coas familias, o diario de aula, a análise dos produtos do traballo diario e as probas orais, de carácter prácticas e escritas permitirán recoller de xeito organizado información individual sobre o devandito proceso, proporcionando datos globais e pautas de actuación con cada alumno.

A avaliación entendémola como continua, global, formativa e integradora e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas do currículo. Serán tidos en conta todos os elementos que compoñen o currículo.

Contemplamos a avaliación do seguintes xeito:

**Avaliación inicial**: achega datos o punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e as características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía axeitada.

**Avaliación formativa**: concede importancia á evolución ao longo do proceso, indicando unha visión das dificultades e progresos de cada alumno/a.

**Avaliación sumativa**: establece os resultados ao termo do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos. Será **individualizada**, centrándose na evolución de cada alumno partindo da súa situación inicial; **integradora**, para o que se contempla a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación; e **orientadora**, dado que achega ao alumnado a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias axeitadas.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. O 30% da cualificación corresponderase coa valoración dos seguintes aspectos:
   Actividades diarias: fichas, práctica instrumental e vocal individual ou colectiva, danzas sinxelas…
   Achega do material axeitado e coidado do mesmo.
2. O 30% da cualificación valorará o esforzo, a atención e o interese, así como o comportamento e o cumprimento das normas.
3. O 40% corresponderase co exame práctico do repertorio de frauta, PAD e/ou percusión corporal.

## 6.METODOLOXÍA

### PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

De acordo co Decreto 105/2014, as Orientacións Metodolóxicas para a Educación Primaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, os principios metodolóxicos que sustentan o tratamento desta programación son o enfoque globalizador e a consecución dunha aprendizaxe significativa. O enfoque globalizador supón a busca de conexións entre os diferentes contidos que adquiren sentido ao saír dun lugar común: a experiencia real e directa dos nenos e nenas. A aprendizaxe significativa require que os nenos e nenas establezan relacións entre as súas experiencias previas e as novas aprendizaxes mediante actividades que teñan interese e sentido e partan da súa vida cotiá. É preciso, polo tanto, considerar como outro dos eixes claves o tratamento da diversidade. Isto deriva nun ensino verdadeiramente individualizado que atenda as diferenzas persoais, e polo tanto esta programación articula medidas para dar resposta ás particularidades do grupo: emprego dos materiais e instrumentos que máis se axusten ás súas capacidades, diversificación de tarefas, creación e modificación de grupos de traballo cooperativo (ofrecendo modelos de agrupamento variados e flexibles), modificación dos tempos nas actividades e adaptación aos seus ritmos particulares.

Deste xeito, a metodoloxía a seguir é globalizada, **partindo da motivación, o interese e as inquietudes dos nenos e nenas**; activa, para permitirlle ao neno ser o axente da súa propia aprendizaxe a través da observación, experimentación, investigación e expresión; lúdica, xa que vai conducida a través do xogo; afectiva, a través dun clima de confianza e respecto para darlle ao alumnado seguridade e equilibrio necesarios para a formación e asentamento da estima en si mesmo; creativa, fomentando a autonomía e a produción propia; e participativa, socializada e comunicativa.

A Educación Musical é unha materia clave para conseguir unha boa interacción dos alumnos dentro do grupo-clase, polo seu carácter dinámico e grupal. Quérese dicir con isto que, na maior parte das actividades que se levan a cabo, a realización e o éxito individual pasa forzosamente por colaborar e traballar na mesma dirección co resto do grupo, polo que o respecto e a axuda dos e aos demais vai ser unha constante dentro da aula. Empregaranse diversas metodoloxías de diferentes pedagogos musicais como son Orff, Kodaly, Willems, Wuytack,

etc., polo que terase en conta a participación, a creatividade, a imaxinación e o carácter lúdico, características recollidas nas citadas metodoloxías.

## 7. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

A organización e disposición da aula é fundamental para poder levar a cabo distintas actividades nunha mesma sesión, sobre todo tendo en conta que só impartimos unha semanal con cada grupo. A pesar de ser unha aula compartida co alumnado de educación infantil en psicomotricidade, o espazo está deseñado para ser multifuncional. Dispón de cadeiras con mesas situadas nunha metade da aula e dispostas en "U" e a outra metade da aula ten un amplo espazo aberto para as actividades de movemento. Os instrumentos de PAD están colocados os mais grandes no chan, facilitando a colocación para o seu uso e o resto en armarios empotrados nun lateral da mesma.

## 8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Fotocopias
- Instrumentos escolares de PAD e PAI
- Musicogramas e partituras
- Frauta
- Caderno pautado
- Encerado pautado
- Libros CD, libros de consulta, CDs
- Audicións, vídeos e recursos de internet como complemento da actividade educativa.
- Equipo de música
- Piano, como instrumento armónico para acompañar por parte da docencia as distintas pezas musicais interpretadas polo alumnado.

## 9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Terase en conta a atención a diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos.

- ADAPTACIÓN CURRICULAR INDIVIDUALIZADA: Os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.
- COMPETENCIAS E INTELIXENCIAS MÚLTIPLES: Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización…
- PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos que os requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades específicas de apoio educativo e altas capacidades) con fichas de reforzo e/ou ampliación.
- ACTIVIDADES MULTINIVEL: Posibilitan que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións.
- TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.
- LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.

## 10 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Participarase activamente nas actividades propostas polo EDLG para desenvolver o plan de fomento do uso do galego. Nas diferentes conmemoracións participarase dende a aula de música dando maior peso ao repertorio musical tradicional galego.

## 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ao longo do curso organizaranse varios eventos musicais (Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras galegas e Fin de curso).

## 12. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

| **1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente**<br>(Indicadores de logro) | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Proceso de ensino:** | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado? | | | | |
| 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe? | | | | |
| 3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física? | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado? | | | | |
| 5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado? | | | | |
| 6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado? | | | | |
| 7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE? | | | | |
| 8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE? | | | | |
| 9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado? | | | | |
| 10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación? | | | | |
| 11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula? | | | | |
| 12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo? | | | | |

| **Práctica docente:** | **1** | **2** | **3** | **4** |
|---|---|---|---|---|
| 1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado | | | | |
| 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa? | | | | |
| 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade | | | | |
| 4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE? | | | | |
| 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar? | | | | |
| 6.- Intercálase o traballo individual e en equipo? | | | | |
| 5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral? | | | | |
| 6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe | | | | |
| 7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar? | | | | |
| 8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc? | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc? | | | | |
| 10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos? | | | | |
| 11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado? | | | | |
| 12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas? | | | | |
| 13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares | | | | |
| 14.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,..? | | | | |

## 12. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

| **Obxectivos:** | **Si** | **Non** | **PROPOSTAS DE MELLORA** |
|---|---|---|---|
| Chegamos a un acordo acerca dos obxectivos do curso? | | | |
| Están secuenciados con respecto ao nivel anterior? | | | |
| Concretáronse o suficiente para poder orientar a nosa intervención educativa? | | | |
| Fan referencia ás competencias coas que a nosa materia se relaciona? | | | |
| **Contidos:** | **Si** | **Non** | |
| Están secuenciados con respecto aos previstos no nivel inferior? | | | |
| Explicítanse os mínimos exixibles para este nivel? | | | |
| Relacionáronse de forma natural cos temas de carácter transversal? | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Planificáronse as relacións dos contidos desta materia cos doutras materias que cursa o alumnado, para dotar de sentido global e funcionalidade ás aprendizaxes?. | | | |
| **As competencias básicas** | **Si** | **Non** | |
| Foron traballadas a totalidade das competencias básicas. | | | |
| Empregáronse recursos para o desenvolvemento das competencias básicas | | | |
| Consideráronse as competencias básicas un elemento organizador do proceso educativo. | | | |

| **No relativo á metodoloxía:** | **Si** | **Non** | |
|---|---|---|---|
| Utilizáronse recursos pedagóxicos necesarios? | | | |
| Os materiais curriculares que serven de apoio a esta Programación foron valorados e seleccionados nos seus aspectos técnico, curricular e de educación en valores? | | | |
| Foron adecuados os espazos previstos? | | | |
| Equilibrouse o uso dos distintos tipos de agrupamentos nas actividades: gran grupo, pequenos grupos, parellas e individualmente?. | | | |
| **No relacionado coa avaliación** | **Si** | **Non** | |
| Fíxose unha avaliación inicial real e útil | | | |
| As técnicas e instrumentos de avaliación facilitaron abundante información sobreos progresos de cada alumno e alumna? | | | |
| Definíronse correctamente os criterios de cualificación . | | | |
| Deseñáronse actividades de recuperación para o alumnado que o precisou | | | |
| Realizouse un adecuado seguimento do alumnado . | | | |

| No que se refire á atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo: | Si | Non | |
|---|---|---|---|
| Coordinàronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula en canto a elementos organizativos (espazos, tempos, materiais, agrupamentos,?) | | | |
| Coordinàronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula e en canto a elementos curriculares (obxectivos didácticos, contidos, explicacións, actividades, procedementos de avaliación)?. | | | |

# PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)


1.INTRODUCCIÓN
- 1.1. AS COMPETENCIAS CLAVE INTEGRADAS

2. CONTEXTO
- 2.1. CONTEXTO DO CENTRO EDUCATIVO E CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO
- 2.2. PLAN DE LECTURA
- 2.3. PLAN DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

3. DISEÑO CURRICULAR
- 3.1. CURRÍCULO
- 3.2. OBXECTIVOS
- 3.3. COMPETENCIAS CLAVE
  - 3.3.1. COMPETENCIAS CLAVE NA ÁREA DE PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS
  - 3.3.2. RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS
  - 3.3.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
- 3.4. CONTIDOS
- 3.5. METODOLOXÍA
  - 3.5.1. METODOLOXÍA XERAL
  - 3.5.2.METODOLOXÍA ESPECÍFICA NAS MODALIDADES PRESENCIAL, NON PRESENCIAL E SEMIPRESENCIAL.

3.5.3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
3.5.4. ACTIVIDADES
3.5.5. ORGANIZACIÓN DE TEMPOS, AGRUPAMENTOS E ESPAZOS
3.5.6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO
3.6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS
3.7. AVALIACIÓN
3.7.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
3.7.2.. RECURSOS DE AVALIACIÓN
3.7.2.1. AVALIACIÓN INICIAL
3.7.2.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
3.7.2.3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES
3.7.2.4 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
4. OBXECTIVOS MÍNIMOS

## 1.-INTRODUCCIÓN

Esta programación foi deseñada para alumnos do 4º nivel de Educación Primaria. Trátase de 1 grupo de 24 nen@s formado por alumnado con distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, acentuados pola situación de pandemia debido ao COVID19. Este é o motivo polo que deseñamos unha programación aberta e flexible para que se adapte a cada un dos alumnos e alumnas e a súa situación, así como aos diferentes estilos de aprendizaxe condicionados pola situación sanitaria.

Salientar que a COVID-19 fixo replantexar todos os nosos principios didácticos e metodoloxicos. A inviavilidade da educación tal e como a entendiamos até o de agora deixanos ás espensas dun panorama metodolóxico, sociolóxico e piscolóxico aínda pouco coñecido tanto para o alumnado, o profesorado, as familias e a administración. Gustaríame reflexionar, con espíritu crítico-constructivo, sobre as tarefas, obxectivos e espectativas que se nos prantexan e se nos demandan a mestres, pais e nais e tamén nenas e nenos e os poucos ou escasos recursos que se implementan neste novo contexto (recursos humanos e materiais). Quero Chamar a atención sobre o nivel de requisitos legal-sanitarios, metodolóxicos, didácticos e avaliativos e a súa viabilidade. Tamén sobre a grande fenda entre o escrito negro-sobre-branco dende a Consellaría e o día a día na Escola, sobre o noso traballo e o das nosas alumnas e alumos...sobre o traballo que por extensión delegamos nos ombreiros e/ou petos de nais, pais, avós . Quero manifestar a falta de realismo entre o que é e se nos esixe como Comunidade Educativa (escolas e familias) e a realidade que entende e vive a administración en canto á realidade do día a día das aulas e o día a día das familias. E, finalmente, sobre a necesidade de cambios pedagóxicos relacionados con espazos, ratios, horarios, etc.

  c. Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.

  d. Ler de forma comprensiva textos diversos, relacionados coas súas experiencias e intereses, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.

  e. Aprender a utilizar con progresiva autonomía todos os medios ao seu alcance, incluídas as novas tecnoloxías, para obter información e para comunicarse na lingua estranxeira.

  f. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.

  g. Manifestar unha actitude receptiva e de confianza na capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.

  h. Utilizar os coñecementos e as experiencias previas con outras linguas para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.

  i. Identificar aspectos fonéticos de ritmo, acentuación e entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.

### 3.5.2. METODOLOXÍA ESPECÍFICA (Modalidades Presencial, Non Presencial e Semipresencial)

O traballo da Lingua Inglesa desenvolverase na **Aula Virtual do CEIP de Arzúa** (https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdearzua/aulavirtual/) (4ºCurso,Lingua Inglesa) en todas as modalidades (presencial, non presencial e semipresencial) e tamén usaremos o libro de texto **Rooftops 4** na modalidade presencial.

O traballo na Aula Virtual está estructurado en torno a centros de interés ou unidades didácticas. Estas unidades teñen de centro de interés un campo semántico: *Family, School, At Home, The Time, Sports, Jobs,* etc ou unha situación comunicativa (*Self Introduction, At the Shop,* etc).

Como resultado do teletraballo durante o confinamento do curso pasado, o traballo na Aula Virtual de 4º estructurouse en torno aos temas do libro (***Rooftops 4***.- **Unidade 1, 2, 3…)** e concentramos alí todas as actividades relacionadas co tema, coa finalidade de simplificar o traballo aos/ás nen@s e as familias deste alumnado máis miudo. Nestes temas, incluimos:

- Un resumo do tema (vocabulario e estruturas)
- Resumos das estruturas gramaticais vistas ata o momento, así como ampliación dos contidos.
- Tarefas globais ou proxectos como o *Challenge*, ou desafío, onde @s nen@s teñan que gravar un video falando en inglés coa súa familia.
- Videos explicativos das estructuras repasadas e ampliadas.
- Videos con diálogos e repaso de vocabulario e estructuras usadas en clase.
- LIVE worksheets (fichas que, unha vez feitas, a propia aplicación envía á profesora, facilitando o seguimento do traballo feito polo alumnado).
- Xogos de *Genially* de repaso do tema tratado.
- Xogos, contos, cancións e debuxos animados (*Peppa Pig, Pocoyo, Cayou, Horrid Henry, Wallace and Grommit*, etc, onde @s nen@s poden practicar a escoita e comprensión oral e escrita na lingua estranxeira).

Nas outras unidades deste nivel tamén incluimos:

- Presentación do vocabulario e estructuras usadas nese contexto.
- Videos que introducen o vocabulario e estruturas.
- Resumos das estruturas gramaticais traballadas na unidade.
- HELP-Videos (en español e inglés) explicativos das estruturas gramaticais (subidos especificamente para a modalidade non presencial)
- Un enlace ao *Class Book* de *Rooftops 4* que nos será proporcionado pola editorial para faciliar o traballo no caso de novo confinamento.
- Videos con diálogos en contextos reais e repaso de vocabulario e estructuras usadas en clase.
- LIVE worksheets (fichas que, unha vez feitas, a propia aplicación envía á profesora, facilitando o seguimento do traballo feito polo alumnado na modalidade presencial, non presencial ou mixta).
- Fichas para imprimir, no caso da modalidade presencial.
- Xogos, contos, cancións e debuxos animados con subtítulos en inglés (onde @s nen@s poden practicar a escoita e comprensión oral e escrita na lingua estranxeira).
- Tarefas globalizadas ou Proxectos (*Challenges,* In the Kitchen, etc) relacionados coas situacións comunicativas traballadas que requiren a posta en practica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didactico, actividades que favorezen a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigacion mediante proxectos de traballo

Tamén se dispón na Aula Virtual dos enlaces ás reválidas de 3º dos últimos anos, coa intención de repasar e practicar con estas probas a competencia lingüística xa que valoran a comprensión oral, escrita e a expresión escrita.

En canto a **comunicación coas familias** e alumnado, nesta area dispoñemos na **Aula Virtual** da **AGENDA 2020/21**, onde semanalmente se explica o traballo que se esttá a realizar e os deberes a realizar esa semana, de xeito que calquera nen@ que deba permanecer na súa casa ou en caso de confinamento, teñan unha guía de como traballar.
Facilitarase ao alumnado e familias o número de teléfono e correo electrónico da profesora para unha comunicación persoal e directa, tanto para solventar dúbidas respecto aos contidos escolares, como para calquera apoio que poidan precisar.
Tamén se crearán Listas de Difusión para comunicacións da profesora ás familias e onde a comunicación con cada familia será a nivel individual. A disponibilidade horaria para atención ás familias será a máxima posible, adaptándonos aos seus horarios laborais e familiares. Manterase contacto coas familias nas que o alumnado presente máis dificultades, nunca co ánimo de exercer presión, senon de apoiar e axudar.

No caso da modalidade non presencial ou semipresencial, o alumnado enviará as tarefas feitas para a súa corrección por diferentes medios: a aplicación das propias LIVEWORKSHEETS, correo electrónico e whatsapp. Na modalidade non presencial, os días que sexan presenciais adicaranse fundamentalmente a comunicación oral, resolver dúbidas e explicación de novos contidos. Importante a adaptación aos ritmos individuais d@s nen@s, adaptándonos ás diferentes circunstancias familiares. Cada nen@ recibirá o feedback ao seu traballo, coas corrección necesarias se as hai, tamén vía whatsapp, correo electrónico, chamada telefónica e videochamada. Poñemos énfase na atención á diversidade do alumnado, estando en permanente comunicación coas familias e adaptando as actividades segundo as súas necesidades.
Por tanto, empregamos unha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, individualizada, centrándonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas con contextos da vida real a través dun enfoque competencial e do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo, baseándonos nunha perspectiva constructivista da aprendizaxe. Tamén se leva a cabo o programa de enrequecemento curricular segundo o Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades.
Compre manifestar que, dadas as medidas estabelecidas no protocolo para evitar gromos da COVID-19, os contidos, competencias e habilidades prantexadas para avaliar nesta programación serán unha declaración de boas intencións por causa da redución de tempos efectivos na aula e as condicións de distanciamento o uso da mascara. Por outra banda a metodoloxía nesta situación mudará fortemente dificultará as interaccións e actividades grupais.

### 3.5.3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Na aula traballarase nun entorno dixital: **Aula Virtual do CEIP de Arzúa** e libro de texto **ROOFTOPS 4 - Oxford University Press** que consta de: *Guía do Profesor, Libro do Alumno, Audio CDs, Teacher's Resource Pack, Caderno de Avaliación, DVD, IPACK e* recursos na web *Oxford Online Learning Zone.*

A lingua inglesa do segundo ciclo traballa os contidos en torno a centros de interés e situacións comunicativas, favorecendo sempre o diálogo e a interacción. Tamén se usarán fichas impresas dende a rede, xogos de mesa, etc. Usaranse, así mesmo, diferentes contextos e situacións de aprendizaxe, de ser posible, como o patio escolar, a biblioteca, a rúa, o campo, etc.

### 3.5.4. ACTIVIDADES

Actividades de inicio da lección

Trátase de activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas novos que se van a traballar ou de repasar os xa traballados. Esto adoita facerse a través de actividades de brainstorming ou actividades de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos con soporte dixital, videos, material real, flashcards, posters, cancións, etc.

Actividades de desenvolvemento da lección

As actividades de aprendizaxe están relacionadas cos seguintes ámbitos:

Expresións utilizadas nas diferentes situacións comunicativas.

Vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais. (Vocabulary).

Lectura e comprensión de textos (Reading).

Estruturas gramaticais (Grammar).

Sonidos estudados (Pronunciation).

Comprensión e a expresión oral da lingua en tódalas súas vertentes (Listening and Speaking).

Comprensión e a expresión escrita (Writing).

Actividades de reforzo e ampliación

Na clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ao tempo que persegue o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que todos @s alumn@s podan atopar algún que esté de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas actividades actúan como unha extensión para aquel@s alumn@s sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

Actividades de desenvolvemento de Competencias clave

Algunhas actividades contribúen máis específicamente ao desenvolvemento dunha ou varias Competencias clave, entre as que se inclúen:

Brainstorming

Role-plays

Actividades interactivas
Actividades na pizarra dixital
Actividades en grupo
Interpretacións de datos, gráficas, etc.
Textos culturais, cancións, rimas, etc.
Actividades de avaliación
A avaliación da aprendizaxe en Educación Primaria será continua e global e terá en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas do currículo.
As actividades de avaliación poderían clasificarse en varios niveis:

.Actividades de avaliación formativa, onde o profesor avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades.

.Actividades de avaliación sumativa coa realización das diversas actividades de avaliación.

.Actividades de autoavaliación e autoestudo, nas que o alumnado iniciase en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas.

.Complementarias

Neste tipo de actividades incluiríanse: saídas culturais, asistencia a obras de teatro en inglés, conmemoración de festividades características da sociedade anglosaxona, etc.

### 3.5.5. ORGANIZACIÓN DE TEMPOS, AGRUPAMENTOS E ESPAZOS

O tempo, entendido como o dedicado ao ensino no centro, é un recurso fundamental e limitado na aprendizaxe dunha materia.
As clases de Inglés desenvolveranse na aula ordinaria mentras dure a situación crítica da pandemia, podendo desenvolverse na Aula de Inglés se as circunstancias o permiten. O agrupamento do alumnado será individual a unha distancia de 80cm máis ou menos nas chamadas "aulas burbulla", según as instruccións da Consellería, que non indican distancia mínima para o agrupamento do alumnado nunha aula.
Á hora de realizar as tarefas, completar actividades, a organización dos alumnos realízase da única maneira posible, dadas as circunstancias sanitarias: traballo individual.
Os recursos cos que pode contar o profesorado e os posibles espazos nos que se poden desenvolver os procesos de ensino-aprendizaxe son, na actualidade, cada vez máis variados. A aula deixou de ser o único espazo no que se imparte a ensinanza dunha materia. Cada centro educativo conta cunha serie de recursos espaciais e materiais nos cales se da lugar aos distintos escenarios nos que se desenvolve a ensino da materia.
Máis alá dos recursos materiais e espaciais, cabe destacar a importancia dos procesos cognitivos que interveñen nas fases da aprendizaxe do alumnado e fan posible a incorporación dos coñecementos que se lle queren transmitir aos/ás alumnos/as, desde a atención necesaria para

prepararse para recibir a información ata a memorización que permita acceder a esa información cando se precise. Algúns dos procesos que interveñen son:
- Identificación
- Entendemento
- Reflexión
…

### 3.5.5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO

Resulta evidente que unha mesma actuación educativa exercida nun mesmo grupo de alumnos produce efectos diferentes en función dos coñecementos e experiencias previas de cada un deles, as súas capacidades intelectuais, así como os seus intereses e as súas motivacións no ensino.

Por esta razón, en moitas ocasións, debemos modificar ou adaptar os contidos ou a metodoloxía para que tódol@s alumn@s podan alcanzar os obxectivos establecidos. Da mesma maneira, debemos ofrecer actividades de ampliación para aqueles alumn@s máis capaces ou receptivos. A atención á diversidade debe levarse a cabo sempre nos dous sentidos. Por iso, constantemente se deberá atender a estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de forma diversa. Os profesores deben escoller a quen dirixir e propoñer unhas actividades ou outras e deberán ser conscientes en todo momento desas diferenzas, á hora de avaliar,e tamén á hora de ensinar e de planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares apropiadas para os alumnos con necesidades educativas especiais

As adaptacións centraranse en:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe
- Metodoloxía máis persoalizada
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
- Aumentar a atención orientadora
- Enriquecemento curricular
- Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos

a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaranse contidos e material de ampliación adecuado ás necesidades deses alumnos que lles permitan desenvolver ao máximo as súas capacidades.

b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e lles permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.
c) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para alumn@s con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para alumn@s con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente en contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou de material considerados como tales.
Cando non bastan as adaptacións temos a diversificación curricular, por medio da cal un alumno ou alumna podería deixar de cursar parte do tronco común da etapa e empregar este tempo noutro tipo de actividades educativas, ben as ofertas en espazos opcionais, ben actividades deseñadas especialmente para el/ela, que se poderían cursar dentro ou fóra do centro. Este/a alumno/a seguiría tendo en todo momento como referencia os obxectivos xerais da etapa, pero accedería a eles a través doutro tipo de contidos e actividades.

**3.6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.
2. Fomentarase a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.
3. Promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
Traballarase na prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.
Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Promoverase o desenvolvemento sostible e o coidado do medio ambiente, traballaranse os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.
4. Desenvolverase e afianzarase o espírito emprendedor. Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun/ha mesm@ e o sentido crítico.
5. No ámbito da educación e da seguridade viaria promóveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peoa, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

## 3.7. AVALIACIÓN

A aprendizaxe d@ alumn@ deben ser avaliados sistemática e periódicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridos como para introducir no proceso educativo cantos cambios sexan precisos se a situación o require cando as aprendizaxes dos alumnos non respondan ao que, a priori, se espera del@s.
Se partimos de que as Competencias clave supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se @ alumn@ as adquiriu é reproducir situacións o máis reais posibles de aplicación, e nesas situación, o habitual é que @ alumn@ se sirva desa bagaxe acumulada pero responda, sobre todo, a situacións prácticas.
A avaliación por competencias permite avaliar tanto o logro dos obxectivos do curso, como o grado de adquisición das Competencias clave. Uns criterios están ligados expresamente a conceptos, e outros, preferentemente a procedementos e actitudes.
En función do obxectivo que queremos avaliar, hai varios tipos de avaliación:
A avaliación sumativa, realizada en diferentes momentos do curso e que tendemos a identificar coas finais de avaliación e de curso. Haberá outras avaliacións, como a inicial e a final e, sobre todo, a continua ou formativa, aquela que se realiza ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, inmersa nel, e que insiste, polo tanto, no carácter orientador e de diagnóstico do ensino. Ao finalizar 6º de primaria deberá tamén demostrar o grado de adquisición das Competencias clave, así como o logro dos obxectivos da etapa.
O resultado das avaliacións individualizadas expresarase en niveis e constarán nun informe entregado ás familias ou titores e que terá carácter informativo e orientador. O nivel obtido será indicativo da progresión e a aprendizaxe d@s alumn@s, polo que se non son adecuados deberán aplicarse as medidas ou programas máis adecuados para eles.

### 3.7.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Atendendo a diferentes criterios, o currículo proponnos unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula.

No caso da avaliación formativa, serán a observación e seguemento sistemático d@ alumn@, é dicir, tomaranse en consideración todas as producións que desenvolve, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, exposicións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resúmenes, investigacións, actitude ante a aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros.

Na avaliación sumativa, as probas escritas trimestrais. En todo caso, os procedementos de avaliación serán variados, de forma que podan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.

O currículo tamén establece uns criterios de avaliación e uns estándares de aprendizaxe avaliables por materia e curso que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos da materia.

Respecto á avaliación por competencias, dado que son moi xenéricas, debemos concretalas moito máis e desglosalas para que nos sirvan como referente para a acción educativa e para demostrar a competencia real do alumno, para o que temos os chamados indicadores.

### 3.7.2. RECURSOS DE AVALIACIÓN

#### 3.7.2.1. AVALIACIÓN INICIAL

Na área de Lingua Estranxeira, tratándose dunha materia de avaliación continua, é constante a revisión e a reciclaxe de vocabulario e expresións de alta frecuencia O curso empeza sempre cunha unidade de repaso para actualizar o asimilado en cursos anteriores e aprovéitase para facer unha revisión e recuperar todo o necesario para afondar un pouco máis no coñecemento da lingua. Por medio de xogos e actividades lúdicas detéctanse os puntos febles, así como os alumnos e alumnas que precisan un traballo máis intenso. O caderno de clase, que volven a empregar, sirve de elemento de consulta para aqueles que necesitan apoio visual para revisar vocabulario ou estruturas traballadas no curso anterior.

Os resultados desta observación inicial determinarán as medidas a adoptar, en moitos casos é preciso preparar actividades de reforzo de grupo ou individuais, así como de extensión, pois o alumnado presenta distintos niveis.

O desexable é poder agrupar aos alumnos de xeito que poidan axudarse entre si e participar todos nas actividades cada un coas súas posibilidade**s.**

#### 3.7.2.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación que establece o currículo para o cuarto curso de Educación Primaria na área de lingua estranxeira organízanse en cinco grandes bloques.

**Bloque 1. Comprensión de textos orais**

B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e

coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.

▪ B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto

▪ B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

**Bloque 2. Producción de textos orais**

B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then).

▪ B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.

▪ B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.

▪ B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario

**Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

*B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.

▪ B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, as ideas principais en textos escritos sinxelos.

*B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións

**Bloque 4. Produción de textos escritos**

B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles

▪ B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.

▪ B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable

▪ B4.8. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente.

**Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural**

B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.

▪ B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.

▪ B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos dirixidos

▪ B5.4. Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.
▪ B5.5. Expresar nocións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta e prezo.
*B5.6. Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares.
*B5.7. Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a preferencia, a axuda ou o desexo, a capacidade entre outras.
*B5.8. Utilizar adecuadamente as realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.
*B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.
*B5.10. Utilizar estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores básicos como and, or, then).
*B5.10. Mostrar un control sobre un conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.
▪ B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.
*B5.12. Comparar aspectos lingüísticos e culturai s das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividades...).
▪ B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade.

### 3.7.2.3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Os estándares de aprendizaxe organízanse en cinco grandes bloques: comprensión e produción de textos orais e escritos e coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

**Bloque 1. Comprensión de textos orais**

PLEB1.1.Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.
▪ PLEB1.2.Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que conten con apoio visual.
▪ PLEB1.3.Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares proceden tes de diferentes medios de comunicación e da Internet.
▪ PLEB1.4.Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.
PLEB1.5.Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.

**Bloque 2. Produción de textos orais**

PLEB2.1.Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.

▪ PLEB2.2.Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás
▪ PLEB2.3.Amosa unha actitude de escoita atenta.
PLEB2.4.Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións).
▪ PLEB2.5.Manifesta interese e respecto polas apartacións do seus compañeiros/as.
▪ PLEB2.8.Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas
*PLEB2.9.Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.

**Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

PLEB3.1.Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
▪ PLEB3.2.Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual , acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística
▪ PLEB3.3.Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.
PLB3.4.Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses
▪ PLB3.5.Iniciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora
▪ PLB3.6.Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas.
▪ PLEB3.7.Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
*PLEB3.9.Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos

**Bloque 4. Producción de textos escritos**

PLEB4.1.Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral
▪ PLEB4.2.Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida
▪ PLEB4.3.Escribe textos sinxelos ,organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos).
▪ PLEB4.4.Completa un formulari en liña cos seus datos persoais e os e das demais (nome, apelido, idade...).
▪ PLEB4.5.Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.
▪ PLEB4.6.Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata
PLEB4.7.Produce textos escritos significativos,en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.
▪ PLEB4.8.Utiliza d exeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos
▪ PLEB4.9.Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza evitando riscos, inclinación de liñas etc
*PLEB4.10.Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica

**Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural.**

PLEB5.1.Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.

- PLEB5.2.Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura
- PLEB5.3.Inicia e remata as interaccións adecuadamente
- PLEB5.4.Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos
- PLEB5.5.Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas...

PLEB5.6.Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ...).

- PLEB5.7.Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.
- PLEB5.8.Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos
- PLEB5.9.Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información
- PLEB5.10.Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais
- PLEB 5.12.Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.

PLEB5.13.Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula , ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.

### 3.7.2.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. Actividades obxectivas de avaliación de contidos: 30%
2. Actividades de avaliación de competencias: 30%
3. Observación directa: 20%
4. Actitude: 20%

**Criterios de promoción**

1. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.
Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e final de educación primaria.

**Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado (Confinamento total ou parcial)**

No caso de confinamento total ou parcial, hai que ter en conta que os criterios de cualificación expostos arriba veranse afectados por factores socio-económicos, emocionais ou circunstanciais que poden afectar ao rendemento do noso alumnado e que é preciso ter en conta no momento de avaliar. Nestes casos é importante avaliar dende unha perspectiva conxunta e coordinada coa titora/or e o resto do equipo.

O seguemento e avaliación do alumnado na área de linguas estranxeiras, especialmente nos cursos inferiores, céntrase en grande medida na observación directa de competencias, actitudes e habilidades lingüísticas, sociais, extralingüísticas… Dadas as circunstancias de confinamento total o parcial do alumnado é imposíbel facer un seguemento fiábel destas competencias e, en base a isto, é imposíbel desglosar unha serie de estándares e criterios nos que se podan deitar unhas bases medianamente sólidas para levar a cabo unha avaliación integral.

Nestas condición a valoración dos estándares de aprendizaxe en base aos 5 bloques (comprensión e produción oral, comprensión e producción de textos escritos e coñecemento da lingua e conciencia intercultural) é, sinxelamente, no mellor dos casos una declaración de boas intención ben alonxada da realidade competencial do alumando.

Os criterios e estándares e indicadores escollidos para esta programación, deberían ser reducidos a súa mínima expresión e estar suxeitos as ordes que as autoridades competentes manifesten así como se fixo no 27 de abril do 2020 pola Dirección Xeral de Educación.

Partirase da base da redución aos estándares básicos, menos inxustos, excluintes e xenéricos cos que no mellor dos casos se podería tentar facer unha simulación de avaliación. Aínda así compre ter en conta que moitas das familias non foron quen de, ou non quixeron ou non puideron facer as tarefas asignadas… polo que nese aspecto, avaliar nestas condicións é unha inxustiza tanto para o alumnado como para o profesorado.

A priori, tomarase como referencia as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación partirá da seguinte premisas:

a) A cualificación das tarefas durante o período de confinamento total e/ou parcial poderá incrementar a cualificación final nun máximo dun punto, tendo en conta o apartado 6.10 destas instrucións.

b) De ser o caso, terase en conta as cualificacións e notas tiradas da fase presencial do devandito trimestre.

c) A avaliación das actividades realizadas na fase non presencial só terá valor positivo para a cualificación do alumnado.

## 3.8. OBXECTIVOS MÍNIMOS

a/ Participar en interacciones orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predecibles

b/ Captar o sentido global, e identificar información específica en textos orais sobre temas familiares e de interés.
c/Ler e captar ol sentido global e algunhas informacións específicas de textos sinxelos sobre temas simples e con unha finalidade concreta.
d/Escribir frases e textos cortos significativos en situacións cotidianas e escolares a partir de modelos con unha finalidade determinada e con un formato establecido.
e/Usar formas e estructuras básicas da lingua extranxeira incluíndo aspectos sonoros de ritmo, acentuación e entoación.
f/Saber ler e escribir o vocabulario básico do curso.

# RELIXIÓN CATÓLICA PARA A EDUCACIÓN

## 1.-OBXECTIVOS EN CLAVE DE COMPETENCIAS

•Coñecer, apreciar e respectar o patrimonio cultural-relixioso como expresión da fe católica.
(Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística)
• Comprender e valorar o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos, especialmente na liturxia da Igrexa.
(*Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística)*
• Coñecer a *Biblia* e identificar o sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus.
*(Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística, Aprender a aprender)*
• Comprender a relación intrínseca entre os valores básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai.
*(Competencia humanizadora, Competencia social e cívica, Aprender a aprender)*
• Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo.
*(Competencia de sentido transcendente, Competencia humanizadora)*
• Descubrir en Xesucristo o fundamento para un estilo de vida cristián.
*(Competencia humanizadora, Competencia social e cívica, Competencia de sentido transcendente)*
• Identificar a Igrexa nas súas manifestacións e o servizo eclesial prestado polos apóstolos e polos seus sucesores.
*(Competencia social e cívica, Competencia de sentido transcendente, Competencia humanizadora)*
• Recoñecer os valores cristiáns xa presentes nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da Salvación.
*(Competencia ético-moral, Competencia humanizadora)*
• Valorar a relación entre a fe e o comportamento cristián, coñecendo as raíces e o sentido da acción e do compromiso cristián.
*(Competencia humanizadora, Competencia ético-moral, Competencia sentido transcendente)*
• Descubrir a relación entre o destino eterno do home e a realidade temporal na que está a vivir, apreciando a vitoria de Cristo sobre a morte.

*(Competencia de sentido transcendente, Aprender a aprender)*

## 2.-CONTIDOS DO CUARTO NIVEL

- A acción salvadora de Deus a través dos patriarcas e Moisés no pobo xudeu. Sentido salvífico e compromiso co home no xudaísmo, no cristianismo e no islam.
- A promesa de salvación que Deus fai ao home cúmprese na persoa de Xesucristo, verdadeiro Deus e verdadeiro home.
- Significado da vida de Xesús en canto a entrega persoal e compromiso con todos os homes.
- O pecado do home como ruptura con Deus, cos demais e consigo mesmo.
- O perdón de Deus e a súa misericordia. Os milagres de Xesús.
- A vitoria sobre o pecado e a morte. Xesucristo, o Mesías, o Salvador, resucitou e vive para sempre.
- A fe e o seguimento, resposta a Xesucristo. O Mandamento do Amor.
- O nacemento da Igrexa. O Espírito Santo é quen dá vida. Manifestacións dos vínculos internos que unen aos membros da Igrexa.
- A salvación de Deus a través dos sacramentos da Igrexa. Os sacramentos da Iniciación e da Reconciliación.
- A Eucaristía, orixe e meta da vida cristiá.
- A Virxe María, Nai da Igrexa.
- Comparación entre as principais expresións artísticas das relixións monoteístas. Identificación da fe do autor e da comunidade.

## 3.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO CUARTO NIVEL

- Saber localizar unha cita bíblica.
- Distinguir aos fundadores das relixións monoteístas, comparándoos entre si nos aspectos concernentes á súa relación con Deus, ao seu compromiso co ser humano e a súa acción salvífica.
- Verificar a acción salvadora de Deus a través dos personaxes bíblicos, e a súa plenitude en Xesús.
- Identificar algúns feitos e palabras de Xesús que mostran o amor de Deus ao home.
- Situar as accións salvíficas de Xesús nas referencias bíblicas sobre os seus milagres, a súa morte e resurrección.
- Comprender que o pecado rompe a relación con Deus, que Xesucristo restablécea coa súa morte e resurrección, e que o amor de Deus dura para sempre.
- Distinguir e relacionar os sacramentos da Iniciación, da Reconciliación e da Eucaristía.
- Explicar a nova vida que xorde polo Bautismo e se alimenta na Eucaristía.
- Recoñecer nas distintas advocacións de María á Nai de Deus e Nai nosa.
- Aplicar a algunhas obras artísticas e xestos litúrxicos os contidos básicos da fe cristiá e doutras relixións.

## 4.-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DO CUARTO NIVEL

- Enumera aspectos valiosos das persoas (servizo, altruísmo, capacidade inventiva…)
- Debuxa os relatos da creación amosando a Deus como autor da vida.
- Identifica algún feitos e palabras de Xesús que amosan o amor de Deus polo ser humano.
- Recoñece as virtudes dos patriarcas e da Virxe María.
- Valora a confianza de María en Deus.
- Comprende a acción salvadora de Deus a través dos personaxes bíblicos e a súa plenitude en Xesús.
- Comprende que o pecado rompe a relación con Deus, que Xesús restablece coa sua morte e resurrección.
- Identifica en relatos vocacionais (María, Zaqueo, Pedro, Pablo) o cambio que lles produciu atoparse con Deus.
- Recoñece que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus.
- Distingue e relaciona os sacramentos de iniciación, de curación e de servizo.
- É quen de explicar a nova vida que xorde polo Bautismo e que se alimenta na Eucaristía.
- Recoñece o Mandamento do Amor como resposta de fe e seguimento a Xesucristo.
- Sabe aplicar en relación cos amigos e a familia algún valores xerados na persoa de Xesús.
- Recoñece o sentido relixioso nalgunhas obras artísticas e xestos litúrxicos.
- Sabe que a morte no é o final de todo. Para o cristián a morte significa o encontro definitivo con Xesús resucitado.

## 5.-ENSINANZAS TRANSVERSAIS DO CUARTO NIVEL

**Educación moral e cívica**

- Identificación e análise das causas que provocan situacións de marxinación e inxustiza social.
- Superación de prexuízos respecto das persoas ou dos grupos sociais minoritarios.
- Interese por coñecer os aspectos positivos doutras culturas e valoralos adecuadamente.
- Interese por comprender e valorar as características e calidades das persoas que lle rodean, establecendo con elas relacións equilibradas e construtivas, así como recoñecendo e valorando criticamente as súas diferenzas.
- Adquisición progresiva de seguridade en si mesmo para enfrontarse con autonomía a calquera situación e para resolver aquelas que sexan conflitivas.
- Desenvolvemento progresivo da autonomía persoal.
- Interese por establecer relacións afectivas cos demais.
- Participación nas actividades de grupo, respectando os puntos de vista dos demais.
- Participación nas tarefas de grupo, mostrando actitudes de solidariedade e colaboración.
- Aceptación e respecto polas normas que democraticamente se establezan na planificación e realización de tarefas comúns.

- Responsabilidade no exercicio dos dereitos e deberes que corresponden a cada membro do grupo.
- Importancia e valoración do labor que a Igrexa, a través das súas institucións, ofrece desinteresadamente aos máis necesitados.
- Aprecio polos valores básicos que rexen a vida e a convivencia, descubrindo as razóns da súa existencia e obrando en consecuencia.

**Educación para a paz**

- Descubrimento e valoración das calidades e aptitudes dos demais.
- Importancia do diálogo como medio para solucionar conflitos.
- Respecto e tolerancia cara ás opinións alleas.
- Análise de posturas e actitudes que favorecen vivir en paz: diálogo, perdón, aceptación, colaboración...
- Interese por coñecer o novo mandamento de Xesús para alcanzar a verdadeira paz cun mesmo e cos demais.

**Educación para a saúde e a calidade de vida**

- Valoración do propio corpo como obra da Creación.
- Aprecio polo propio corpo e o coidado deste.
- Actitude de axuda cara ás persoas enfermas, débiles, anciás, indefensas..., e colaboración con estas.
- Actitude de rexeitamento cara a calquera práctica que vaia en contra da vida e da saúde, e de acollida cara a aquelas que a favorezan.

**Educación para a igualdade de oportunidade entre os sexos**

- Interese por descubrir a dignidade da persoa e valorala.
- Valoración do home e da muller, desde a súa dignidade de persoa e como seres máis importantes da Creación.
- Importancia e valoración da mensaxe de Xesús e da doutrina da Igrexa sobre a dignidade do home e a muller como fillos de Deus.
- Asunción das tarefas que deben realizarse, independentemente de que se sexa home ou muller.
- Rexeitamento cara a calquera manifestación que supoña discriminación baseada na diferenza de sexo.

**Educación ambiental**

- Descubrimento global do contorno como elemento imprescindible para a vida.
- Interese por respectar a natureza, obra da Creación ao servizo do home e da muller.
- Actitude de colaboración para respectar, manter e mellorar o medio natural.
- Respecto polas orientacións da Igrexa e de moitos santos sobre o respecto cara á natureza, as plantas, os animais...
- Valoración do traballo das persoas que colaboraron e colaboran na mellora do medio natural.

**Educación sexual**

- Aprecio e respecto cara ás persoas, con independencia da súa condición sexual.

- Manifestación de sentimentos que favorezan a amizade, a tenrura e a igualdade entre os sexos.
- Interese pola mensaxe cristiá sobre o papel do home e da muller como procreadores da especie humana.
- Importancia da sexualidade como actitude de plena comunicación afectiva entre as persoas.

**Educación do consumidor**

- Actuación responsable na utilización de servizos e bens de consumo.
- Respecto e aceptación das normas que regulan o uso e consumo dos recursos enerxéticos.
- Actitude de rexeitamento cara ao consumismo.
- Sensibilización ante os colectivos que non poden satisfacer as necesidades básicas e actitude de colaboración.

**Educación viaria**

- Actitude de colaboración con persoas diminuídas e con aquelas que teñen dificultades para circular.

**Educación para o lecer**

- Desenvolvemento da capacidade de aproveitar o tempo de lecer en actividades que fomenten o desenvolvemento persoal.
- Importancia de amosar actitudes positivas no desenvolvento do tempo de lecer.
- Planificación de xogos e actividades para o tempo libre.

## 6.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR O CUARTO NIVEL

- Coñecer e valorar a súa forma de ser.
- Nomear ás persoas en quen confía.
- Explicar a grandes trazos o significado do Nosopai.
- Coñecer quen era María de Nazaré e algúns feitos da súa vida.
- Saber explicar por que o nacemento de Xesús é unha boa nova.
- Coñecer e respectar os valores cristiáns para vivir un Nadal máis auténtico.
- Enumerar as actitudes necesarias para establecer lazos de amizade.
- Distinguir entre actitudes de aceptación e de exclusión.
- Recoñecer unha mostra de empatía.
- Coñecer o significado das seguintes palabras: mandamento, próximo e empatía.
- Escribir valores e actitudes que practicamos ao seguir a mensaxe de Xesús.
- Explicar unha acción para ser ponte para os demais.
- Identificar os momentos de Semana Santa e os seus símbolos.
- Saber o significado da Pascua cristiá.
- Coñecer o relato bíblico da Creación.

- Seleccionar xestos de colaboración e conservación da Creación.
- Recoñecer o cambio dos seguidores de Xesús logo da chegada do Espírito Santo.
- Coñecer que a Igrexa traballa para facer un mundo mellor para todos e enumerar as principais características da súa misión.
- Buscar textos do Novo Testamento a partir das citas.
- Explicar a importancia para os cristiáns de ler na Biblia a vida e a mensaxe de Xesús.
- Coñecer as actitudes na vida de Abraham e a súa importancia para as diversas relixións.
- Coñecer quen era Moisés e como se converteu no guía do pobo de Deus.
- Entender a importancia das normas para mellorar a convivencia entre todos.
- Ler parábolas e interpretar a simboloxía dos seus personaxes e a súa mensaxe, e saber aplicar as súas ensinanzas a un caso próximo.
- Entender que Xesús é un home como nós, pero tamén o Fillo de Deus.
- Saber relacionar feitos da vida de Xesús con parábolas, curacións e milagres.
- Recoñecer a propia responsabilidade e aprender a perdoar.
- Esforzarse para cambiar de actitude e dar novas oportunidades.
- Saber ordenar os días da Semana Santa e enumerar os principais feitos da vida de Xesús.
- Recoñecer actitudes que reflictan o amor ao próximo.
- Identificar os símbolos, quen participan e que ocorre en cada un dos sacramentos.
- Relacionar situacións e citas bíblicas cos sacramentos correspondentes.
- Saber explicar que é a Eucaristía.
- Identificar elementos dunha igrexa.
- Explicar a función dos membros da Igrexa.
- Explicar como vivían os primeiros cristiáns.
- Identificar os templos, festas, libros sagrados e fundadores das principais relixións monoteístas.

## 7.-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

**Escritos**

- Tarefas realizadas polo alumnado na actividade diaria de clase.
- Caderno de clase do alumno-a: orde e limpeza na presentación.
- Actividades de avaliación: fichas fotocopiables, probas escritas…
- Actividades interactivas.

**Orais**

- Preguntas individuais e de grupo.
- Participación do alumno-a (uso dun vocabulario axeitado, interese…)

- Intervencións na clase dun xeito responsable e respetuoso.

**Observación directa e sistemática, individual e do grupo-clase**

- Listas de control.
- Rexistros de incidencias.

## 8.-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualifiación estará relacionada co grao de adquisición das competencias básicas do alumno-a de cuarto nivel de Educación Primaria, a través de todas as actividades que leve a cabo.

1.-Traballo autónomo: realización do mesmo sen axuda externa, tempo investido para resolver unha actividade, grao de adquisición de aprendizaxes básicas, orde e limpeza na presentación, creatividade…(20%)
2-Probas orais e escritas: valoración da aprendizaxe dos contidos, tempo de realización, orde e limpeza do traballo presentado.(30%)
3.-Participación e seguimento das clases: nivel e calidade das intervencións, uso de vocabulario axeitado, tipo de respostas, comportamento, esforzo…(20%)
4.-Traballo cooperativo: capacidade de traballo en grupo, grao de comunicación cos compañeiros, resolución de conflictos, interese…(20%)
5.-Presentación clara e ordenada do traballo individual, esforzo, interese.(10%)

### 8.1 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PORCENTAXES NO CASO DO ENSINO A DISTANCIA

1. Entrega en prazo das tarefas online propostas. (20%)
2. Realización do traballo online proposto e coidado na presentación do mesmo. (50%)
3. Valoración da actitude e da participación nas tarefas propostas. (30%)

## 9.-METODOLOXÍA

Na área de Relixión Católica partimos sempre do plano da propia experiencia, de todo aquilo que lle evoque vivencias persoais, e do contorno máis próximo. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que lle rodea e axuda a entender fenómenos que suceden ao seu arredor, tanto os que se refiren á propia identidade e a relación cos demais, como aqueles que teñen que ver co coñecemento e o coidado do seu contorno natural. Todo isto suscita un espazo de debate, diálogo e de reflexión que fomenta a capacidade de comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e a comprensión das opinións alleas e das propias.
Unha imaxe, unha breve lectura, un vídeo… dan pé a un debate pautado para iniciar o tema, como xa dixemos, a partir das experiencias e dos coñecementos previos dos alumnos.

Nun segundo momento e de xeito progresivo vanse incorporando os contidos mediante exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas que permitan a transferencia, a xeralización e a ampliación de aprendizaxes e que conectan coas competencias básicas identificadas.
Nun terceiro momento aplicamos as aprendizaxes en diversas actividades: de razoamento, de competencias básicas, de proxectos, de grupo, interactivas, de reforzo, ampliación… secuenciadas por niveis de dificultade, facilitando así o traballo das competencias básicas e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos.
Todo isto establecendo a interrelación que se dá entre a área de Relixión Católica e as demáis áreas do currículo, co fin de obter perspectivas globalizadoras e dotar de unidade interna e significado as aprendizaxes escolares.
Tamén procuramos promover o traballo cooperativo co fin de que os membros do grupo melloren a súa capacidade de comunicación e de interrelación persoal.

### 9.1 METODOLOXÍA NO CASO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

O ensino non presencial será impartido preferentemente a través da aula virtual do centro https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdearzua/aulavirtual/ á que se subirán os recursos e as propostas necesarias que permitan acadar os contidos da materia e levar a cabo unha avaliación continua da mesma. Estas propostas, no caso da materia de Relixión, realizaríanse cunha periodicidade semanal, continuando así coa carga lectiva horaria da propia materia.
Outras ferrramentas telemáticas ás que se recorrerá, de ser preciso, para manter a actividade lectiva serán: a web do centro http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdearzua/ , o servizo de videoconferencia webex, o correo electrónico relixion@arzua.net, e, de ser necesario ou solicitado por algunha familia, o sistema de mensaxería whatsapp.
Polo que se refire a este punto tamén é importante reflectir a necesidade de intensificar a coordinación entre o profesorado implicado na docencia deste nivel a través da titoría do mesmo.

## 10.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto dixital: Relixión Católica 4, Proxecto Aprender é crecer, ed. Anaya, enriquecido con recursos dixitais.
- Diferentes recursos dixitais na Aula virtual do centro:enlaces,actividades interactivas, presentacións tipo PowerPoints…)
- Láminas, xogos, contos, cancións…
- Material fotocopiable.
- Recursos educativos para a area de Relixión procedentes de internet: actividades interactivas, xogos, videos… relacionados cos contidos a traballar.
- Materiais multimedia para a área de Relixión.
- Ordenador.
- Pantalla dixital.

## 11.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Relación de diversas propostas para traballar a atención a diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, así como de intereses e capacidades do alumnado:

- Reforzo: fichas fotocopiables con actividades para traballar a aprendizaxe dos contidos mínimos do ciclo e facilitarlle ao alumno-a que requira a adquisición das competencias básicas.
- Ampliación: fichas fotocopiables con actividades de maior dificultade pola súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do seu nivel, etc.
- Traballos de investigación.
- Lecturas e consultas de forma libre.
- Aproveitamento de recursos educativos en internet para dar resposta a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias, etc.

Neste apartado é importante sinalar a indispensable comunicación e coordinación coa titora e co equipo de orientación para optimizar as aprendizaxes e traballar os potenciais individuais deste alumnado, así como para dar unha resposta educativa personalizada aos nenos e nenas con NEE : pautas de actuación, medidas curriculares, estratexias didácticas á hora de elaborar materiais e recursos educativos…

## 12.-ESTRATEXIAS PARA INCORPORAR AS TIC NA AULA

- Presentación dos contidos a partir do libro dixital ou doutros materiais proxectables.
- Aproveitamento de recursos educativos en internet: imaxes, información, curiosidades…
- Enlaces de internet de consulta ou con propostas de actividades complementarias…
- Proxección de fragmentos de películas e videos relacionados cos contidos cos que se están a traballar.

## 13.-ESTRATEXIAS PARA ESTIMULAR O INTERESE E O HÁBITO DE LECTURA E DESENVOLVER A EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA

- Ler comprensivamente os textos: poemas, relatos bíblicos, oracións, cancións, contos, lendas…
- Ler tamén textos en soporte dixital: contos, comics, información….
- Realizar dramatizacións a partir dun texto traballado.
- Elaborar un esquema, resumo o idea sobre un texto lido.
- Expresar oralmente ou por escrito o comprendido a partir dun texto.
- Expresar as súas propias experiencias e sentimentos.
- Diálogos, debates, argumentacións
- Na sesión despois do recreo, adicaremos 20 minutos á lectura individual ou colectiva, e en distintos formatos (plan lector do centro).

# EDUCACIÓN FÍSICA

A continuación, procédese a detallar os aspectos puntuais sobre a área de Educación Física, seguindo o seguinte índice:


1. OBXECTIVOS
    1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA
    2. OBXECTIVOS POR BLOQUES
    3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
2. CONTIDOS
3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
4. COMPETENCIAS CLAVE
5. MÍNIMOS ESIXIDOS
6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
8. METODOLOXÍA
    1. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS
    2. METODOLOXÍA ESPECÍFICA
    3. METODOLOXÍA ESPECÍFICA NAS MODALIDADES PRESENCIAL E NON PRESENCIAL
9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
10. PLANS E PROXECTOS
11. ELEMENTOS TRANSVERSAIS
12. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E DE REFORZO
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
14. MATERIAIS E RECURSOS
15. PROCEDEMENTO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN


## 1. OBXECTIVOS

Seguindo o establecido no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro,** polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os obxectivos son *“os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin”.*

### ***1.1. Obxectivos de etapa***

Dito Decreto establece 15 obxectivos para a etapa de Educación Primaria. A continuación descríbese o obxectivo que máis relación garda coa área de educación física e que será traballado en todas as unidades didácticas do curso:

**k)** *Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social*.

### ***1.2.Obxectivos por bloques***

**1º BLOQUE. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA**

B1.1.Coñecer, aceptar e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e de gozo das propias posibilidades motrices, de relación coas demais persoas e como recurso para organizar o tempo de lecer.
B1.2. Aceptar e respectar as normas, regras, estratexias e persoas que participan no xogo elaborando e cumprindo un código de xogo limpo.
B1.3. Adquirir confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.
B1.4. Integrar as novas tecnoloxías no proceso de ensinanza-aprendizaxe para obter información relacionada coa área.
B1.5. Participar en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.

B1.6. Usar correctamente os materiais e espazos na práctica da Educación física.

B1.7. Coidar o corpo e a consolidar os hábitos de hixiene corporal e sanitarios establecidos por mor da pandemia.

B1.8 Coñecer a normativa básica de circulación en rúas e estradas.

B1.9. Identificar e respectar os sinais básicos de tráfico.

**BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN**

B2.1. Aprender a valorar e aceptar a propia realidade corporal e a das demais persoas.
B2.2. Adquirir seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.
B2.3. Adquirir autonomía persoal.

B2.4. Descubrir os elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento: circulación, respiración, locomoción (principais músculos e articulacións).
B2.5. Controlar o ritmo respiratorio en diferentes actividades, e toma de conciencia e inicio do control dos diferentes tipos de respiración.
B2.6. Coñecer as características do equilibrio estático e dinámico sobre superficies estables e inestables e alturas variables.
B2.7. Afianzar a organización espacial, temporal e espazo-temporal.

**BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES**

B3.1. Coñecer e diferenciar as formas e posibilidades do movemento. Axustar e consolidar os elementos fundamentais na execución das habilidades motrices básicas.
B3.2. Utilizar as habilidades motrices básicas en medios e situacións estables e coñecidas.
B3.3. . Adaptar as habilidades básicas a situacións non habituais en diversos medios: natural, acuático, neve… que favorezan a toma de decisións.
B3.4. Mellorar as capacidades físicas de forma global orientada á execución das habilidades motrices..
B3.5. Amosar unha disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.

**BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS**

B4.1. Utilizar o corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación
B4.2. Coñecer e practicar diversas manifestacións expresivas adaptadas ao ámbito escolar: mimo, dramatización, baile, expresión corporal.
B4.3. Adecuar o movemento a estruturas espazo-temporais e executar bailes e coreografías simples utilizando como base o folclore galego e outros bailes do mundo.
B4.4. Expresar sentimentos e emocións a través do corpo, o xesto e o movemento
B4.5. Desenvolver as habilidades motrices básicas participando en actividades artístico-expresivas.
B4.6. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos…) para adaptalas ás necesidades do grupo.

**BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

B5.1. Consolidar os hábitos de hixiene corporal e adquirir hábitos posturais e alimentarios saudables relacionados coa a actividade física.
B5.2. Recoñecer os beneficios da actividade física na saúde integral da persoa.
B5.3. Adquirir hábitos de práctica segura de actividade física recoñecendo a importancia do quecemento, a dosificación do esforzo, a volta á calma e a relaxación.
B5.4. Mellorar a condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.

B5.5. Aplicar as medidas básicas de seguridade na práctica de actividade física no uso de materiais e espazos.
B5.6. Desenvolver unha actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde, manifestando comportamentos responsables, respectuosos e seguros cara a un mesmo e as demais persoas.

**BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

B6..1 Descubrir e aplicar as estratexias básicas de xogo: cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.
B6.2. Respectar ás persoas que participan no xogo e rexeitar os comportamentos antisociais.
B6.3. Aceptar e respectar as normas do xogo.
B6.4. Recoñecer o xogo e o deporte como fenómeno social e practicar tradicionais de Galicia.
B6.5 Coñecer os xogos doutras culturas.
B6.6. Desenvolver as habilidades motrices básicas en situacións de xogo.
B6.7. Participar en xogos de diferente tipoloxía e iniciarse na práctica de actividades deportivas a través de xogos predeportivos e o deporte adaptado.
B6.8. Iniciarse e participar en xogos de orientación.
B6.9. Practicar e gozar de forma actividades motrices relacionadas coa natureza (xogos de campo, de exploración, de aventura, marcha, escalada...).
B6.10. Coñecer e coidar a natureza.

### *1.3. Obxectivos específicos*

Dentro dos obxectivos do 4º nivel atópanse os obxectivos específicos que pretendemos alcanzar coa natación. Estes obxectivos poden enmarcarse no segundo bloque de contidos. Facemos unha división do alumnado en seis niveis de dificultade, porque non todas as alumnas e alumnos parten do mesmo nivel de coñecemento e de adaptación ao medio.

**Primeiro nivel**

Neste nivel atópanse o alumnado que non saben nadar e que practicamente descoñecen o medio. Perséguese familiarizar ó alumnado coa auga, evitando reaccións negativas ante ó novo medio, así como unha aproximación á patada.

Obxectivos xerais:

- Familiarización coa auga.
- Coñecemento básico do medio.

Obxectivos motrices:

- Que o alumnado sexa capaz de desprazarse na auga *(agarrado ao bordillo, suxeito a un pao, agarrado polo monitor...).*
- Que sexa capaz de entrar con naturalidade na auga.
- Que sexa capaz de saltar á auga dende as posicións de sentado e de pé.
- Inicio no pataleo.

Obxectivos cognoscitivos:

- Coñecer as peculiaridades do novo medio (profundidade, orientación, movemento).

Obxectivos afectivos:

- Que non se manifesten na nena e no neno reaccións negativas ou de temor que retrasen a aprendizaxe.
- Que o alumnado se divirta.

**Segundo nivel**

Unha vez que o alumnado perdeu o medo á auga, plantéxase o logro dunha flotación básica, unha respiración rudimentaria, a iniciación aos estiramentos e deslizamentos, un maior dominio da patada, unha iniciación no movemento dos brazos e un logro de autonomía co material auxiliar.

Obxectivos xerais:

- Flotación básica.
- Respiración básica.
- Deslizamentos e estiramentos.
- Propulsión básica.
- Autonomía co material auxiliar.

Obxectivos motrices:

- Que a nena ou o neno sexa capaz de deslizarse (sen propulsión).
- Que a nena ou o neno sexa capaz de respirar (soplar aire dentro da auga). Dez veces.
- Que a nena ou neno sexa capaz de desprazarse pola piscina sen medo co material auxiliar, cambiando de dirección.
- Que o alumnado dispoña certo dominio da patada, desprazándose mediante a acción de pés, co material auxiliar.

Obxectivos cognoscitivos:

- Que o alumnado saiba reter o aire baixo a auga.
- Que saiba relaxarse na auga.
- Que capte as nocións de estiramento e propulsión.

Obxectivos afectivos:

- Que a nena ou o neno sinta pouco a pouco que vai dominando o medio.
- Que o neno/nena sinta a necesidade de axudar e ser axudado para aprender máis (relación co outro).

**Terceiro nivel:**

Obxectivos xerais:

- Creacións de sensacións específicas.
- Aprendizaxes específicos, característicos do alumnado.
- Flotación, deslizamento e respiración.
- Propulsión e zambullida.

Obxectivos motrices:

- Que a nena ou neno sexa capaz de moverse na auga mediante accións de brazos e pernas sen exixencias no estilo (aproximadamente 10 metros).
- Que sexa capaz de realizar uns 10 metros con batido de pés croll, suxeitando a táboa coas mans.
- Que sexa capaz de tirarse na auga dende o bordillo da piscina.
- Que sexa capaz de realizar flotación voluntaria (supino e prono).

Obxectivos cognoscitivos:

- Coñecer os efectos das accións de brazos e pernas sobre a auga.
- Coñecer o efecto da postura corporal no referente á flotación e ó deslizamento.
- Coñecer as formas de respiración (posición) ventral e dorsal.

Obxectivos afectivos:

- Sentir a satisfacción do dominio do medio (ó dominar distintos desprazamentos) e ser capaz de desprazarse na auga con afectividade e seguridade.

A partir deste nivel considérase que o alumnado xa ten un dominio motor básico da natación e desexan perfeccionar os estilos.

**Cuarto nivel:**

Neste nivel plantexamos o reforzamento do estilo de croll e a aprendizaxe da costas, facendo un maior fincapé nas accións correctas de brazos e de pernas, así como na coordinación da respiración cos brazos.

- Obxectivos xerais:
    - Aprendizaxe de dous estilos (crol e costas).
    - Perfeccionamento da zambullida.
- Obxectivos motrices:
    - Nadar 25 metros croll sacando os brazos estirados fóra da auga con batida de pés croll.
    - Desprazarse 25 metros coordinando a batida de pés croll coa respiración lateral.
    - Nadar polo menos 15 metros realizando punto morto de croll con táboa, coordinando a respiración lateral.
    - Manter a posición de tendido supino ("morto boca arriba"), e tendido prono ("boca abaixo"), durante un tempo mínimo de 5 segundos.
    - Tirarse de cabeza á auga dende o borde da piscina.
    - Desprazarse 25 metros con batido pés costas (coa táboa no abdome).
    - Desprazarse polo menos 15 metros, coa táboa no abdome, realizando pés, costas e movemento alternativo de brazos.
- Obxectivos cognoscitivos:
    - Coñecemento profundo das condicións de flotación, técnica da inmersión e da propulsión.
    - Coñecemento técnico dos estilos croll e costa, e coñecemento das accións de brazos e pernas.
- Obxectivos afectivos:
    - Sensación total de desenvolvemento no medio.

## 2. CONTIDOS

O **Decreto 105/2014, do 4 de setembro** define os contidos como o "conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado". **O currículo, no seu anexo II,** establece 6 bloques de contidos para a área de educación física. Esta agrupación non determina métodos concretos, senón que responde a una forma de organizar os contidos que deben ser abordados de forma enlazada atendendo á configuración cíclica da ensinanza da área, construíndo uns contidos sobre outros. Os bloques de contidos que se traballarán nesta área serán os seguintes:

**Bloque 1. Contidos comúns:** *son de natureza transversal polo que se traballarán ao longo de todo o curso en combinación cos contidos do resto dos bloques. Abarca aspectos tales como os valores que teñen por referente o corpo, o movemento e a relación co entorno, a educación*

*viaria, a resolución de conflitos mediante o diálogo, aceptación das regras, actitudes, a confianza, iniciativa individual e hábitos de esforzo, así como o uso adecuado dos materiais e espazos ou as TIC.*

B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais.
B1.2. . Aceptación e respecto cara ás normas, regras, estratexias e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.
B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.
B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.
B1.6. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.
B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.
B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.
B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.
B1.10. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.
B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e persoas e ás persoas ciclistas.

**Bloque 2. O corpo: imaxe e percepción:** *traballaranse capacidades perceptivas, representadas a través do esquema corporal, coñecemento do corpo e as súas posibilidades de movemento ou a organización e percepción espazo-temporal.*
B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.
B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.
B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.
B2.4. Descubrimento dos elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento: circulación, respiración, locomoción (principais músculos e articulacións).
B2.5. Control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Toma de conciencia e inicio do control dos diferentes tipos de respiración.
B2.6. Equilibrio estático e dinámico sobre superficies estables e inestables e alturas variables.
B2.7. Organización espacial (organización dos elementos no espazo, apreciación de distancias, traxectorias, orientación, lonxitude). Organización temporal (duración, sucesión, ritmo). Organización espazo-temporal velocidade, previsión do movemento).

**Bloque 3. Habilidades motrices:** *céntrase nos aspectos cuantitativos do movemento, capacidades e habilidades motrices básicas, e a coordinación.*
B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución das habilidades motrices básicas.
B3.2. . Utilización eficaz e económica das habilidades motrices básicas en medios e situacións estables e coñecidas.
B3.3. Inicio na adaptación das habilidades básicas a situacións non habituais e contornos descoñecidos ou con incerteza, incidindo nos mecanismos de decisión.
B3.4. Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices.
B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando a existencia de diferenzas no nivel de habilidade

**Bloque 4. Actividades físicas artístico expresivas:** *abarca o uso do corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación. Engloba os bailes, o ritmo, as danzas e a expresión de emocións e sentimentos, imitacións, representacións e dramatizacións.*
B4.1. O corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación.
B4.2. Coñecemento e práctica de diversas manifestacións expresivas adaptadas ao ámbito escolar: mimo, dramatización, baile, expresión corporal.
B4.3. Adecuación do movemento a estruturas espazo-temporais e execución de bailes e coreografías simples utilizando como base o folclore galego e outros bailes do mundo.
B4.4. Expresión de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.
B4.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, participando en actividades artístico-expresivas.
B4.6. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico- expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.

**Bloque 5. Actividade física e saúde:** *engloba aqueles contidos relacionados coa mellora da saúde e a calidade de vida. A hixiene (corporal e postural), a alimentación, a condición física orientada á saúde, así como a adopción de medidas de seguridade e a prevención de accidentes.*
B5.1. Consolidación de hábitos de hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables relacionados coa actividade física.
B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa.
B5.3. Práctica segura da actividade física, recoñecendo a importancia do quecemento, a dosificación do esforzo, a volta á calma e a relaxación.
B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.
B5.5. . Adopción das medidas básicas de seguridade na execución das actividades físicas e no uso de materiais e espazos.

B5.6 Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde, manifestando comportamentos responsables, respectuosos e seguros cara a un mesmo e as demais persoas.

**Bloque 6. Os xogos e actividades deportivas:** *presenta contidos relacionados co xogo e coas actividades deportivas. O xogo pode ser un recurso metodolóxico ou un contido con sentido propio (xogos populares e tradicionais galegos, o respecto ás normas e aos compañeiros/as, así como estratexias básicas do xogo relacionadas coa cooperación, oposición e cooperación-oposición).*
B6.1 Descubrimento e aplicación das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.
B6.2. . Respecto cara ás persoas que participan no xogo e rexeitamento cara aos comportamentos antisociais.
B6.3. Comprensión, aceptación e cumprimento das normas de xogo.
B6.4. O xogo e o deporte como elementos da realidade social.
Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia.
B6.5. Achegamento ao xogo doutras comunidades e países dos seus compañeiros e compañeiras da clase.
B6.6. Aplicación das habilidades básicas en situacións de xogo.
B6.7. Participación en xogos de diferente tipoloxía e iniciación á práctica de actividades deportivas a través de xogos predeportivos e o deporte.
B6.8. Iniciación á orientación deportiva mediante propostas lúdicas (ximnasio, patio, parque).
B6.9. Práctica e gozo de actividades motrices lúdicas relacionadas coa natureza (xogos de campo, de exploración, de aventura, marcha, escalada...).
B6.10 Coñecemento e coidado da contorno natural.

## 3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

A avaliación é un elemento fundamental da práctica educativa. Permítenos recoller a información necesaria para poder valorar que obxectivos conséguense e cales non, onde, como, cando e porqué se producen problemas e erros e cal é o seu grao de profundidade De acordo coa Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade autónoma de Galicia, a avaliación será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave.
Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os **criterios de avaliación** e os **estándares de aprendizaxe** avaliables.

### Criterios de avaliación

B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.
B1.2. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.
B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas.
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.
B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.
B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.
B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.
B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.
B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, en especial as de Galicia.
B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.
B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.

**Estándares de aprendizaxe**
EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.
EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase.
EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.

EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.
EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.
EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.
EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.
EFB1.3.1. . Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.
EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.
EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.
EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
EFB2.2.1. Recoñece os dous tipos de respiración.
EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación a alturas variables.
EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións e no control postural.
EFB2.2.4. Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento, con e sen manipulación de distintos móbiles.
EFB2.2.5. Mellora a súa eficacia nas repostas motrices ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles no tempo e no espazo.
EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, sen perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
EFB3.1.3. . Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando os xestos e utilizando os segmentos dominantes.
EFB3.1.4. . Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos sen perder o equilibrio e a continuidade, tendo en conta dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.
EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, con certo nivel de incerteza.
EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas e sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos.
EFB4.1.2. Representa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.

EFB4.1.3. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.
EFB4.1.4. Leva a cabo manifestacións artísticas en interacción cos compañeiros e compañeiras.
EFB4.2.1. Identifica a capacidades físicas básicas implicadas nas actividades artístico-expresivas.
EFB4.2.2. Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.
EFB5.1.1. Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde.
EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).
EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.
EFB5.1.4. Adopta hábitos posturales recoñecendo a súa importancia para saúde.
EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma.
EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.
EFB5.2.2. Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física, nel mesmo ou nun compañeiro ou compañeira.
EFB5.2.3. Percibe e comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ás demandas da estrutura da clase de Educación física.
EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, sendo capaz de realizar o quecemento con certa autonomía.
EFB6.1.1. . Consolida o uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.
EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.
EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características básicas entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.
EFB6.2.2. Recoñece a orixe e a importancia dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.
EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.
EFB6.3.1. Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nos xogos e nas actividades deportivas.
EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.
EFB6.3.3. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.
EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.
EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.

## 4. COMPETENCIAS CLAVE

Tal e como aparece indicada na nova configuración do currículo, a cal está concretada no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro,** establécense a adquisición de determinadas competencias claves, as cales deben ser adquiridas polo alumnado. Segundo este decreto as competencias clave son *"capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos".*

Coa entrada en vigor da **Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro,** para a Mellora da Calidade Educativa, establécense 7 competencias clave, as cales son un elemento esencial no currículo, polo que a área de educación física contribuirá a consecución de estas. Ademais de estas 7 competencias clave, destacamos tamén a competencia motriz:

- No currículo de Educación Primaria **(Decreto 105/2014, de 4 de setembro),** no *Anexo II* menciona a **competencia motriz**, fundamental para o desenvolvemento das sete competencias clave.

**1.º Comunicación lingüística (CCL).**

A Educación Física desenvolve esta competencia dende varias perspectivas, grazas á variedade de intercambios que permite, a parte do vocabulario específico que a área aporta.

**2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).**

En Educación Física, propíciase un campo de actividades variadas e diversas que permite o uso, o desenvolvemento, a mellora e a consolidación das habilidades matemáticas básicas, en situacións reais ou creadas : organiza e estrutura o espazo e o tempo, desenrola a lóxica e o razoamento nos xogos, etc…

**3.º Competencia dixital (CD).**

A saúde, a actividade física e o deporte xeran información que o alumno/a debe seleccionar, procesar e utilizar. A área de Educación Física contribúe a esta competencia dende varios puntos de vista:

- Ensina a buscar, seleccionar e analizar de xeito información relacionada coa saúde, o deporte e o exercicio físico.
- Fomenta progresivamente o espírito crítico ante determinadas informacións, e ensina a formar o propio criterio ante os sucesos relacionados co ámbito da actividade física e o deporte…etc

**4.º Aprender a aprender (CAA).**

Aprender a aprender significa desenrolar habilidades que posibiliten a adquisición de coñecementos tanto teóricos como prácticos:

- Fomenta a adquisición de coñecementos relacionados cunha vida san e hábitos saudables.
- Traballa a toma de conciencia das posibilidades e limitacións, o que permite a mellora persoal.
- Utiliza técnicas de aprendizaxe como a concentración, a memoria e a reflexión para adquirir novos coñecementos e experiencias relacionadas coa actividade física e o deporte.
- Ensina a auto-avaliar as capacidades para tomar conciencia do propio estado de saúde, a adoptar certas normas de prevención de riscos na práctica de actividades deportivas.

- Desenrola o gusto por aprender novas habilidades e técnicas deportivas.
- Favorece estilos de vida activos, motivados por novos retos, actividades e aprendizaxes.

**5.º Competencias sociais e cívicas (CSC).**

As características da Educación Física, especialmente no que se refire na dinámicas de relacións, presente nas sesións, fana axeitada para a educación en habilidades sociais.

**6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**

A Educación física axuda á consecución desta competencia mellorando o coñecemento do corpo e do contorno, a percepción espacial e temporal, e incrementando o nivel de habilidades e capacidades e, en consecuencia a autonomía e a iniciativa persoal do alumno.

**7.º Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

Contribúe á expresión de ideas ou sentimentos de forma creativa contribúe mediante a exploración e utilización das posibilidades e recursos do corpo e do movemento. Á apreciación e comprensión do feito cultural, e á valoración da súa diversidade, faino mediante o recoñecemento e a apreciación das manifestacións culturais específicas da motricidade humana, tales como os deportes, os xogos tradicionais, as actividades expresivas ou a danza e a súa consideración como patrimonio dos pobos.

## 5. MÍNIMOS ESIXIDOS

1. Amosa un axeitado coñecemento do corpo, dos seus elementos e funcionalidade.
2. Adapta os movementos ás circunstancias e condicións de cada situación.
3. Reproduce estruturas rítmicas sinxelas e reprodúceas corporalmente ou con instrumentos.
4. Utiliza os recursos expresivos do corpo e do movemento de forma creativa comunicando ideas.
5. Regula o seu esforzo de acordo coa natureza da tarefa que se realiza.
6. Desprazase e salta, combinando as habilidades de maneira equilibrada e coordinada, axustando os movementos corporais eficazmente aos cambios das condicións da actividade.
7. Xira sobre os eixos lonxitudinal e transversal, mantendo o equilibrio nas execucións e achegando respostas motrices acordes coas prácticas solicitadas.
8. Lanza, pasa e recibe pelotas ou outros móbiles con certo control e adaptándose ás traxectorias.
9. Recoñece os efectos da actividade física, hixiene e alimentación sobre a saúde.
10. Participa en xogos e actividades físicas establecendo relacións equilibradas cos outros, evitando discriminación por características persoais, de xénero ou culturais.
11. Coñece e valora a diversidade de actividades físicas, lúdicas e predeportivas, así coma os ámbitos nos que se desenvolven.

12. Resolve problemas motores de xeito eficaz nas actividades físicas, lúdicas, predeportivas e artísticas.
13. Coñece, indaga e practica xogos e deportes tradicionais propios da zona.
14. Coñece, respecta e aplica as regras e principios de acción propios dos xogos.
14. Entrega os traballos indicados no prazo correspondente.
15. Asiste coa roupa axeitada ás clases de EF *(roupa deportiva e zapatillas deportivas).*

## 6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación entendese como unha fase máis do propio proceso de ensino aprendizaxe, polo que potenciaremos o seu carácter pedagóxico (elemento de mellora). A pesar de que a avaliación é un proceso continuo, distinguimos tres momentos:

**Avaliación inicial ou de diagnóstico:** esta avaliación realizarémola na UD 1 con un xogo de preguntas que engloben diferentes vertentes, para comprobar como se manexa o alumnado, así como unha serie de probas prácticas, para comprobar os seus valores de destreza, habilidade, cooperación, forza e velocidade. Ao comezo de cada U. D. é importante recoller información sobre o estado en que se atopan os nosos alumnos/as respecto aos novos contidos a desenvolver. En todas as unidades, a primeira sesión será ordinaria, pero facendo especial fincapé en tomar rexistros.

**Avaliación continua ou formativa:** Ao longo da unidade, analizaremos as incidencias, se están claros os obxectivos, se a selección de contidos é axustada, o enfoque metodolóxico, as actividades atractivas ou eficaces, realizando os axustes necesarios.

**Avaliación final ou sumativa:** Ao final da U. D., é preciso obter información sobre o grao de aprendizaxe dos contidos e resultados acadados polo alumnado, tendo en conta os criterios de avaliación de nivel, rexistros anecdóticos e probas orais.

## 7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Intentaremos obter a maior cantidade de información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que utilizaremos varios instrumentos de avaliación.
A **avaliación do alumnado** realizarase mediante:

1. **<u>Observación diaria:</u>** rexistraremos o que sucede nas sesións de forma sistemática. Para iso contamos en cada U.D. con **rúbricas** coas que se avaliarán os distintos estándares de aprendizaxe, valorado cun **40%**. Tamén utilizaremos unha **escala de observación** e **rexistro anecdótico**, para valorar o comportamento, participación e actitudes, cun **40%**.
2. **<u>Probas orais e escritas:</u>** A proba escrita realizarase a través dun **cuestionario (10%),** o cal será a través de preguntas tipo test, múltiple elección ou resposta corta. A proba oral será a través de **exposición oral u/ou traballo escrito**, valorada nun **10%**, a través dunha **escala de observación.**

**AVALIACIÓN**

| **Tipo de avaliación** | **Criterio** | **Instrumento** |
|---|---|---|
| **<u>Observación directa</u>** | Aspecto psicomotor | *Rúbrica* |
| | Comportamento, participación e actitudes | *Escala de observación* |
| **<u>Probas orais e escritas</u>** | Aspecto conceptual | *Cuestionario* |
| | Exposición oral u/ou traballo escrito | *Escala de observación* |

Na **<u>avaliación docente</u>**, somos conscientes de que **debemos reflexionar** sobre a nosa propia actuación, coa intención de mellorala. Realizarase unha **análise exhaustiva do proceso de ensino-aprendizaxe e da propia programación, a través de auto avaliación e avaliación docente.**
Seguirase a **Orde do 9 de xuño de 2016**, que regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na que se estipulan os resultados en: insuficiente (1, 2, 3 ou 4), suficiente (5), ben (6), notable (7 ou 8) e sobresaínte (9 ou 10).

## 8. METODOLOXÍA

Cando falamos de **metodoloxía,** referímonos ao como ensinar, segundo nos indica o **Decreto 105/2014, do 4 de setembro,** a metodoloxía é o *"conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar as aprendizaxes do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados".*
A metodoloxía didáctica será **comunicativa**, **inclusiva**, **activa** e **participativa**, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.
A metodoloxía ha de ser adecuada ao desenvolvemento do neno-a e aos principios educativos que postulan a actividade como medio para chegar ao coñecemento das cousas.
A Educación física nesta etapa terá un carácter eminentemente global e lúdico, ata o punto de converter o xogo no contexto ideal para a maioría das aprendizaxes.
O mestre desenrolará unha función dinamizadora e integradora. Na organización da clase deberá evitar os tempos mortos e de espera, controlar os tempos de recuperación variando a actividade, é ter en conta factores como o lugar( ximnasio, aire libre, aula...), o momento (estación, hora..), a composición do grupo ( número, idade e sexo) e a selección das actividades e material.
Traballaremos sempre que poidamos en parellas ou pequenos grupos, para fomentar as diferentes relacións interpersoais. As **familias** serán imprescindibles no proceso de ensino-aprendizaxe. As sesións terán un **carácter lúdico e global**, para desta forma facilitar a adquisición dos diferentes contidos.
Tanto o método como o estilo de aprendizaxe está en función do que pretendamos conseguir; polo tanto, primeiro veremos o que pretendemos e logo utilizaremos o método axeitado para conseguilo.
Nesta programación utilizaremos o **xogo coma recurso metodolóxico,** xa que contribúe á consecución de aprendizaxes significativas, naturais, creativas, coeducativas, adaptativas, integrais...
Ademais, permítenos traballar case calquera tipo de contido e sempre con garantías de éxito. Ten un indiscutible valor educativo, imprescindible para un correcto desenvolvemento físico, psíquico, social, afectivo, simbólico e moral.

### *5.1.Principios metodolóxicos*

Tal e como nos indica o **Decreto 105/2014, do 4 de setembro,** débense de ter en conta unha serie de **orientacións ou principios metodolóxicos** na educación primaria, á hora de impartir diferentes contidos na aula.

A metodoloxía utilizada nas sesións será

- **Globalizadora**

- **Flexible**: que permita axustar as propostas ao ritmo de cada alumno,
- **Participativa**: favorecerá o traballo en quipo fomentando o compañeirismo e a cooperación,
- **Lúdica:** o alumno debe divertirse facendo Educación Física,
- **Activa:** o alumno é o protagonista da súa propia acción,
- **Indutiva:** favorecerá o auto-aprendizaxe de xeito que o neno sexa capaz de resolver problemas motrices,
- **Creativa:** as propostas estimularán a creatividade do alumno.

Ase mesmo deberá fomentar nos nenos/as a exploración, o descubrimento, a creatividade, e sobre todo a valoración das propias posibilidades; todo isto, a través do xogo.

Os **contidos** seleccionados deben de levarnos á consecución das competencias clave da etapa. A base da nosa docencia será o **traballo cooperativo**, o cal nos axudará a potenciar todo aquela inclusión localizada na aula.

### *5.2.Metodoloxía específica*

En canto aos **estilos ou métodos de ensino**, sinalar que utilizaremos os máis axeitados para cada situación; tendo en conta as características do alumnado, instalacións, materiais, obxectivos e contidos. Son os seguintes:

- **Mando directo modificado**: o docente é o encargado de levar o peso da clase. Nas tarefas de quecemento, e tamén nas partes finais de estiramentos.
- **Asignación de tarefas:** segue sendo o docente o encargado de marcar o inicio e o final da actividade, pero é o alumnado o que decide o número de repeticións que realiza, o ritmo e similares. Utilizarémolo nas sesións que involucremos o traballo en circuítos, etc.
- **Descubrimento guiado:** será o profesor o encargado de propoñer a actividade, pero será o alumno/ao/a que se dispoña a atopar a solución.
- **Resolución de problemas:** no mesmo caso que no anterior, pero cando haxa máis de unha resposta posible.
- **Ensinanza recíproca:** Por parellas un alumno/a pasa a ser o observador e corrector do outro. O docente decide as tarefas que se van realizar e os criterios de observación e corrección.
- **Creatividade ou método de libre exploración**.
- **Programas individuais**.

Dependendo do obxectivo que pretendamos acadar vanse utilizar os seguintes **métodos**:

- **Conducido:** máxima intervención do mestre utilizando a repetición e a demostración, cun estilo de aprendizaxe de mando directo.
- **Semiconducido:** Intervención media do mestre; é un aprendizaxe polo descubrimento guiado.
- **Non conducido**: mínima intervención do mestre; e un aprendizaxe mediante a busca, cunha grande importancia da creatividade do neno/a.

As **canles** que utilizaremos para transmitirlle a información ao alumnado serán:

- **Canle visual:** transmitirase a información a través da axuda visual. Utilizando vídeos, na explicación de distintos aspectos técnicos e tácticos.
- **Canle auditivo:** a través de explicacións, na meirande parte das explicacións.
- **Canle kinestésico-táctil:** axuda nas diferentes execucións, na fase de volta á calma, coa correccións de posturas incorrectas.

No referente ás **estratexias**, serán fundamentalmente globais, xa que se busca o desenvolvemento integral do alumnado.

Favoreceremos os **agrupamentos** en pequenos grupos, para a mellora comunicativa, ademais de agrupamentos en parellas e masivos, aínda que os utilizaremos case todos en función das necesidades respectando sempre as normas do Plan de adaptación á situacion COVID, cumplindo as distancias, os aforos e as medidas médico-sanitarias.

### 3. *Metodoloxía específica nas modalidades non presencial e semipresencial.*

Seguindo o protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022 no que se recollen as medidas de actuación para o período de actividade lectiva non presencial e semipresencial, a **ferramenta principal** que empregamos para a comunicación co noso alumnado é a ***aula virtual do Centro***; nela especificarase no apartado de Axenda da Aula Virtual os contidos e as tarefas semanalmente (mediante presentacións en **genially**, **canvas**, **vídeos de youtube**, recursos interactivos, **lim**, documentos en pdf…). Na modalidade semipresencial, os días que sexan presenciais adicaranse fundamentalmente á realización de actividade física e a solventar dúbidas.

Facilitarase ao alumnado e ás familias o **número de teléfono** e o **correo electrónico** da mestra para establecer unha comunicación bidireccional, persoal e directa, non só para enviar o material, solventar as dúbidas que poidan xurdir con relación aos contidos senón para calque tipo de apoio que poidan precisar.

Empregarase a aplicación Abalar Móbil ou unha *Lista de Difusión,* para informar ás familias das actividades subidas á web e facilitarlle así o labor a aquelas que presenten dificultades coas TIC.

A dispoñibilidade horaria para atención ás familias será total, adaptándonos aos seus horarios laborais e familiares.

O alumnado enviará as actividades propostas feitas para a súa corrección e posterior envío a través do correo electrónico ou wasap adaptándonos aos ritmos individuais dos nenos/nenas, ás distintas circunstancias familiares, e á situación excepcional que estamos a vivir. Unha vez recibidas envíaselles mensaxes de reforzo positivas para a súa autoestima. Os traballos realizados polo alumnado serán colgados na páxina web do centro na lapela de Educación Física.

As actividades propostas estarán dirixidas pola mascota de Educación Física, a **vaca Marela**, que semanalmente proporá diferentes retos e actividades utilizando o xogo como recurso metodolóxico dándolle así un carácter lúdico e ao mesmo tempo motivador ao desenvolvemento integral dos nosos alumnos e alumnas .

Por tanto, empregamos unha **metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, individualizada**, centrándonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real a través dun **enfoque competencial** e do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmos tempo. Baseámonos así nunha **perspectiva construtivista da aprendizaxe**.

Poñemos énfase na **atención á diversidade do alumnado**.

Debemos destacar a importancia na etapa de primaria do **xogo** como elemento motivador e que permite lograr aprendizaxes significativas. A **gamificación** é empregada para motivar aos nosos nenos e nenas a aprender e fomentar a súa autonomía de xeito que sexan os protagonistas do seu propio aprendizaxe. Utilizarémola por exemplo cos recursos de Ludos e outras aplicacións nos que o alumnado debe poñer en práctica as aprendizaxes adquiridas.

Como queda de manifesto, a natureza da materia, as condicións do alumnado, a dispoñibilidade de recursos, a situación excepcional que se está a vivir…condicionan o proceso de ensinanza – aprendizaxe e os métodos empregados.

## 9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Esta programación está deseñada e orientada para dar solución a un grupo de alumnos, que de maneira directa ou indirecta, é un grupo con multitude de diferenzas entre si.

Coa sutil intención de dar maiores facilidades ao alumnado, axustarase a axuda pedagóxica ás súas necesidades. Tentarei que entre algunhas desas facilidades, predominen a facilitación de recursos e estratexias diversas, os cales e as cales serán necesarios para dotar ao alumnado dunha mellor resposta ante a gran cantidade de motivacións, intereses, carencias e capacidades que presentan os alumnos nesta franxa de idade.

Tal e como nos indica o **artigo 16** do **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, defínese NEAE como: "alumnos/as que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais; por dificultades específicas de aprendizaxe, Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais; por incorporarse tarde ao sistema educativo; por condicións persoais ou de historia escolar".

Segundo o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro,** polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, como docentes debemos ser capaces de identificar con moita brevidade estes casos.

Polo tanto, teremos en conta as **medidas de atención á diversidade** que aparecen recollidas na **Orde do 6 de Outubro de 1995**, pola que se regulan as adaptacións do currículo, establecéndose as seguintes: **Reforzo Educativo ou Adaptación Curricular Individualizada (A.C.I.)**, nos casos que fosen necesarios.

Durante o transcurso do ano académico, poden xurdir **patoloxías temporais** como (escordadura, fractura, cambra, distensión muscular ou articular, feridas, etc.) que impiden a realización de actividade física durante algunhas sesións. Durante este tempo o alumnado que as padeza realizará algunhas das seguintes tarefas de maneira escrita ou no portátil do centro:

- Recompilar información en internet, sobre a U.D. que se leva a cabo nese momento.
- Completar modelos de sesión coas actividades realizadas polos compañeiros/ás.
- Colaborar nos aspectos organizativos da sesión. Por exemplo: marcando ritmos, controlando tempos, levando conta dos tanteos…

**Diversidade e concreción dos casos:** En todos os casos o alumno terá que permanecer na instalación deportiva co calzado e material deportivo adecuado, salvo casos moi concretos, os cales estean xustificados.

## 10. PLANS E PROXECTOS

Nesta programación incluiremos varios plans de centro, así como proxectos, seguindo a **LOMCE** e o actual currículo da Comunidade Autónoma de Galicia **(Decreto 105/2014, do 4 de setembro):**

**Plan Lector:** Dende E.F. contribuírase ao principal obxectivo do proxecto lector, ao fomento do gusto pola lectura e á comprensión lectora a través de calquera actividade que desenvolva a expresión oral, a lectura ou a escritura, por exemplo:

-Lecturas comprensivas e críticas (prensa deportiva)
-Recompilación de xogos tradicionais, populares ou da zona.
- Debates, charlas sobre xogo limpo, consumismo, alimentación
- Utilización do diálogo na comunicación e resolución de conflitos

**Proxecto Lingüístico :** Segundo o PLC a lingua galega ten un predominio claro no centro, polo cal intentaremos conseguir un aprecio pola mesma e polo tanto potenciar o seu uso. Tendo en conta a lexislación vixente a lingua vehicular en E.F. será o galego, asemade respectaremos as producións do alumnado tanto sexan feitas nunha ou outra lingua. O respecto por ambas linguas levaranos a interiorizar a importancia que ten o dominio das mesmas para poder empregalas sen ningunha traba en calquera circunstancia.

**Plan Tic:** segundo nos indica o **D. 105/2014, do 4 de setembro,** a adquisición da Competencia Dixital é sumamente importante. Seguindo o establecido no plan de integración das TIC, fomentaremos o seu uso dende a E.F. mediante:

-Utilización de aplicacións informáticas tipo Lim, Clic
-Utilización de medios informáticos, pizarras dixitais, cámaras,etc.
-Análise das propias execucións.
-Participación en programas e xogos interactivos da Educación Física.

**Plan de atención á diversidade:** recolleranse todas as actuacións relacionadas co alumnado con NEAE**.**

**Plan de acción titorial:** abordaremos todas as actuacións referidas a atención do alumnado. Será levado a cabo polo titor.

**Plan de convivencia:** realizaranse xogos de carácter cooperativo, especialmente na UD 1, a cal irá orientada a xogos de presentación.

## 11. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O **actual currículo da Educación Primaria** indica unha serie de elementos transversais no seu **artigo 11**, os cales debemos de traballar ao longo do curso. Anteriormente, na **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación** eran denominados como "Educación en Valores". Os elementos transversais deben ser traballados en todas as áreas, e nós dende a área de Educación Física farémolo da seguinte maneira:
**Calidade, equidade e inclusión educativa.** Especial énfase no alumnado con diferentes ritmos de aprendizaxe. **Prevención e resolución pacífica de conflitos.** Integraremos o respecto polos valores máis importantes da nosa sociedade. Aproveitaremos o Día Escolar da non Violencia e a Paz. **Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón de orientación sexual.** A través do traballo en grupos mixtos traballaremos este elemento transversal. Aproveitaremos a conmemoración do Día Internacional da violencia de xénero. **Desenvolvemento do espírito emprendedor e iniciativa empresarial.** Este elemento transversal traballarémolo dende as actividades que impliquen estilos pouco directivos. **Desenvolvemento sostible e medio ambiente.** Na área de Educación Física promoveranse actividades que axuden a coñecer, gozar, respectar e coidar o contorno. Fomentarase a convivencia cos demais e o respecto polos valores máis importantes da nosa sociedade.
O xogo, deportes e actividades físicas propician situación de tensión, enfrontamento, rivalidade, etc, que é necesario resolver cunha **actitude de diálogo**. Potenciaremos actitudes de convivencia, respecto, solidariedade e participación.
Aproveitaremos as conmemoracións do Día Mundial do Ambiente, inculcando a importancia de manter limpo o entorno que nos rodea.

## 12. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

En canto os mecanismos de recuperación, o alumnado que non acade os mínimos poderá repetir a proba conceptual e valoraranse as probas prácticas (relacionadas coa evolución motriz) en posteriores unidades didácticas dado o carácter continuo da avaliación.

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Realizaranse actividades complementarias dentro do horario lectivo como obradoiros, talleres...etc, organizadas polas dúas Anpas do Centro así como polos distintos organismos ( Concello, Consellerías...).
En función da situación da pandemia realizaranse saídas relacionadas coa área de Educación Física (rotas de sendeirismo...) tanto dentro como fóra do concello, seguindo as instrucións sanitarias e as do Plan de adaptación á situación COVID 19. Organizaranse tendo en conta o principio de flexibilidade da programación así como o carácter aberto da mesma á modificación. Informarase ao Equipo Directivo e á coordinadora de Actividades extraescolares e complementarias.
Asistiremos a 11 sesións de natación na piscina municipal dentro do horario adaptado de Educación Física, en función da situación epidemiolóxica do Concello.
Seguiremos as medidas hixiénico sanitarias que se recollen no protocolo Covid da piscina municipal. A maiores establecerase un control nas duchas do vestiario das nenas por parte da mestra de Educación Física e nas do vestiario dos nenos polo persoal da piscina (luns e mércores) e polo mestre Lois Bóveda Suárez (xoves). Esta actividade será proposta para ser recollida na PXA.
Celebraranse as conmemoracións marcadas no calendario escolar para o curso 2021/2022, DOG nº 104 (venres 4 de xuño de 2021):

–Día Universal da Infancia (20 de novembro de 2021)
–Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de novembro de 2021)
–Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia (Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2021)
–Día Internacional das Persoas con Discapacidade(3 de decembro de 2021)
–Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos(10 de decembro de 2021)
– Día Internacional da Educación(24 de xaneiro de 2022)
–Día Escolar da non Violencia e da Paz (30 de xaneiro de 2022)
–Día de Rosalía de Castro (24 de febreiro de 2022)
–Día Internacional da Muller (8 de marzo de 2022)
–Día Mundial dos Dereitos do Consumidor (15 de marzo de 2022)
–Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais (Do 7 ao 11 de marzo de 2022)
–Día Mundial da Saúde (7 de abril de 2022)
–Semana do Libro (Entre o 18 e o 22 de abril de 2022)
–Día Internacional contra o Acoso Escolar (2 de maio de 2022)
–Día de Europa (9 de maio de 2022)
–Semana das Letras Galegas (Do 16 ao 20 de maio de 2022)
–Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño de 2022)

## 14. MATERIAIS E RECURSOS

O/A mestre/a de Educación Física é o/a encargado/a de planificar o uso do material que se atope no Centro onde se imparten as clases, e da súa conservación e adquisición.

A Educación Física non está necesariamente supeditada a materiais específicos( bancos, pelotas, aros) senón que é importante utilizar materiais polivalentes (globos, cordas, indiacas....) e material diverso (cartón, papel de periódico, botellas de plástico, cintas...) e sacar de todos eles as súas posibilidades de utilización para alcanzar os obxectivos didácticos máis axeitados a cada material.

Tanto a seguridade como a hixiene son fundamentais na organización da clase, na utilización dos materiais e nas instalación do Centro.

En canto aos recursos para desenrolar as unidades didácticas utilizaranse:

**Recursos persoais**: a mestra de Educación Física impartirá a súa materia en colaboración con tódolos membros da comunidade educativa: alumnado, profesor titor, Claustro...

**Recursos ambientais**:

- pistas polideportivas (cuberta e ao aire libre),
- ximnasio,
- aula de psicomotricidade,
- instalacións municipais anexas (pistas de atletismo, campo de fútbol e piscina)...

Partindo da situación de pandemia que se está a vivir e tendo en conta as recomendacións sanitarias do protocolo Covid 19, utilizarase preferentemente a pista polideportiva e a pista semicuberta sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan, en caso contrario empregaremos o ximnasio situado no edificio anexo do Centro. Éste conta con pouca ventilación, moita humidade e carece de calefacción. Trátase dunha aula de uso compartido polos diferentes grupos estables de Primaria, características que se proporán para recoller no Plan de adaptación Covid. Resulta ser un espazo pequeno para poder manter as distancias de seguridade en determinadas actividades tendo en conta que hai grupos numerosos o que limitará a variedade de xogos.

**Recursos didácticos**:

- Caderno de fichas de xogos de E.F.
- Recursos informáticos: Procesadores de texto, programas educativos (tipo clic e lim) e páxinas web

**Recursos materiais**:

- Ximnásticos deportivos: Porterías, miniporterías, redes, canastras, espaldeira, bancos suecos, plinto, potro…
- Pequeno material: Balóns de baloncesto, fútbol, vóley, balonmán, pelotas de tenis, raquetas, aros…
- Outro material: Discos voadores, panos, goma elástica, teas, petos

## 15. PROCEDEMENTO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

A avaliación desta programación levarase a cabo a través de diversos procedementos, como son por exemplo, a comprobación da adecuación da mesma ás características psicoevolutivas do alumnado mediante probas orais, onde se observará o tanto por cento do alumnado que acada amplamente os obxectivos marcados, o que os acada lixeiramente e o que non os acada, de maneira que se fagan as modificacións oportunas para adecualos ás súas características e necesidades.
Así mesmo avaliarase a metodoloxía empregada observando no desenvolvemento das actividades propostas a implicación por parte do alumnado de xeito que se modifiquen no que sexa preciso para facelas máis dinámicas e motivadoras, acercándoas ás características da nosa sociedade.
Ademais teranse en consideración os seguintes puntos:

- Desenvolvemento na clase da programación.
- Relación entre obxectivos e contidos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.

# 5. METODOLOXÍA

## 5.1 METODOLOXÍA XERAL

As bases metodolóxicas son as seguintes:

**O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos/as son os seus primeiros coñecementos previos**; centrándonos no que lle resulta familiar e cercano ao alumnado pero cunha vertente de imaxinación. Desta forma, foméntase un uso contextualizado da lingua, traballando situacións comunicativas que permitan empregala dunha maneira real e motivadora. Os alumnos/as poden transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende. Así favorécese o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

**A aprendizaxe competencial** pretende que cada alumno/a, está preparado para poda afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito, é dicir, non so adquirir uns coñecementos, tamén ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizalos.

**As situacións comunicativas que inclúen o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe, sobre todo nas primeiros anos.** A realización de tarefas conxuntas, axudan, por unha parte, a asentar as bases para a adquisición dunha lingua estranxeira, e tamén a súa socialización.

**As distintas formas e ritmos de aprendizaxe do alumnado.** Ter sempre un apoio para aqueles nenos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos programados, así como os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos. Traballar actividades de ampliación, para os máis avanzados, e de reforzo, para os que podan precisalas.

**A aprendizaxe dos nenos/as é maior e de máis calidade se se basa na actividade.** O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que amosa o alumno/a debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ao individuo na interación cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar *feedback*, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

**Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe**.

**A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos/as na aprendizaxe para asegurar a calidade do mesmo.**

**A aprendizaxe globalizada xenera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos/as**. É importante que as actividades que leven a cabo nas distintas áreas curriculares estean interrelacionadas, empezando polo coñecemento de si mesmo e cunha exploración do mundo que lles rodea. Desta forma, farase fincapé na comunicación oral e a consciencia intercultural.

**Unha aprendizaxe permanente.** Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia.Todo o que o alumno/a aprende nas diferentes materias constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirlle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas.

Por iso, as competencias básicas poden alcanzarse se non en todas, sí na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar ditas competencias, independentemente de en cales as puido adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter acadado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá acadar outros, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente.

**Coordinación entre o profesorado das linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais.** Desta forma, evítase a repetición de contidos propios de aprendizaxes de calquera lingua, tales como as estratexias de lectura, o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, e para unificar a terminoloxía.

**Ciencias Naturais:**

Traballar por competencias na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

Os/as alumnos/as han de iniciarse en coñecer e utilizar algunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tal como a observación, a identificación, análise de problemas, organización e tratamento de datos, experimentación, busca de solucións… polo que necesitamos que os nosos alumnos teñan ferramentas que posibiliten conseguir o proposto.
Debemos ter en conta que cada alumno/a parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se van realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.
Nesta área, os/as alumnos/as infcianse no desenvolvemento de estratexias de metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar problemas, planificar e realizar actividades, etc.; para iso, o traballo en grupo será un dos piares para adestrar cuestións de habilidades sociais e aspectos de contido que axudarán a consolidar aínda máis todo o traballado.
Os contidos da área de Ciencias da Natureza están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados ao contexto real, será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplicalo a proxectos reais próximos ao alumnado.
Así como todos aqueles que fomenten o traballo en grupo e a cooperatividade dentro do gran grupo clase para fomentar a socialización.

**Lingua Castelá/Língua Galega:**

Os/as alumnos/as han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar ao alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional.
Cada alumno/a parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a teoría das Intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para acadar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.
Nesta área, os/as alumnos/as infcianse no desenvolvemento das habilidades da linguaxe; por elo, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborativo como unha forma de entrenar a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.
Os contidos da área de Lingua Castelá están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real, será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplicalo a proxectos reais cercanos ao alumnado.

**Plástica:**

O proceso de aprendizaxe no ser humano non pode estar afastado do desenvolvemento das súas facetas artísticas que lle serven como un medio de expresión das súas ideas, pensamentos e sentimentos. Desde esta perspectiva, entender, coñecer e investigar desde idades temperás os fundamentos das devanditas linguaxes vai permitir ao alumnado o desenvolvemento da atención, a percepción, a intelixencia, a memoria, a imaxinación e a creatividade. Ademais, o coñecemento plástico permitirá o goce do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e

respectar as achegas que se foron engadindo a este; sempre aproveitando as posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen para o desenvolvemento das capacidades artísticas no alumnado.

O **traballo en grupo** xunto co traballo individual serán as formas de adestrar as diferentes habilidades e destrezas para chegar ao desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora cun interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.
Os contidos da área de Plástica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real.** Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplicalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

**Ciencias Sociais:**

Intégranse diversas disciplinas que estudan ás persoas como seres sociais e a súa realidade nos seus aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. O obxectivo das Ciencias Sociais é aprender a vivir en sociedade, coñecendo os mecanismos fundamentais da democracia e respectando as regras da vida colectiva. Por iso, os alumnos han de iniciarse en coñecer, utilizar destrezas e estratexias para poder dar resposta a aquilo que se lles pide e que consigan o proposto.
Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a teoría das Intelixencias Múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.
Nesta área os/as alumnos/as inícianse en poñer en práctica os novos coñecementos, experimentar e comprobar a súa necesidade e utilidade reflexionando sobre o aprendido e sacando conclusións para a súa vida. Por iso, o traballo en grupo colaborador será un dos piares para adestrar cuestións de habilidades sociais e aspectos de contido que axudarán a consolidar aínda máis todo o traballado.
Os contidos da área de Ciencias Sociais están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplicalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

**Matemáticas:**

Se ben a finalidade da área é adestrar o razoamento lóxico mediante a resolución de problemas, necesitamos dotar os alumnos de ferramentas para poder desenvolver este aspecto. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: algoritmos de cálculo, propiedades, linguaxe matemática, operacións, cálculo mental...

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de razoamento lóxico, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal dende a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan dende a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.
Na área de Matemáticas é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

**Inglés:**

O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a maternais e as ambientais.

**Os obxectivos xerais de primaria integrados** teñen como finalidade desenvolver nos/as alumnos/as as seguintes capacidades:

a. Escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de tarefas concretas diversas relacionadas coa súa experiencia.
b. Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecido, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respetuosa e de cooperación.
c. Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
d. Ler de forma comprensiva textos diversos, relacionados coas experiencias e intereses do alumno, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.
e. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral como un medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de diferentes contidos.
f. Manifestar unha actitude receptiva e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.
g. Utilizar os coñecementos e as experiencias previas con outras linguas para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.
h. Identificar aspectos fonéticos de ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira así como estructuras lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.
i. Aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.

**Educación musical:**

A metodoloxía será activa, dinámica e participativa. Atenderase o aspecto motivador do alumno, presentando múltiples estímulos: audicións, murais musicais, xogos rítmicos, cancións rimadas, exercicios de creación e reacción, contos musicais, etc..
En momentos de tensión faranse exercicios de relaxación.
A metodoloxía será ecléctica, recollendo ideas das pedagoxías modernas: Orff, Wuytack, Kodaly, Willems e Dalcroze.

Teremos un coidado especial en potenciar aspectos interdisciplinares coa lingua, matemáticas, plástica, educación física e coñecemento do medio dentro das competencias básicas, así como potenciar o interese por aprender a aprender, e potenciarase o uso e manexo das tic.

**Educación Física:**

Á hora de preparar esta programación, así como á hora de preparar cada clase impartirase tendo en conta a diversidade do alumnado. Levarase a cabo unha atención o máis individualizada posible, así como poñerase en práctica exercicios de reforzo cando sexa preciso.
A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.
**En canto a organización de tempos, agrupamentos e espazos, sempre respectando as normas do Plan de adaptación á situacion COVID, cumplindo distancias, aforos e circunstancias médico-sanitarias.**

## 5.2. METODOLOXÍA ESPECÍFICA A SEGUIR NAS MODALIDADES NON PRESENCIAL e SEMIPRESENCIAL.

O traballo desenvolverase preferentemente na **Aula Virtual do CEIP de Arzúa** (https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdearzua/aulavirtual/) ((4º, nivel de EP) en todas as modalidades (que tamén se empregará na modalidade presencial), así como o libros de textos.

O grupo de 4º está formado por 24 alumnas e alumnos dos que, agás algún casos xa informados en Dirección, todos/as dispoñen de conexión a Internet, aínda que ás veces con problemas puntuais de cobertura algún/ha alumn@. Os que non teñen ordenador na súa casa ou deben compartilo cun irmán/á van levar os ordenadores que enviuou a Consellería, actividados neste curso 2021/22. Na modalidade semipresencial, os días que sexan presenciais dedicaranse fundamentalmente a resolver dúbidas e explicación de novos contidos. Cando un alumno/a teña que estar confinado e non afecte esta situación ao resto do grupo, este alumno terá colgada diariamente a tarefa que ten que facer na aula virtual ou facerllo chegar por calquera outro medio telemático. Facilitarase ao alumnado e familias o correo electrónico, o teléfono móbil da profesora para unha comunicación persoal e directa, tanto para solventar dúbidas respecto aos contidos escolares, como para calquer apoio que poidan precisar. O alumnado pode enviar tamén as súas dúbidas a través da Aula virtual, por teléfono ou por email, para que a profesora llas poida resolver. Botarase man de Abalar Móbil como canle de comunicación coas familias, whatsapp e os acordados coas familias.

O traballo na Aula Virtual está estructurado en torno a centros de interés ou unidades didácticas, preferentemente de carácter globalizado, tentando sempre facilitar a continuidade da labor educativa das familias. Ven sendo a continuación do teletraballo xa aprendido dende o marzo 2020, xa que así partimos dunha formación dixital e unha posta en común coas familias, o traballo na Aula Virtual de 4º e na web do centro, onde concentramos alí todas as actividades relacionadas co tema, coa finalidade de simplificar o traballo aos/ás nen@s e as familias deste alumnado máis miudo.

Nela expoño os contidos e as tarefas (mediante presentacións en **genially**, **canvas**, **vídeos de youtube**, **book creator**, documentos en pdf, fichas interactivas, **liveworksheets** …). Este será o punto de partida inicial, pero despois empréganse outras formas xa preestablecidas coas familias para facerlle chegar a información e a distribución semanal das tarefas. En diversos contidos traballarémolos cunha adaptación da metodoloxía **FLIPPED CLASSROOM**, que xa empregábamos o curso pasado; é moi motivadora. Coa execución de tarefas a distancia, procurarase que o alumnado desenvolva unha capacidade para autorregular a súa propia aprendizaxe, favorecendo así as súas actitudes e valores de responsabilidade, disciplina e compromiso para lograr ser autónomo

No caso da modalidade non presencial ou semipresencial, o alumnado enviará as tarefas feitas para a súa corrección por diferentes medios: a aplicación das propias LIVEWORKSHEETS, aula virtual, correo electrónico e whatsapp. Importante a adaptación aos ritmos individuais d@s nen@s, adaptándonos ás diferentes circunstancias familiares. Cada nen@ recibirá o feedback ao seu traballo, coas corrección necesarias se as hai, tamén vía whatsapp, abalar móvil, correo electrónico ou chamada telefónica ou, se el@s así o queren, videochamada. Poñemos énfase na atención á diversidade do alumnado, estando en permanente comunicación coas familias e adaptando as actividades segundo as súas necesidades.

A maioría destas actividades propostas serán publicadas na páxina web en diferentes entradas na páxina web do centro, para un feedback entre os dous entes implicados neste proceso, así como as conmemoracións propostas no calendario oficial e as que se deciden no equipo de nivel tratar ao longo deste curso.

Manterase contacto case diario coas familias para resolución de dúbidas por **chamada telefónica, videochamada por whatsapp , abalar móbil** ou videoconferencia a través de **cisco webex** (a finalidade de empregar este recurso será a de resolver dúbidas de xeito inmediato e tamén a de manter contacto audiovisual de vez en cando entre o grupo- clase). Total flexibilidade horaria total para a atención de titorías e alumnado.

Por tanto, empregaremos unha **metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, individualizada**, centrándonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas con contextos da vida real a través dun **enfoque competencial** e do deseño de <u>actividades de aprendizaxe integradas</u> que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Falo dunha **metodoloxía xenerosa** na súa demanda de cumprimento ou non cumprimento, adaptándome ás circunstancias individuais de cada ente; **aberta e plural** no sentido de que as familias poden traballar as propostas adaptándoas a súa realidade; **variadas** para poder cubrir diferentes intereses e de diferente formato na procura dunha mellor motivación

Baseámonos así nunha **perspectiva construtivista da aprendizaxe**.

Poñerase especial énfase na **atención á diversidade do alumnado**, estando en permanente comunicación coas familias e adaptando as actividades segundo as súas necesidades xunto cos correspondentes especialistas de PT e AL, ademais do Departamento de Orientación .

Tanto na modalidade non presencial como na mixta, a información e indicacións do traballo a realizar na Aula Virtual , especificarase no apartado **Axenda** da Aula Virtual ou por outros medios acordados. Na modalidade semipresencial ou mixta, os días que sexan presenciais adicaranse fundamentalmente a comunicación oral, resolver dúbidas e explicación de novos contidos.

Facilitarase ao alumnado e familias o número de teléfono e correo electrónico da profesora titora, que será a que reedirixa e funcione como fío mediador como se no colexio estiveramos, para unha comunicación persoal e directa, tanto para solventar dúbidas respecto aos contidos escolares, como para calquer apoio que poidan precisar. Tamén a doutros mestres e mestras especialistas que asi o solicitaron, como a mestra de Inglés ou a de educación física.

Tamén se crearán Listas de Difusión para comunicacións da profesora ás familias (onde tamén se enviarán todas as indicacións subidas a web, para maior comodidade das familias con dificultades nas TIC) e onde a comunicación con cada familia será a nivel individual. A disponibilidade horaria para atención ás familias será total, adaptándonos aos seus horarios laborais e familiares. Manterase contacto coas familias nas que o alumnado presente máis dificultades, nunca co ánimo de exercer presión, senon de apoiar e axudar.

Tamén se levará a cabo o **programa de enrequecemento curricular** segundo o Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades, sempre en colaboración co Departamento de Orientación.

E sempre como medida xeral en todo o proceso, ofertaranse diferentes modalidades de medios telemáticos á disposición das familias xa que o periodo de confinamento amosounos os diferentes casos cos que nos imos a atopar, adaptándonos en todo momento ás súas necesidades para minimizar o máis posible a brecha que se manifesta nestes casos. Debemos ser moi realistas coas situación diversas que nos atopamos e solicitar ás autoridades competentes para solventar esas problemáticas de ter que volver a situacións de semi ou non presencial ( préstamo de material informático disponible no centro).

A fundamentación lexislativa a este apartado correspóndese co establecido no Decreto105/2014 que establece o currículo de primaria e a Orde ECD65/2015 pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación, así como as Instrucións do 17 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021/2022. Preténdese estimular o desenvolvemento de todas as capacidades do neno e nena, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa que calquera actividade realizada polos nenos e nenas pon en funcionamento mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, creativos, de atención, etc.

Para conseguilo trataremos de empregar unha metodoloxía que facilite:

a) A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial dos alumnos e das alumnas, atendendo ás súas diferenzas individuais e partindo do próximo ou concreto para chegar ao xeral.
b) A comunicación a través do diálogo.
c) Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, que procure a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e das alumnas.
d) O espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal.
e) A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.
f) A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.

g) A creatividade de alumnos e de alumnas, como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.
h) O contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

Prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais deben ser traballados na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (ambientais, de saúde, de consumo...), onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades. As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta de tarefas, proxectos e investigacións, fomentarán hábitos de traballo en equipo, a resolución pacífica de conflitos e potenciarán unha axeitada atención á diversidade. Debe potenciarse a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensinoaprendizaxe.

## 5.3 ORGANIZACIÓN DE AGRUPAMENTOS, TEMPOS E ESPAZOS

**O TEMPO,** entendido como o dedicado á ensinanza no centro, é un recurso fundamental e limitado na aprendizaxe dunha materia.

**AGRUPAMENTOS FLEXIBLES:**

Gran grupo: grupo-clase, desdobramentos en intres puntuais, equipos, parellas e individual, sempre mantendo a distancia de seguridade e seguindo as indicacións sanitarias pola pandemia.

**ESPAZOS**

Aula, biblioteca, salón de actos, espacios exteriores e aula de informática a nivel grupo-clase, sempre cumplindo os aforos polo plan de adaptación á situación COVID. Empregaranse estes espazos sempre que se garanticen as condicións axeitadas dado o número de alumnado deste nivel e a dimensión dos espazos citados.

O agrupamento do alumnado dentro da clase pode seguir diferentes criterios tendo en conta as características dos mesmos, e sempre cumprindo as normas sanitarias do Plan de adaptación á situación COVID, tentando manter as maiores distancias posibles entre o alumnado.





Debido á dimensión da aula adxudicada para o 4º nivel empregaranse dúas disposicións posibles, xa empregadas no curso anetrior, para favorecer unha interacción de idea “equipo” aínda que non se poida manter a a distancia aconsellable.



De todas formas imos seguir  tentando aproveitar espazos exteriores sempre que as condicións metereolóxicas o permitan. Xa solicitamos á dirección o curso pasado cadeiras axeitadas para aproveitar este recurso o máximo posible,

debido á situación que nos está tocando vivir. Neste escenario empregaremos diferentes distribucións segundo á actividade: en círculo, en grupos …No curso anterior non se poido levar a cabo xa que contamos con poucos espazos, os patios están ocupados por outros grupos en tempos de lecer, como recreos. Seguiremos neste nivel estudando a viabilidade

## 5.4 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os recursos cos que pode contar o profesorado e os posibles espazos nos que se poden desenvolver os procesos de ensinanza-aprendizaxe serán, cada vez máis variados e adaptados á necesidade do propio alumnado.
A aula deixará de ser o único espazo no que se imparte a ensinanza dunha materia. O centro educativo conta cunha serie de recursos espaciais e materiais nos cales se dá lugar aos distintos escenarios nos que se desenvolve a ensinanza da materia:

- Aula de idiomas
- Aula de informática
- Aula de música

Pero que debido ás indicacións médico sanitarias pola pandemia non se empregarán ou o mínimo posible para evitar desprazamentos do grupo de convivencia estable.

Xoga un papel moi importante a incorporación das TICs á educación, aportando diversos recursos materiais que lle ofrecen ao mestre/a a posibilidade de deseñar as súas clases de forma personalizada e axustándose ás necesidades de cada momento:

- Aula virtual
- Ordenadores
- Tablets ou ipad
- Proxector

Estudiaremos a viabilidade de participar en diferentes proxectos segundo vaian convocando e sexan de interese para este nivel como Robótica …

Na aula traballarase fundamentalmente nun entorno dixital e Aula Virtual do CEIP de Arzúa. Tamén se usarán libros de texto de apoio e fichas de traballo impresas. Botarase man de materiais cos que conta o centro e outros personais da titora como:

- O libro do alumnado para a área a traballar.

- As propostas didácticas para cada unha delas.
- Os recursos fotocopiables da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación, obradoiros e avaliación.
- Os materiais dixitais asociados ao tema tratado
- Xogos educativos
- Ordenadores
- Tablets, móbil ou ipad
- Xogos didácticos
- Proxectos de investigación
- Genially
- Apps como Book creator…
- Libros de lecturas recomendados e tpropostas para o obradoiro de escritura correspondente
- Propostas lúdicas para traballar as regras ortográficas: bingo, parchís, apps…
- Libro viaxeiro: unha proposta lúdica para traballar a creatividade.
- Pósteres de reforzo visual para diferentes contidos de todas as materias.
- Creación propia de recursos atractivos para o alumnado
- Caderno de lecturas e ortografía: Caderno Bitácora
- O Anticaderno
- Biblioteca escolar: coleccións de libros que haxa na biblioteca do centro
- Material de robótica
- …

## 6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

2. Fomentarase a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

3. Promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

4. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

5.Traballarase na prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

6. Traballarase o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.

7. Desenvolverase e afianzarase o espírito emprendedor. Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun/ha mesm@ e o sentido crítico.

8. No ámbito da educación e da seguridade viaria promóveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peoa, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

# 7. AVALIACIÓN

## 7.1 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Os **procedementos de avaliación** serán:

1. A avaliación inicial ou de diagnóstico
2. Análise dos informes de avaliación individualizada do curso anterior
3. Observación directa do alumno tendo en conta as súas actitudes de iniciativa e interese no traballo, a súa participación nos traballos comúns ou de posta en común, os seus hábitos de traballo, as súas habilidades e destrezas e os avances conceptuais, sempre que sexan na modalidade presencial
4. A supervisión do caderno de traballo do alumno obtendo información sobre a expresión escrita, comprensión e desenvolvemento de actividades e no uso de fontes de información.
5. A realización periódica de probas escritas, valorando a adquisición e memorización comprensiva dos conceptos básicos.
6. A entrega de traballos ou tarefas propostas ao longo do curso nos diferentes trimestres tanto a nivel presencial como por medios telemáticos.
7. Rúbricas de avaliación
8. A implicación no traballo realizado.

Os **instrumentos de avaliación** serán:

1. Rexistro e valoración de tarefas escritas ou orais.
2. Rexistro e valoración de probas escritas ou orais.
3. Rexistro e valoración de traballos de investigación, sobre lecturas de libros…
4. Rexistro e valoración de actitude, garo de implicación e interese amosado cara a actividade diaria.

**E no caso de darse MODALIDADES NON PRESENCIAL ou SEMIPRESENCIAL, valoraranse e adaptaranse novos procedementos dada a situación que se produza pola crise sanitaria.**

## 7.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

No proceso de avaliación, identifícanse cinco niveis de cualificación, e para o seu rexistro é conveniente ter a seguinte escala cualitativa ordeada de menor a maior:

IN: Insuficiente para as cualificacións negativas

SU: Suficiente B: Ben NT: Notable SB: Sobresaínte para as cualificacións positivas:

A estes achegaráselles unha escala numérica, sen empregar decimais, nunha escala do un ao dez; coas seguintes correspondencias:

– Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
– Suficiente: 5.
– Ben: 6.
– Notable: 7 ou 8.
– Sobresaínte: 9 ou 10.

Os criterios de cualificación para as áreas de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá serán os seguintes:

**A. Modalidade de ensino PRESENCIAL:**

| Criterios de cualificación | Valoración | Instrumentos |
|---|---|---|
| **Valoración dos contidos e competencias desenvolvidas** | **45%** | - Probas orais e escritas<br>- Traballos de investigación |
| **Realización do traballo na clase tanto no caderno como no ordenador …** | **25%** | - Caderno<br>- Rexistro de actividades de clase tanto orais como escritas<br>- Rexistro das actividades on line q que teñen que enviar á titora a través da aula virtual ou outros medios telemáticos |
| **Realización do traballo diario na casa** | **20%** | - Rexistro diario<br>- Corrección das tarefas propostas tanto nos cadernos como en formato dixital. |
| **Valoración de actitudes na aula** | **10 %** | - Rexistro de actitude na clase<br>- Rexistro de participación |

**PLÁSTICA:**
A súa actitude e esforzo: 20%
A participación nas actividades voluntarias: 10 %
O coidado do material: 20 %

As realizacións plásticas propias: 40 %
O traballo en equipo e a cooperación cos demais 10%

**VALORES SOCIAIS E CÍVICOS:**
A súa actitude e esforzo: 20%
A participación nas actividades voluntarias: 10 %
O coidado do material: 20 %
A súa participación activa no traballo en equipo cooperativo: 50 %

### B. Modalidade de ensino NON PRESENCIAL:

No caso de educación a distancia os criterios de cualificación para as diferentes áreas serán os seguintes:

| Criterios | Valoración | Instrumentos |
|---|---|---|
| **Entrega on line e en prazo das tarefas pautadas** | 20% | - Rexistro de entrada na aula virtual ou outros medios |
| **Probas orais ou escritas de forma telemática** | 30 % | |
| **Calidade dos traballos enviados** | 30 % | - Coherencia na expresión escrita,<br>- Elaboración das respostas,<br>- Información o máis completa posible. |
| **Presentación dos traballos enviados:** | 10 % | - Claridade,<br>- Uniformidade nas fontes<br>- Tamaños de letra,<br>- Organización do traballo. |
| **Participación activa e continuana plataforma:...** | 10 % | - Emprego de mensaxería para plantexar dúbidas, comentarios sobre as tarefas, dificultade sobre a execución das mesmas<br>- Intervención nos foros |

### C. Modalidade de ensino SEMIPRESENCIAL:

| Criterios | Valoración | Instrumentos |
|---|---|---|
| **Probas orais ou escritas** | 50 % | Tanto de forma presencial (orais ou escritos) oude forma telemática |
| **Traballos feitos na aula virtual , on line ou en caderno** | 30 % | - Calidade dos traballos enviados<br>o Claridade,<br>o Uniformidade nas fontes<br>o Tamaños de letra,<br>o Organización do traballo.<br>o Coherencia na expresión escrita,<br>- Entrega on line e en prazo das tarefas pautadas<br>- Elaboración das respostas,<br>- Información o máis completa posible. |
| **Participación activa e continua na aula virtual…** | 20 % | - Emprego de mensaxería para plantexar dúbidas, comentarios sobre as tarefas, dificultade sobre a execución das mesmas<br>- Intervención nos foros |

En canto aos criterios de promoción ao remate do nivel serán os que aparecen reflexados a nivel centro no PE (Proxecto Educativo).

## 7.3 DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL:

Realizarase a primeira semana de clase diferentes tipos de probas ou situacións que versarán sobre contidos do nivel anterior tanto de Lingua como de Matemáticas traballados,tal como se recolle nas Instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22

. Desta forma avalíase o grao de coñecementos previos do alumnado, a súa expresión escrita, oral, ortografía e capacidade de enfrontarse a diferentes proba semellante ás que terá ao longo do curso.

Farase moito fincapé no estado emocional que amose o noso alumnado para afrontar este periodo tan variable e inestable que lles vai tocar vivir e no cal están moi implicados/as.

A notas procedentes destas probas, non se terá en conta para facer media coas seguintes notas do curso., só se empregarán como información para saber de que nivel se parte.

## 7.4 SISTEMA DE RÚBRICAS

Trátase dun instrumento útil e preciso para a avaliación educativa, que poen en acción os elemntos da programación e os diferentes niveis de adquisición dos estándares fixados.

Esta tarefa de recollida de información correspóndelle ao mestre seguindo un proceso de interpretación que comeza coa valoración das tarefas de cada alumno, prestando atención ás variables que indican os diferentes niveis de adquisición. Estas variables recollerán os coñecementos que o alumno posúe, as habilidades para organizalos e expresalos en diferentes linguaxes e a capacidade de integrar as aprendizaxes coa experiencia persoal para poñer exemplos e imaxinar modelos. Seguimos coa recollida e elaboración de datos.

Preténdese que a través da lectura e interpretación do rexistro de rúbricas poidan ser extraidos datos como os resultados da avaliación, tanto de cada alumno individualmente como de grupo, onde xurdiron as dificultades, cales destas dificultades son individuais e cales do grupo en xeral, e tamén sobre que aspectos concretos do proceso hai que tomar decisións e intervir.

O sistema de rúbricas elaborarase como matrices sinxelas onde se detallarán, para cada un dos estándares de aprendizaxe, as condutas observables e os niveis de execución a ter en conta no proceso de avaliación. Dentro deste sistema, os distintos niveis de adquisición establecerán os graos de adquisición dun determinado logro mediante unha escala cualitativa de catro niveis: desde logro en vías de adquisición ata o nivel de excelente. Ademais, xunto a cada nivel, ofrecerase o valor numérico que lle corresponde á hora de realizar o proceso avaliativo. O valor numérico terá unha dobre función: permitir cuantificar o avance de cada alumno e facilitar o cálculo dos percentís que poñen en relación o avance do alumno con respecto ao grupo.

## 7.5 PROCEDEMENTOS E INDICADORES PARA A VALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

Coa avaliación pretendo promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao rematar cada unidade didáctica proponse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Pódese utilizar unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

| ASPECTOS QUE SE VAN AVALIAR | QUE SE VAN DESTACAR... | QUE SE VAN MELLORAR... | PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL |
|---|---|---|---|
| Temporalización das unidades didácticas | | | |
| Desenvolvemento dos obxectivos didácticos | | | |
| Manexo dos contidos na unidade | | | |
| Descritores e desempeños competenciais | | | |
| Realización de tarefas | | | |
| Estratexias metodolóxicas seleccionadas | | | |
| Recursos | | | |
| Claridade nos criterios de avaliación | | | |
| Uso de diversas ferramentas de avaliación | | | |
| Atención á diversidade | | | |

# 8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

***Descrición do grupo:***

Número de alumnos/as: 24

Para facer este informe teremos en conta diferentes aspectos como:

- Funcionamento do grupo (falan moito, doados de motivar, mentes moi inquedas e creativas, algúns e algunhas tense que seguir traballando a autonomía á hra de traballar). Hai moita diversidade dentro da aula: TDAH, DISLEXIA, PEQUENA DISCAPACIDADE INTELECTUAL, ALTAS CAPACIDADES Pedirase valoración ao Departamento de Orientación para analizar e tomar medidas de todos estes casos e sobre todo polo que supuxo todas esta situación COVID para eles e elas. Poñeranse en práctica os protocolos da consellería para estes diagnoses, como xa sen facendo perohai que mellorar.
- As necesidades identificadas na clase de 24 alumnos e alumnas fan que planifique diferentes estratexias metodolóxicas que fomenten a socialización de todo o grupo e sobre todo correxir certos comportamentos que non favorezan á convivencia no grupo...conseguindo así dentro da aula un bo ambiente, sobre todo de compañeirismo. Para isto a colocación das mesas e a agrupación do alumnado irá variando ao longo do curso para adaptarse ás necesidades que vaian xurdindo.
- Niveis do alumnado:
  Na aula de 24 alumnos hai unha diferenciación de tres niveis de alumnado :
  - Un primeiro nivel moi bo
  - Un segundo nivel normal
  - Un terceiro nivel baixo ( trátase de alumnos que necesitan de apoio na aula ou fóra, pendente de orientacións e horarios do departamento de orientación ).

***Necesidades individuais***

Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? *(Cómpre ter en conta os alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non-diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...).*

As adaptacións centraranse en:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe
- Metodoloxía máis persoalizada

- Reforzar as técnicas de aprendizaxe
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
- Aumentar a atención orientadora
- Enriquecemento curricular
- Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos

**Para o alumnado con altas capacidades intelectuais:** facilitaranse contidos e material de ampliación axeitado ás necesidades destes alumnos que lles permitan desenvolver ao máximo as súas capacidades. Elaborarase un **programa de enrequecemento** dende a titoría, sempre en coordinación co Departamento de Orientación.

## *PROGRAMA DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR*

### *1. DATOS PERSONAIS DO ALUMNO/A*

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Nome e apelidos* | | | |
| *Data de nacemento* | | | |
| *Domicilio* | | | |
| *Teléfono* | | | |
| *Centro no que está escolarizado* | | *Curso* | *4º* |

### *2. DATOS RELEVANTES DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA*

### *3. OBXECTIVOS*

- *Estimular e potenciar as capacidades cognitivas.*
- *Fomentar unha actitude de iniciativa e interés por aprender e investigar.*
- *Fomentar o desenvolvemento da creatividade.*
- *Fomentar o desenvolvemento emocional e favorecer a autoestima.*
- *Mellorar as habilidades verbais, lóxico-matemáticas e plásticas.*
- *Promover o desenvolvemento socioafectivo e as habilidade sociais.*
- *Desenvolver destrezas de traballo cooperativo: empatía, respecto e colaboración.*
- *Empregar as TICs como recurso para a aprendizaxe.*

## *4. METODOLOXÍA*

*Para o desenvolvemento deste programa seguiranse unha serie de principios metodolóxicos que potenciarán a súa funcionalidade e o desenvolvemento pleno do alumnado , xa que a característica máis importante é que afecta a todo o alumnado da aula de cuarto nivel:*

- *Principio de actividade, que potencia o traballo autónomo e as autoaprendizaxes, tendo en conta que o alumnado aprende facendo.*
- *Principio de individualización, que di que a mestra debe atender as características particulares de cada neno/a.*
- *Principio de socialización, onde se defende a relación entre o alumnado para o seu completo desenvolvemento persoal. Créase un ambiente onde o alumnado é quen de tomar decisións mentres que a mestra funciona como guía ou asesora.*
- *Principio de autonomía, o cal lle permite ao alumnado ser autónomo e dono da súa propia aprendizaxe, tanto a hora de traballar de xeito individual coma cando o traballo se realice en grupos sempre cumprindo o protocolo COVID.*
- *Principio de globalización, polo que os contidos xiran en torno ao mesmo eixo e de maneira interdisciplinar.*
- *Principio de creatividade, polo que o alumnado aprenderá a resolver distintas cuestións de diferentes maneiras.*
- *Principio do xogo, planteando actividades lúdicas e interactivas, facendo que o alumnado aprenda divertíndose e chegue a atopar a motivación.*

*Ademais destes principios, farase principal fincapé no emprego das TICs como forma de integrar a sociedade de hoxe en día na que o noso alumnado está mergullado.*

*A aprendizaxe significativa está presente en todo momento, achegando as aprendizaxes ao mundo real do alumnado. Partirase do construtivismo buscando como fin acadar aprendizaxes significativos e funcionais, é dicir, partir do desenvolvemento e coñecementos previos asegurándonos en todo momento que o alumnado comprende o que está facendo e a súa utilidade.*

*As distintas actividades propostas serán abertas, flexibles, graduadas sempre en torno ao grado de dificultade e motivadoras. Para favorecer esta significatividade e a motivación, tratarase de rematar cun produto final que pode verse ou expoñerse diante dunha "audiencia"*

*As estratexias que se levarán a cabo para motivar ao alumno centraranse na creación de situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.*

*Ademais destas estratexias terase en conta outro tipo de actuacións de carácter máis específico:*

- *Establecer unha boa empatía e unha adecuada sintonía afectiva*
- *O fomento da motivación e a aprendizaxe significativa.*
- *Ter en conta en todo momento, os intereses, preferencias, coñecementos previos e disposición do alumnado.*

Poranse en marcha diferentes metodoloxías innovadoras como a aprendizaxe por proxectos, por experiencias, aprendizaxe colaborativo, flipped classroom ou aula invertida…sempre fomentando o talento a partires das intelixencias múltiples.

## 5. ACTIVIDADES

*O enfoque e o desenvolvemento deste programa de enrequecemento curricular, modelo SEM, obedece á posta en marcha do PROTOCOLO PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS, poñendo interese no modelo triádico, fomentando tres tipos de actividades de enrequecemento, todo isto desenvolto no dito documento, que supón desenvolver o traballo do alumnado en tres pasos: tipo 1, estimulalo para que atope algo que lle resulte interesante; tipo 2, ensinarlle a investigar, a procurar información…; e tipo 3 , realizar un produto final que non só se expoña na aula senón fóra. É sumar motivación, talento e persistencia na tarefa.*

*Ven sendo unha continuidade do programa iniciado no curso 2020/21, ondes eguiremos traballando na mesma liña e da mesma maneira, dada a valoración positiva do mesmo.*

*Unha das características desta opción é que toda a clase vese beneficiada, xa que no son actividades puntuais só para un tipo de alumnado…todo mundo pode participar, sempre e cando se rematen as tarefas comúns a todos e a todas.*

*Levaranse a cabo diferentes tipos de actividades para fomentar a autonomía do alumnado, implícalos no traballo total da aula, empatizando coas diferentes situacións que se poden dar.*

*Para iso crearíanse diferentes "intres de traballo", que serán empregados cando se rematen as tarefas base e de maneira autónoma, podendo traballar calquera alumno/a da clase. Para acceder a cada un dos intres faríase por sorteo de tarxetas, con nome dos catro*

*intres, cunha periocidade semanal, podendo variarse segundo as necesidades da actividade ou por interese concreto nos contidos que se están traballando. Xa se posúe unha dinámica neste tipo de actividades, xa que a mestra xa non ten que intervir , dunha maneira autónoma móvense por centros de interés.*

*O esquema de traballo variaría segundo as súas necesidades e demandas, xa que son dous alumnos totalmente diferentes, un deles presenta un nivel de frustación e ansiedade moi alto. As fases finais dos traballos a desenvolver rematarán na exposición aos demais compañeiros/as, aínda que sexan ou non parte implicada nos mesmos.*

*Terase en conta e moi presente a opinión e os intereses do alumnado para decidir se seguimos, modificamos ou deixamos algunha actividade, xa que vai partir sempre dos seus intereses.*

*Desta maneira crearemos ambientes de compromiso e responsablidade en grupo, sempre mantendo as distancias de seguridade e as medidas de protección e desinfección recomendadas no protocolo COVID.*

*Este curso continuaremos con todo o que vai relacionado co verbo **MEDRAR,** cumplindo o meu máis importante obxectivo, xa iniciado no curso anterior antes do confinamento:*Que cada neno/a medre ao o seu ritmo e segundo as súas capacidades, que son infinitas *se nós somos quen de deixar que florezan.*

***INTRE TIC: Medrotic:*** traballaremos profundizando en contidos de robótica, linguaxe de programación (sobre todo Scratch) e procura de información para este proxecto ou calquera outro dos demais rincóns, traballando diferentes proxectos como EU CODE WEEK, ademaís de integrar actividades de língua inglesa en Scratch.

***INTRE CREACIÓN DE TEXTOS: Medrando en historias***

***INTRE ARTE: Medromuseo***

***INTRE DE OCIO : Medro en R***

- *INTRE TIC**: MedroTic:** netbooks, robots e acceso á impresora dende a aula. Plantexaranse actividades de ampliación de robótica, e-textiles empregando diferentes robots e xogos como lego education WeDo 2.0, placas arduino, makey makey, adafruit, lilypad…actividades de realidade aumentada, en obradoiros como o curso pasado. Pretenderemos ampliar o noso coñecemento en diferentes linguaxes de programación como Scratch, WeDo 2.0… en diferentes idiomas, galego, castelán e inglés. Ademáis a posta en marcha de diferentes "computer games" que ampliarán contidos e competencias traballadas.*

  *Este curso tamén porase en marcha a edición de filmes, gravaremos un filme cuxo estreo farémolo coincidir co remate do terceiro trimestre recreando unha estrea do Festival de Cans. Si sí… e con alfombra vermella!!!*

- *INTRE CREACIÓN DE TEXTOS: **Medrando en historias**: material funxible de diferentes tipos para obter maior rendemento e creatividade neste espazo: bolígrafos de diferentes cores, rotuladores de distintos grosores, plumas e tinta así como uns cadernos específicos para tal actividade.*

  *Contando sempre cunha boa biblioteca de aula para guiar e servir de modelo a estas futuras creacións (aquí implicaríamos a BIBLIOTECA)*

  *Poranse dous títulos en marcha:*

  - ***"Unha manchea de emocións cando…",** un conxunto de poemas ou creación poéticas, camiño de poderen ser musicadas, en colaboración co mestre/a de educación musical. Terase como centro da temática **as emocións**. Daráselle moita importancia a creatividade, a calidade e as ilustracións.*
  - ***O anticaderno** é un caderno, pero non un simple caderno. Páxina a páxina vaise construindo, un caderno cheo da nosa esencia, das nosas emocións, das nosas cousiñas… que personalizamos e caracterizamos a nivel individual xogando con letra e ilustracións.*
- *INTRE DE ARTE: dotación de diferentes materiais para pór en marcha diferentes técnicas artísticas como puntillismo, cubismo, collage, pinturas con témpera, ceras, rotuladores, pinturas pastel, entintado… para a que necesito todo este material específico para lévalo a cabo dentro da aula e como reto final desta actividade facer un **Medromuseo** con todo o que iso implica (exposición das obras, visitas guiadas, invitacións…). Nesta actividade seguirase traballando na liña do curso pasado co Museo de Belas Artes de A Coruña e tamén co CGAC ou Centro Galego de Arte Contemporáneo de Santiago de Compstela para traballar as emocións, tema troncal do centro, a través do arte.*

  *Traballaremos diferentes técnicas artísticas e expresivas para levar a cabo unha actividade lúdica xunto coas familias, onde a diversión e a aprendizaxe vaian da man.*

  *Para esta actividade, ademáis do material especificado necesitaremos papeis específicos de cada técnica, rotuladores , carboncillos…sen material é imposible poder lévalo a cabo. Ademáis programarase saídas para visitar estes museos, sempre e cando as condicións sanitarias o permitan.*
- *INTRE DE OCIO: **Medro en R**: diferentes xogos de diferentes niveis ou idades como puzles, lego…os seus favoritos pero sempre de maneira individual e seguindo o protocolo pola situación COVID.*

*Penso que todo este tipo de material e espazos axudaríalles moito a eliminar esa ansiedade manifesta e a frustración que xa se manifestou en mais situacións, non só na escola ao alumnado de altas capacidades. Así como o tratamento axeitado dentro dunha escola de igualdade de oportunidades e a súa inclusión efectiva ao alumnado destas características.*
*******Mencionar que ademais destas actividades específicas para este programa, seguirase traballando por proxectos na aula de maneira casi continua; polo que se seguirán facendo actividades que axudaran a inclusión este tipo de alumnado.*

*Todas as actividades reflexaránse na páxina web do centro para que toda a Comunidade Educativa se vexa inmersa neste tipo de actividades, pero sobre todo as familias implicadas, neste caso as do 4º nivel de EP. Sempre se terán en conta as indicacións sanitarias pola situación que estamos vivindo, adáptandonos e modificandomo que sexa necesario neste programa. Total flexibilidade.*

## 6. RECURSOS

*En canto a este apartado, xa se foi incluindo o material requerido para levalos a cabo. Para a dotación destes intres recúrrese ao Departamento de Orientación en colaboración co Equipo Directivo xa que co presuposto de aula é totalmente imposible levalos a cabo e como xustificación ampárome no que se reflexa neste protocolo, é un alumnado inmerso na categoría de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Ademáis penso que estes materiais de apoio deben estar continuamente dentro da aula, para unha maior efectividade no traballo. Tamén mencionar que neste curso seguimos cos ordenadores Abalar que había no centro, uns netbooks moi antigos . Dado que a súa valoración o curso pasado foi NON POSITIVA sería ideal contar con tablets ou outro tipo de recurso informático para levar a cabo este tipo de programas e acadar resultados positivos.*
*Tamén se recurrirá a colaboración das familias, ANPAS…a toda a Comunidade Educativa que podería axudar a acadar a excelencia do noso alumnado tanto para obradoiros, saídas, charlas…*

- ***INTRE TIC: Medrotic:***
  - *Robots: scornabots, Bee bot, Mbot, paneis, legos,*
  - *Cámara de vídeo ou mobil para gravar*
  - *Tablets , ordenadores …*
- ***INTRE CREACIÓN DE TEXTOS: Medrando en historias:***
  - *Cadernos específicos para cada unha das historias*
  - *Cámara de vídeo ou mobil para gravar*
  - *Material funxible para ilustracións e decorados como cartulinas, pinturas, tesoiras, pegamento …*
- ***INTRE ARTE: Medromuseo ou MUSEO AO MIÚDO***
  - *Material funxible para pintar e reproducir obras de arte do Museo de Belas Artes de A Coruña ou CGAC de Santiago de Compostela, como cartulinas, papeis para diferentes técnicas, pinturas (ceras, témperas, rotuladores…), diferentes materiais como teas, fieltro…tesoiras, pegamento …pendente da temática a traballar pero relacionado co tema das emcións a través do arte.*
  - *Saídas, tanto presenciais como en liña, a estes museos para o achegamento as obras estudadas do noso alumnado*
- ***INTRE DE OCIO : Medro en R***

- *Xogos a nivel individual, manipulable ou dixital para favorecer o tempo de ocio dunha maneira responsable, sempre respectando as normas e indicacións do Protocolo Covid.*

## 7. *PLANIFICACIÓN E SEGUIMENTO*

*A avaliación será continua a fin de comprobar se as medidas tomadas son axeitadas ás necesidades detectadas, así como das posibles dificultades que poden ir aparecendo que nos permitan introducir os cambios que consideremos necesarios sobre a marcha.*

*A avaliación realizarase polo menos unha vez ao trimestre e ao finalizar o curso .*

*Dito programa terá a duración dun curso escolar, suxeito sempre a modificación ao longo deste, xa que unha das características máis importantes é o seu carácter flexible e aberto adaptado á decisión e interese do alumnado implicado e sempre adaptándose as diferentes modalidades de ensino que se poidan producir debido a situación COVID.*

**Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe:** tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos procedimentais e actitudinais, buscando a integración social, ante a imposibilidade de lograr un progreso suficiente nos contidos conceptuais. Aplicaranse os PROTOCOLOS correspondentes e sempre en coordinación co Departamento de Orientación:

*Protocolo para la intervención psicoeducativa de la dislexia y/u otras dificultades específicas del aprendizaje*
*Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario*

• ADAPTACIÓN CURRICULAR (REFORZO): Fichas fotocopiables con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.
• AMPLIACIÓN: Fichas fotocopiables con actividades de maior dificultade pola súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso etc.
• COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES: Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, o movemento, a representación plástica, a dramatización...
• PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).
• ENSINANZA TITORIZADA.
• TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.
• LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.

Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo. Tendo en consideración a diversidade do alumnado, atenderase ás medidas de apoio e reforzo necesarias, levándose a cabo con adaptación de actividades, de contidos e obxectivos. En casos especiais atenderase ás adaptacións curriculares necesarias, que serán deseñadas desde o departamento de orientación e coa colaboración da titora ou titor do alumno/a.

Estas levaranse a cabo dende o departamento de orientación e coa colaboración da titora ou titor do alumno/a. Entre as medidas indicadas na epígrafe anterior considéranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo e poñendo en marcha os diferentes protocolos que se refiran a estas necesidades.

# 9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS, AO PLAN TIC, AO PROXECTO LECTOR, AOS HÁBITOS SAUDABLES, Á EDUCACIÓN EN VALORES, AO PLAN DE CONVIVENCIA E AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

## 1. Ás competencias

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, descompostos en descritores.

Os **elementos transversais,** tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

O desenvolvemento de **valores** axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse para que sexan capaces de construír unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar elementos e razoamentos matemáticos para resolver problemas da vida cotiá partindo do coñecemento dun mesmo, da natureza e da interacción cos outros. Así mesmo, incorpora a aplicación dalgunhas nocións, conceptos científicos e técnicos coa posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados aos que se ten que enfrontar o propio alumno.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.

### *Comunicación lingüística*

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas.

Debido ao carácter da área, coa importancia de iniciar os alumnos nesa busca de información e presentarlla ao resto, de realizar simulacións, de iniciarse na actividade científica..., é unha prioridade traballar co alumnado a comprensión ao longo destas unidades que se desenvolven.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Plan lector: gozar coa lectura.
- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.

### *Competencia dixital*

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilizalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Desde esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

Nas distintas áreas adestraremos os seguintes descritores:
- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### *Conciencia e expresións culturais*

A través da ciencia, podemos coñecer o mundo no que vivimos, o ámbito que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente desde a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística. Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.

### *Competencias sociais e cívicas*

A área de Ciencias da Natureza pídenos desenvolvemento de actitudes e valores vinculados ao respecto cara a un mesmo e cara a os demais, cara á natureza, cara ao traballo propio das ciencias e o seu carácter social polo que os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciamos a continuación:

- Educación en valores: Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

Na área de Ciencias da Natureza preténdese iniciar ao alumnado na actividade científica polo que este aspecto se vincula ao desenvolvemento desta competencia. A necesidade de traballar a autonomía persoal, a xestión de grupos de traballo desde un liderado compartido fai que teñamos que fomentar habilidades de emprendemento que alcancen os obxectivos propostos.
Neste caso, os descritores que se van adestrar son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.

***Aprender a aprender***

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo con aquilo que consideramos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia son:
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se van realizar no proceso de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

## 2. ***Ao Plan TIC***

Para incorporar as TIC na aula propóñense unha serie de recursos **integrados** cos contidos e actividades das distintas áreas para Terceiro Curso, que complementan e amplían.

| | |
|---|---|
| *Actividades TIC* | Todo tipo de actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe. |
| *Medios telemáticos individuais* | Tablets, ordenadores ou outros a valorar |
| *ROBÓTICA* | Proxectos de introducción á ROBÓTICA, STEAM, Code Week, programación… |
| *Ligazóns a Internet* | Aproveitamento de recursos educativos en Internet: Procura de imaxes, información ou curiosidades, selección e organización para transformalo en coñecemento. |
| *Recursos dixitais na web na aula virtual* | Actividades interactivas: O alumno/a responde de diferentes modos: seleccionando a opción correcta, clasificando os elementos en diferentes grupos e/ou situándoos na súa posición correcta. |

A aula de informática conta con 11 ordenadores pero acomodar a 24 alumnos para traballar alí resulta un pouco complicado pola perda de tempo que supón cambiar de aula a tantos nenos e nenas, co traslado de material correspondente, pero empregaremolos en momentos puntuais, sempre cumprindo a normativa vixente en canto as medidas sanitarias COVID. Dentro da aula teremos que procurar outras alternativas que se probaron con **avaliación non positiva** na memoria do curso pasado, **os ordenadores abalar**. Debemos tentar **outras opcións** (***tablets, proxecto Snappet*** ou similaresoutras propostas) para unha mellor aprendizaxe e sobre todo para prever outro posible confinamento ou ensino non presencial ou semipresencial con traballo telemático.

### 3. ***Ao Plan Lector***

As accións de contribución ao proxecto lector do centro atópanse enmarcadas no ámbito da competencia en comunicación lingüística. Preténdese a mellora das habilidades lingüísticas desde todas as áreas curriculares. Significa activar en todas as áreas e actividades

interdisciplinares os obxectivos lingüísticos esenciais formulados nas áreas de Lingua castelá e literatura e Lingua galega e literatura. As propostas do plan lector inseriranse de forma integrada en actividades de lectura programada baixo criterios de extensión, diversidade de tipoloxías e temáticas acordes co nivel da etapa de Educación Primaria na que nos atopamos.

Algunhas actividades para desenvolver a competencia lectora poden ser:

- Lectura en voz alta de textos por parte dos alumnos.
- Grupos de lectura dentro e fóra da aula.
- Lectura graduada relacionada coa linguaxe e o tema da unidade en casa.
- Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...).
- Textos en apoio dixital (internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
- Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.
- Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos e intervencións: planificación, redacción, revisión.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Realización de dramatizacións a partir de un texto traballado.
- Expresión das súas propias experiencias e sentimentos.
- Na terceira sesión, despois do recreo, adicaremos 20 minutos á lectura individual ou colectiva en distintos formatos (plan lector do centro).
- Lectómetro
- Cadernillo Plan Lector

## 4. *Ao Plan Escritor*

As accións de contribución ao plan escritor atópanse enmarcadas no ámbito da competencia en comunicación lingüística. Preténdese a mellora das habilidades lingüísticas desde todas as áreas curriculares. Significa activar en todas as áreas e actividades interdisciplinares os obxectivos lingüísticos esenciais formulados nas áreas de Lingua castelá e literatura e Lingua galega e literatura. E xunto con iso, os estilos propios que representan as distintas culturas, as diferentes comunidades sociolingüísticas e os diferentes grupos sociais.

Cómpre destacar a aportación de traballos escritos, aplicados en todas as materias e tendo en conta que as propostas do plan escritor inseriranse de forma integrada en actividades de escritura programada baixo criterios de extensión, diversidade de tipoloxías e temáticas acordes co nivel da etapa de Educación Primaria na que nos atopamos.

Algunha das actividades propostas para desenvolver esta competencia escritora poden ser:

- Visualizar diferentes tipos de textos
- Creación de diferentes tipos de textos
- Cadernillo Plan Escritor ( fichas teóricas creadas especificamente para este caderno que posuirá como guía)

### 5. *Aos Hábitos saudables*

Para promover **Hábitos saudables**, este curso seguimos inmersos en Distribución de froitas e derivados lácteos FOGGA, promovendo así o consumo diario dunha boa alimentación, como froitas, lácteos, etc, e a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante e fóra da xornada escolar, inculcando hábitos de vida activa, saudable e autónoma. Organizarande saídas que promovan a catividade fisica ao aire libre, como por exemplo hípica, sendeirismo …Tamén seguiremos un calendario semanal de **merendas saudables,** para que estas sexan sans e variadas, asegurando así o consumo de froita, lácteos, etc

A celebración de aniversarios farémola na data correspondente a cada alumna/o ou agrupados/as por trimestres cun simulacro de soplado de velas nunha torta falsa e cunha canción para facer algo especial ese día, sobre todo polo momento que estamos vivindo. Tratase de facer ao alumnado o protagonista do seu día especialmediante unha entrada na web para conmmemorar estes aniversarios ( feita con CANVAS, GENIALLY…)

Deseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa.

Tamén se promoverán e deseñerán actividades físicas de diferentes modalidades para aportar alternativas e posibilidades a un grupo moi diverso como este.

### 6. Á educación en valores e ao plan de convivencia.

Ten por obxectivo a recomendación de normas e directrices que van encamiñadas ao fomento dos valores e actitudes de convivencia que han de rexer a vida diaria do centro. Desde o traballo dos contidos relacionados coa educación en valores (Educación para a Paz,...) debemos impulsar e promover actuacións encamiñadas á mellora e/ou mantemento das boas relacións interpersoais dos distintos colectivos (mestres, pais, nais e alumnos/as,...) que conviven nun centro escolar así como o establecemento de pautas que poidan resolver posibles situacións de conflito. Tendo en conta a importancia de potenciar a convivencia na escola, preténdese realizar un traballo sistemático, tanto nas horas de titoría como en calquera momento en que a situación o precise. As actividades que se levarán a cabo estarán en coordinación coa Comisión de Convivencia do centro.

Dende o noso nivel teremos en conta o protocolo de actuación ante situacións conflictivas; os titores/as faran coñecer ao grupo as normas establecidas no Regulamento de Réxime Interno do centro propoñendo situacións imaxinadas nas que poñer en práctica o protocolo (un alumno/a dedícase a poñer motes a outros, un alumno/a pega aos compañeiros/as, un alumno/a entra tódolos días tarde na aula…); igualmente

elaboraranse as normas básicas da aula e faranse saber aos alumnos/as os seus dereitos e deberes. Traballarase sobre todo na resolución de conflictos a nivel alumnado para conseguir unha maior autonomia nas súas actuacións e asi facelos protagonistas no senso de mellorar a convivencia do noso centro. Traballar a figura do mediador entre iguais.

No protocolo tamén se indica que en casos de maior gravidade participará na valoración do alumnado o Departamento de Orientación e, cando así se considere, intervirá o Equipo Directivo para valorar a sanción a aplicar. Presentación e dar a coñecer o Plan de Convivencia do centro, así como o protocolo do comedor.

Seguirase prestando especial atención este curso ao protocolo Covid e a todas as novas normas que se implementaron nos centros escolares para facer fronte a situación epidemiolóxica que estamos vivindo.

A educación en valores atópase tamén integrada no Plan de convivencia do centro. Considerando que unha verdadeira educación en valores non pode quedar na mera ilustración conceptual ou na formación de opinións, senón que ha de levar a unha conduta e á adquisición duns hábitos ou virtudes, preténdese contribuir a desenvolver a aplicación e posta en práctica do Plan de convivencia.

Atendendo a estas premisas, a educación en valores traballarase de diferentes maneiras:

- Aproveitando noticias, sucesos, efemérides … dedicarase un tempo de formación en valores coa metodoloxía que mellor conveña ao tema en cuestión facendo un achegamento á información real e á reflexión, de maneira puntual.
- Determinando un tempo dentro do horario escolar para a formación en valores de forma sistemática nunha área concreta.
- A través da selección de valores determinados para reflexionar e traballar en todas áreas curriculares de maneira sistemática en todas as áreas.

Todo isto contribuirá a formar entes reflexivos, crítico e responsables, que serán capaces. autónomos e libres para a toma de decisión.

## *7. Ao Proxecto lingüístico*

As accións de contribución ao plan lingüístico do centro atópanse enmarcadas no ámbito da competencia en comunicación lingüística. Preténdese a mellora das habilidades lingüísticas desde todas as áreas curriculares. Significa activar en todas as áreas e actividades interdisciplinares os obxectivos lingüísticos esenciais formulados nas áreas de Lingua castelá e literatura e Lingua galega e literatura. Neste contexto, ningunha área nin ningunha actividade docente será allea aos obxectivos establecidos no plan lingúístico do centro.

Potenciarase o uso correcto do galego oral e escrito, empregando esta lingua como un ben preciado do noso patrimonio cultural e artístico. Favorecerase diariamente a expresión das propias vivencias de forma correcta, así como de aspectos da nosa cultura.

En relación co proxecto lingüístico do centro dende o 4º nivel imos contribuír con todas aquelas actividades propostas polo EDLG, tendo en conta as celebracións do Día da Biblioteca, Día do Libro, Semana das Letras Galegas, Día da Poesía, Día do teatro en relación tamén co eixo vertebrador do curso: **“Un curso cheo de emocións**”.

Procurarase, na medida do posible, que a maneira de traballar na aula responda ás directrices establecidas no proxecto lingüístico de centro. Tratarase tamén de incorporar ao proxecto aspectos da fala local que se queren ter en conta e que poden ter certa incidencia, especialmente na comunicación oral. Tratarase de integrar as dúas linguas oficiais do territorio, o galego e o castelán.

Faremos as lecturas pertinentes tendo en conta tamén os autores/as que veñan ao colexio, se as condicións sanitarias o permiten.

# 10. ACTIVIDADES DE REFORZO, RECUPERACIÓN E AMPLIACIÓN

Na clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, polo que se persegue o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese. Tratarase de crear programas de reforzo para aquel alumnado que sufriu diferentes tipos de brechas (dixital ou académica) pola situación vivida , xa que cada familia é particular e un cúmulo de circunstancias.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que tódolos/as alumnos/as poidan atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aquel alumnado sen dificultades (ampliación e programa de enrequecemento curricular), e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio (reforzo).

Para os procesos de reforzo, recuperación e mesmo ampliación recurrirase aos seguintes medios:

- As propias fichas de reforzo, recuperación e mesmo de ampliación dos libros de texto e as creadas pola titora abordando eses aspectos demandados concretamente e de maneira mais personalizada.
- Facilitar probas escritas ou orais, segundo as necesidades do alumnado.
- Adaptar os diferentes formatos das probas: en vez de plantexar cuestións que teñan unhas respostas dunha certa elaboración, plantexar cuestións de respostas curtas ou tipo test.
- Elaborar e facilitar modelos de guías para a elaboración de diferentes traballos na aula e fóra dela.
- Promover as actividades grupais xa que son moi satisfactorias e integradoras e afavorecen a inclusión.
- Potenciar a titoría entre iguais ( o alumnado axudarase entre sí na elaboración das actividades propostas)
- …

E sempre poñendo en marcha, en colaborarción co Departamento de Orientación xunto coas especialistas de PT e AL,os Protocolos axeitados.

# 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Realizaranse por nivel facendo as saídas que o equipo docente deste nivel considere, deixando aberta á posibilidade segundo os proxectos nos que participemos ou elaboremos, se é o caso, e sempre suxeitas ás normas marcadas polo Plan de adaptación á situación COVID e as normas médico sanitarias, tanto dentro como fóra da localidade ou da Comunidade. Estas saídas poden ser en diferentes formatos, tanto presencial como en liña: Saídas á Cidade da Cultura en Santiago, Centro de Hípica, Museo de Belas Artes en A Coruña, CGAC en Santiago e outras a concretar tendo en conta de cómo se vai desenvolvendo a pandemia

Realizaranse actividades complementarias dentro do horario lectivo como talleres, obradoiros, charlas, contacontos...solicitando ás familias e as dúas ANPAS do centro, ANPA O FORMENTO e XERMOLOS, como se fixo noutros cursos anteriores, a súa colaboración. As temáticas e a sua temporalización vai depender dos contidos e competencias traballadas en cada momento e difícil de mencionar de maneira moi concreta e específica a principio de curso. Organizaranse tendo en conta o principio da flexibilidade e o carácter aberto a modificacións desta programación xeral anual e sempre se informará á coordinadora de actividades extraesclares e complementarias e ao equipo directivo vía correo electrónico corporativo e as familias por diferentes medios, así tamén como o envío da autorización de participación ás familias.

Dende a Biblioteca e Dinamización propúxose un tema vertebrador, este ano **UN CURSO CHEO DE EMOCIÓNS**, polo que tamén faremos actividades complementarias referentes ao tema, que nos servirán para reforzar os contIdos traballados nas outras disciplinas.

Participaremos de cheo en todas as actividades propostas polos equipos do centro: Biblioteca, Dinamización, Tic así como nas diferentes celebracións conmemorativas tanto a nivel colexio como pequeno grupo, sempre seguindo as normas do Plan de adaptación á situación COVID evitando aglomeracións. Así como tamén as organizadas por outros organismos como o Concello, Consellerías, etc.

Deixar constancia que a súa organización e a súa concreción realizarase nas pertinentes reunións de nivel e informando a outros órganos como a CCP e ao Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias, ademais do envío da programación correspondente por email ao equipos directivo e ao de actividades extraescolares.

Celebraranse diferentes actividades con carácter mensual a nivel colectivo, elexidos polas coordinadoras de EDNL, Bibilioteca e Actividades Extarescolares/complementarias a determinar na reunión da comisión de Corrdinación Pedagóxica do mes de outubro, tal como se reflexou na reunión do mes de setembro.

Así como outras, marcadas no calendario escolar 2021, DOG número 104 que se traballarán a nivel de aula como Dia Universal da Infancia, conmemoración da Constitución e o estado de autonomía de Galicia, Día internacional das persoas con discapacidade, Día escolar da non Violencia e da Paz, Día mundial dos Dereitos do Consumidor, Semana da prensa, Semana do Libro, Día Internacional contra o Acoso

Escolar, Día de Europa e outras de interese para este nivel xa traballadas nos cursos anteriores como Día do sorriso, Día da poesía, Día do bico, Día da felicidade, Día da auga, Día dos bosques… así como saídas ao entorno e fóra do entorno, seguindo as instruccións sanitarias e as do plan de adaptacióná situación COVID

Reflexaránse na web do centro na lapela correspondente ao noso nivel:

*https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdearzua/taxonomy/term/31*

## 12. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA E PROMOCIÓN DE NIVEL

Pretendemos que o presente proxecto didáctico sexa un proxecto realista, que se poida desenvolver na súa totalidade sen que se bote en falta algún tema que debería ser tratado pero sen que tampouco se traten contidos que puideran ter a consideración de máis ou menos superfluos. Por estas razóns este proxecto é fundamentalmente un proxecto de mínimos, de tal xeito que teñen esta consideración todos os contidos de carácter conceptual que se recollen nas diferentes unidades didácticas, resultando especialmente relevantes os que se detallan a continuación para cada unha das materias.

Ao final do curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, tomaranse a decisión se promociona ao seguinte curso e sempre seguindo os criterios establecidos no PE.

A decisión de promoción de curso adoptaraa o equipo docente formado por profesores e profesoras que imparten docencia ao grupo de alumnos e alumnas no 4º curso, e deberá ter en especial consideración a información e o criterio da titora. O alumnado acadará a promoción ao nivel educativo seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e un axeitado grao de madurez. Accederase tamén ao seguinte nivel cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente ao novo nivel. O alumnado deberá acadar os mínimos esixibles.

### LINGUA GALEGA

- Identifica os elementos característicos de diferentes tipos de textos: narrativos, expositivos, novas, lendas, entrevista, informativos.
- Utiliza distintos tipos de dicionarios.
- Clasifica os nomes e coñecer algunhas regras básicas para a formación do feminino e do plural.

− Sabe acentuar gráficamente as palabras agudas, graves e esdrúxulas.
− Relaciona palabras cos seus antónimos e sinónimos.
− Distingue diferentes clases de palabras: determinantes, sustantivos, verbos etc.
− Mide versos correctamente.
− Identifica estrofas sinxelas.
− Diferencia as palabras polisémicas das homónimas.
− Identifica adxectivos e o grao que expresan.
− Sabe acentuar graficamente as palabras con ditongo, tritongo e hiato.
− Distingue entre palabras primitivas, derivadas e compostas.
− Identifica os diferentes tipos de pronomes: persoais, demostrativos, posesivos, numerais e indefinidos.
− Utiliza correctamente o til diacrítico.
− Recoñece a finalidade dun anuncio publicitario.
− Identifica sufixos diminutivos, aumentativos e despectivos.
− Forma familias léxicas
− Agrupa palabras en campos semánticos.
− Usa correctamente diferentes tipos de signos de puntuación: punto seguido, punto e aparte, punto final, a coma, os dous puntos o punto e a coma.
− Aplicar as normas de uso das comiñas e das parénteses.
− Identifica e aplica na praxe certos recursos da linguaxe poética.
− Identifica as preposicións, as conxuncións e as contraccións dalgunhas preposicións con certos determinantes.
− Elabora unha recensión sinxela dunha película ou dun libro .
− Recoñece a oración e a frase como dous tipos de enunciado.
− Clasifica oracións segundo a actitude do falante e identificar as interxeccións.
− Recoñece o suxeito como constituínte inmediato da oración e as unidades que poden desempeñar a función de suxeito.
− Recoñece o predicado dunha oración e distinguir entre predicado nominal e verbal.
- Escribe correctamente palabras con b e v.
− Escribe correctamente as palabras con c, ct e cc.
− Escribe correctamente palabras con z, zz, s.
− Escribe correctamente palabras que comezan por ca, cua- e co-.
− Escribe correctamente palabras cos sufixos –cia /-za e –cio/-zo.
− Escribe correctamente palabras con ex-/es-/ estra-/extra.

− Recoñece siglas e abreviaturas e os seus significados
- Recoñece e crear caligramas e acrósticos.
− Diferencia os verbos transitivos dos intransitivos
− Recoñece os complementos directo, indirecto e circunstancial.
− Identifica palabras tabú e eufemismos.

## MATEMÁTICAS

- Lectura e escritura de números de ata sete cifras.
–Composición e descomposición de números de ata sete cifras segundo a orde de unidade e o valor de posición das cifras. Establecemento de equivalencias entre as distintas ordes de unidades dun número
– Lectura e escritura de números romanos
– Propiedades conmutativa e asociativa da suma.
– Relacións entre os termos da resta.
– A proba da resta
– Utilización da paréntese en sumas e restas.
– Multiplicación de números de varias cifras por outros de dúas ou máis cifras.
– Coñece os termos da división.
– Diferencia as divisións exactas das inexactas.
– Realiza divisións con dividendos de ata catro cifras e divisores dunha cifra.
– Formula e resolve sinxelos problemas
– Termos dunha fracción. Lectura e escritura de fraccións.
– Concepto de fracción como parte da unidade dividida.
– Representación gráfica de fraccións.
– Lectura e escritura de números decimais: décimas, centésimas e milésimas.
– Sumas e restas de números decimais.
– Equivalencias entre o metro e os seus divisores: dm, cm e mm.
– Equivalencias entre o metro e os seus múltiplos: dam, hm e Km.
– Expresión do resultado dunha medida indicando a unidade utilizada.
– Establecemento de equivalencias entre diferentes unidades de lonxitude.

– Aplicación da medida e os cálculos con lonxitudes á resolución de problemas.
– Establecemento e uso das equivalencias entre o litro e os seus múltiplos e submúltiplos.
– Establecemento e uso das equivalencias entre o gramo e os seus múltiplos e submúltiplos.
– Realiza estimacións de pesos e capacidades utilizando a unidade axeitada.
– Resolver problemas que impliquen o manexo da medida do peso e a capacidade.
– Identifica e debuxar semirrectas e segmentos.
– Recoñece e trazar rectas paralelas e perpendiculares.
– Recoñece e debuxar ángulos rectos, agudos e obtusos.
– Asocia o xiro dun cuarto de volta ao ángulo recto, o menor dun cuarto de volta ao ángulo agudo e o mayor dun cuarto de volta ao ángulo obtuso.
- Identificación das distintas figuras planas.
– Diferenciación entre polígonos e non polígonos.
– Clasificación dos triángulos e cuadriláteros.
– Diferenciación entre circunferencia e círculo. Elementos.
– Construcción de triángulos e cuadriláteros.
– Trazado de circunferencias.
– Polígonos regulares. Identificación. Construcións básicas.
– Figuras con eixo de simetría. Identificación. Construción.
– Parellas de figuras simétricas respecto dun eixo. Identificación. Construcións sinxelas.
– Identificación de poliedros e entre eles os prismas e as pirámides.
– Identificación dos cilindros, conos e esferas.
– Identificación e construción das bases e as caras laterais dun prisma e dunha pirámide.
– Descrición das caras dos poliedros nomeando os polígonos que as forman.
– Identificación da base e a superficie lateral de prismas, pirámides, conos e cilindros.
– Descrición da situación de determinados obxectos tomando como referencia o noso propio corpo (esquerda, dereita, arriba-abaixo…)
- Localización e situación de obxectos no plano cuadriculado, a partir das casas (filas-columnas) ou dos puntos da cuadrícula. Descrición e itinerarios e percorridos no plano cuadriculado.
– Interpretación de planos do ámbito próximo.
– Utilización da cuadrícula para a localización da posición de obxectos no plano cuadriculado.
- Clasificación dun suceso como seguro, posible ou imposible.

- Obtención do conxuto de todos os resultados favorables dun suceso.
- Expresión da probabilidade dun suceso

## LINGUA CASTELÁ

- Sabe buscar palabras no dicionario.
- Utiliza correctamente as maiúsculas.
- Recoñecer o emisor, receptor e a mensaxe.
- Distingue entre comunicación verbal e non verbal.
- Sabe alongar e acurtar frases.
- Sabe identificar sinónimos propios do vocabulario básico.
- Distingue a sílaba tónica e dividir palabras en sílabas, tamén palabras con ditongos e hiatos
- Distingue as diferencias entre letras, sílabas e palabras e a súa xerarquización no sistema.
- Le con ton axeitado
- Sabe identificar palabras agudas, graves e esdrúxulas e coñecer as súas normas de acentuación.
- Recoñece o suxeito e o predicado de oracións dadas.
- Coñece e aplicar o concepto de definición.
- Sabe identificar palabras homófonas propias do vocabulario básico.
- Distingue os tipos de oracións.
- Identifica as partes dun texto de calquer tipo dos traballados..
- Recoñece palabras compostas do léxico básico e os seus compoñentes.
- Distingue os nomes comúns e propios, das demais categorías de palabras
- Recoñece e redacta diferentes tipos de textos:notas, novas, poemas.
- Sabe identificar as diferentas de significado dos prefixos re- e pre-.
- Escribe correctamente palabras rematadas en –z e en –d.
- Escribe correctamente as palabras que empezan por bu-, bur- e bus-.
- Escribe correctamente adxectivos rematados en –avo, -eve, -ivo.
- Escribe correctamente palabras con ll e con e.
- Escribe correctamente palabras con hue-, hie-, hui- e verbos con h.

- Escribe correctamente as palabras que rematan en –aje,-jero e –jería.
- Escribe correctamente verbos rematados en –ger, -gir e palabras que empezan por geo- e– gest-.
- Escribe correctamente os verbos acabados en –bir e en –buir.
- Sabe identificar e modificar o xénero e o número en palabras dadas.
- Recita poemas
- Coñece as normas de concordancia dos adxectivos.
- Recoñece e usar axeitadamente os artigos e os determinantes demostrativos.
- Interpreta os datos dun gráfico.
- Sabe engadir os sufixos –ón, -ona,-azo,-aza e –ante e entender o seu significado.
- Identifica e utiliza correctamente os determinantes posesivos, demostrativos e numerais.
- Sabe expresar unha opinión
- Coñece os xentilicios máis comúns.
- Recoñece e utiliza pronomes persoais.
- Resume textos sinxelos seguindo unhas pautas.
- Sabe identificar familias de palabras.
- Clasifica os verbos pola súa conxugación.
- Sabe identificar palabras pertencentes a un campo semántico.
- Utiliza correctamente as formas verbais rematadas en –aba, -abas.
- Distingue as formas haber e a ver.
- Recoñecer e utilizar os tempos pasado, presente e futuro dos verbos.
- Recoñece o infinitivo das formas verbais e a conxugación á que pertencen.
- Coñece frases feitas e o seu significado.
- Coñece o significado dalgunhas abreviaturas.
- Recoñece os adverbios de lugar e de tempo.
- Recoñece certas figuras literarias, e entender o seu significado.

**CIENCIAS NATURAIS**

- Analiza as características estruturais das plantas, identificando e describindo as súas funcións coas súas partes correspondentes.
- Explica o proceso de alimentación das plantas, identificando as substancias que necesitan na súa nutrición.

- Identifica os órganos reprodutores das plantas, describindo as partes da flor, o froito e as súas funcións.
- Identifica as características comúns e diferenciais entre distintos tipos de animais.
- Identifica, describe e clasifica animais invertebrados utilizando diversos medios e recursos.
- Identifica e describe as características dos vertebrados, clasificándoos nos grupos aos que pertencen.
- Relaciona os sentidos e os seus órganos, describindo as partes destes.
- Identifica, enumera e describe os principais ósos, músculos e articulacións.
- Explica a función de nutrición e indica os aparatos que interveñen nela e a función que realizan.
- Diferencia entre alimentos e nutrientes, identificando os grupos de nutrientes.
- Describe en que consiste o proceso da dixestión, os órganos do aparato dixestivo, explicando a situación e función de cada un deles.
- Explica en que consisten os procesos de respiración, circulación e excreción e os órganos de cada un.
- Distingue alimentos saudables, identificando os tipos de nutrientes e as súas propiedades en diferentes exemplos de alimentos.
- Enumera prácticas saudables para unha alimentación saudable e coidadosa co propio corpo.
- Identifica, enumera e clasifica materiais segundo os seus usos e propiedades.
- Clasifica mesturas homoxéneas e heteroxéneas, indicando os principais métodos de separación destas.
- Explica a utilidade de diferentes máquinas e ordena tipos de máquinas en base a criterios establecidos.
- Identifica e clasifica diversos tipos de máquinas, enumerando os elementos e compoñentes das máquinas simples.
- Identifica e relaciona diversos tipos de enerxía e os seus efectos, diferenciando entre fontes de enerxía renovables e non renovables.
- Elabora resumos e esquemas, presenta argumentos razoados sobre as súas observacións.

## CIENCIAS SOCIAIS

- Define correctamente algúns dos elementos que compoñen o sistema solar.
-Coñece e describe o movemento de rotación e translación.
- Nomea as fases lunares.
- Identifica e describe as capas da Terra.
- Recoñece os principais elementos da Terra representados nun globo terráqueo.
- Realiza actividades a partir de fontes de información como imaxes e textos.
- Define o tempo atmosférico.
- Recoñece como é o tempo no seu territorio.
- Recoñece e diferencia as estacións do ano.
- Valora a influencia do clima na vida das persoas.

- Interpreta sinxelos mapas sobre predición do tempo.
- Identifica e define as capas da atmosfera.
- Identifica masas e cursos de auga continentais.
- Realiza as actividades sobre as partes dos ríos e describe as súas características.
- Coñece as diferencias entre rochas e minerais.
- Fai traballos e actividades para definir o relevo e nomear os elementos que o forman.
- Sitúa en mapas os ríos españois e as súas vertentes.
- Identifica os diferentes tipos de paisaxes que se dan en España.
- Identificas profesións dos sectores primario, secundario e servizos, así como a relación coa súa localización xenérica.
- Pon en práctica as normas de seguridade viaria como peón, e coñece algunhas das relacionadas cos vehículos.
- Define a Prehistoria e coñece as idades da Historia.
- Explica e valora a importancia dos grandes descubrimentos da humanidade.
-Identifica os trazos da civilización romana.
- Explica as achegas culturais da presenza romana na Península.

**PLÁSTICA**

- Establece pautas para seguir o procedemento de observación de obras de carácter plástico visual destacando as calidades estéticas e visuais das mesmas.
- Describe as características de elementos presentes no contorno e as sensacións que as obras artísticas provocan.
-Usa adecuadamente algúns dos termos propios da linguaxe plástica en contextos precisos, intercambios comunicativos, descrición de procesos e argumentacións.
-Interpreta e comparte coas compañeiras e cos compañeiros o contido de imáxenas presentes no entorno.
-Clasifica texturas, formas, calidades e cores atendendo a criterios e similidade ou diferenza.
-Experimenta a posibilidades da cor en contraste, variacións e combinacións, mesturando as cores primarias, obxectos e técnicas plásticas
-Emprega instrumentos, técnicas e materiais axeitados ao produto artístico que se pretende.
-Planifica actividades plásticas e artísticas en grupo, participando de forma activa e mostarndo actitudes de colaboración e respeto ás aportacións dos demais.
-Mostra respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo con actividades plásticas.

-Disfruta e valora a riqueza e variedade de manifestaciones artísticas e plásticas do patrimonio e o entorno socio-cultural de Galicia e doutras culturas, mostrando actitudes de curiosidade, respeto e aprecio por todas aquelas que posúen valor como patrimonio artístico universal.

-Mostra iniciativa na proposta de actividades artísticas respetando as aportacións dos demais.

-Utiliza recursos dixitais para a observación, a búsqueda de información e a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.

**VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**

-Construe un concepto de si mesmo baseado no respeto da dignidade e da igualdade das personas.

-Inicia o desenvolvemento da autonomía persoal para a toma de decisión tanto a nivel individual como en situación colaborativas.

-Realiza exposicións de traballo e tarefas utilizando tanto a liguaxe positiva verbal e non verbal, para entrenarse nas habilidades sociais de expresar opinións e contrastalas con ideas e opinión diferentes dos demáis membros de grupo.

-Aprende a comunicarse practicando a comprensión, a escoita activa e a empatía.

-Traballa a educación para a convivencia, fomentando que o alumnado tome conciencia da súa vinculación coa sociedade na que se desenvolve.

-Aprende a resolver conflitos dunha maneira solidaria, altruista e tolerante, desde o respeto e a participación activa no entorno no que se desenvolve.

-Recoñece e valorar a importancia dunhas normas de convivencia democráticas para desenvolverse en todos los ámbitos: escola, casa, sociedade…

-Identifica mediante supostos pacticos os prexuizos sexistas, de raza… para iniciarse nun sistema de valores baseado na igualdade entre as persoas.

## 13. TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

No curso de cuarto nivel de E. Primaria ao longo de cada unha das tres avaliacións desenvolveranse os seguintes contidos nas áreas de L. Galega, L. Castelá e Matemáticas:

- 1ª avaliación: unidades didácticas 1,2,3,4

- 2ª avaliación: unidades didácticas 5,6,7,8
- 3ª avaliación: unidades didácticas 9,10,11,12

En Ciencias Sociais e Ciencias Naturais abordaranse os seguintes contidos:

-1ª avaliación: unidades didácticas 1,2
- 2ª avaliación: unidades didácticas 3,4
- 3ª avaliación: unidades didácticas 5,6

En Plástica e valores cívicos e sociais levarase por proxectos e necesidades adptándoos sempre aos temas traballados noutras áreas de maneira interdisciplinar ao longo de todo o curso.

Arzúa, a 22 de setembro de 2021

Rosa María Cajade Rodríguez